

Lois Pérez Leira

■ RAMÓN SUÁREZ PICALLO ■
o primeiro deputado da emigración

Edita:



GRUPO *de* COMUNICACIÓN
DE GALICIA EN EL MUNDO. S.L.

Colección:

CRÓNICAS  *de* la EMIGRACIÓN

Edita: Grupo de Comunicación Galicia en el Mundo, S.L.

C/San Francisco, 57. 5º - 36202 Vigo (España)

E-mail: galimundo@galimundo.com

Maquetación: Graciela Alba Burgos

Traducción: Gael Dosantos Vaamonde

Colección: Crónicas de la Emigración

I.S.B.N.: 978-84-936759-0-5

Depósito legal: VG 1196-2008

Impreso en Obradoiro Gráfico, S.L.

Polígono Industrial do Rebullón, 52D

Mos-Pontevedra

*A Ramón Suárez Picallo a voz dos emigrantes e dos
dereitos nacionais de Galiza.*

*Á Federación de Sociedades Galegas por ser a entidade que
mantivo en toda a súa historia os valores patrióticos
de Galiza e do seu pobo.*

*A Moncho sobriño de Picallo que mantivo con moito agarimo
os recordos gardados de Ramón.*

A Manuel Mera que me alentou para que fixese este libro.

ÍNDICE

Emigración	9
A II República	45
Exilio	87
Datas cronológicas	141
Bibliografía	144

EMIGRACIÓN

Os primeiros anos

Ramón Suárez Picallo naceu en Veloí (Sada) o 4 de novembro de 1894. O seu lugar natal era daquela unha aldea que combinaba as labours rurais coas do mar. Os seus pais foron Eduardo Suárez Fernández, de profesión carreteiro, e Teresa Picallo Martínez.

A familia de Ramón, aínda que era humilde como a da maioría dos labregos galegos, non era pobre. Posuían varias leiras, unhas vacas, algúns porcos, galiñas e unha parella de bois que o pai empregaba para o carrexo e distribución do patexo.

Teresa Picallo, nai de Ramón, era unha muller de grande personalidade e intelixencia, malia ter poucos estudos. Na aldea chamábanlle "a escribana", segundo din, pola súa listura e capacidade, que abraíaba os seus veciños.

Teresa, "a escribana", tivo once fillos varóns e a derradeira, unha muller. A nai de Ramón tentou transmitirlles aos seus fillos toda a súa paixón por coñecer, por se instruír. Os irmáns Suárez Picallo aprenderon as primeiras letras co mestre Xosé Somoza e Eirís de Vilalba, quen destacou como gran pedagogo e galeguista.

Ramón comezou a traballar na terra aos sete anos, e aos catorce acompañaba a seu pai como mariñeiro. Ao chegar a porto Ramón tiña que saír a vender o peixe. Segundo comenta Neira Vilas, nos seus artigos de Memoria da Emigración, Picallo tiña como clienta do seu peixe fresco á gregxia escritora Emilia Pardo Bazán.



Un dos fundadores das Irmandades da Fala, Manuel Lugrís Freire - sadense como Ramón- adicoulle un artigo onde nos describe a súa Sada natal de primeiros de século:

"Na beira do mar, alí onde se xuntan as augas do Cantábrico coas do Atlántico, no curruncho máis defectuoso da ría amada por Brigo, hai unha vila ridente e branca adicada soamente ás tarefas da pesca.

Un longo areal en todo a fronte é o seu principal instrumento de vida. Nel tenden as redes para seren recompostas; varan as graciosas lanchas e as cucas e ben feitiñas minuetas; acenden lume para encascaren o velame das embarcacións; nunha verba, a ribeira é, ao mesmo tempo que un campo comunal de traballo, unha defensa contra das furias do mar, e sen ela non fora doada a vida das xentes da mariñeira vila".

A emigración

Por aqueles anos, ao comezo de século, Galiza vivía unha fonda crise económica que obrigaba a que os seus fillos tivesen que partir cara á emigración. Cuba, Arxentina, Brasil e Uruguai eran os destinos elixidos polos homes e mulleres que fuxían da fame.

O continente americano recibía centos de milleiros de galegos que chegaban aos seus portos co posto. Nalgúns casos con algunha carta de recomendación para algún veciño da aldea, por se chegaban a necesitar unha axuda.

Aos poucos, os irmáns Suárez Picallo foron tomando o camiño da diáspora. Ramón colleu tamén ese duro e ingrato camiño da emigración, e chegou a Bos Aires en 1912.

Anos despois lembrará nunha entrevista para a revista Alma Gallega de Madrid, realizada polo xornalista Rufino Franco Montero, algunhas anécdotas dos seus primeiros anos na Arxentina:

"Emigrei aos catorce anos só. Cheguei a Bos Aires sen saber a quen me dirixir. O único amigo –un compañeiro meu de pesca–, de quen levaba o seu enderezo marchara da cidade. Un coche levoume a unha hospedaxe de mala morte a pasar a noite. O ruído da gran urbe non me deixou durmir. Ao seguinte día merquei un xornal, lin os anuncios e botei a andar tras dun deles: pedían un rapaz galego acabado de chegar para a farmacia. Alí conseguín un emprego como peón gañando 15 pesos por mes. Alí traballei once meses ata que, cando xa gañaba 60 pesos, enfermei. Non me "prestaba" a farmacia. Funme. O Patrón –un italiano, que só quería empregados galegos– díxome que me recomendaría para calquera traballo. Ao mes empregáronme nunha oficina para escribir a máquina. Xamais tocara eu tal artefacto. Mais a



necesidade agudiza o enxeño. Despois fun cobrador dunha casa maiorista, cun grande salario. Novo, con cartos, con pouco traballo, sen unha man que me guiase, fixen unha vida pouco regular: deixei o emprego e comezou un 'via crucis'. Acabáronse os cartos e os amigos. Eu non nacín para esmolar; nin quixen nunca proteccións. Fun vender doces para un patrón borracho e analfabeto. Levaba na cabeza unha cesta que pesaba 60 quilos. Porta por porta nos arredores de Bos Aires, ofrecía a mercadoría: '¡Alfajores Cordobeses, mandioca y dulce de leche!...'. Gañaba 70 pesos mensuais. Ata que caín enfermo de tifo e outras complicacións. Estiven seis meses nun hospital-lazareto, de onde saían poucos. Había alí homes de todas as razas e entre eles, un galego, ao que lle cortaran as dúas pernas a causa dun estraño mal que contraerá no Brasil. Aquel home encariñouse comigo e definiu a vida do meu espírito. Era anarquista tolstoiano. Amosoume o amplo panorama das ideas sociais. Fun sempre un apaixonado pola lectura, xa desde neno. Toda a miña instrución oficial eran tres cursos de instrución nocturna. Eu fun o máis vello de once irmáns, e desde os sete anos tiven que traballar no mar e na terra. Non tiven nenez. O mestre daqueles tres cursos -don José Somoza Eiriz, de Chantada- tiña a facultade marabillosa de espertar a curiosidade dos nenos pola lectura. Aquela curiosidade acompañoume sempre. Saín do hospital e estiven un ano sen traballo, enfermo aínda. ¡Para que relatar as peripecias daquel ano tremendo! Non obstante, lémbroo con afecto...".

A incorporación á vida política e sindical

Bos Aires daquela era un fervedoiro político. Socialistas e anarquistas tentaban organizar a incipiente clase obreira arxentina, composta maioritariamente de estranxeiros. Os inmigrantes galegos e italianos formaron as primeiras sociedades de socorros mutuos que deron lugar posteriormente ao nacemento dos sindicatos de oficio.

Ramón acercouse ás actividades que organizaba o Partido Socialista Argentino que lideraba Juan B. Justo. Así relata o propio Picallo a súa incorporación á actividade política:

"Na Biblioteca Nacional de Bos Aires lin canto aquí había sobre cuestións sociais. Non perdín conferencia nin curso de extensión universitaria dos moitos que aquí se ditan gratuitamente. As miñas ideas clarificáronse e abracei con paixón o ideal socialista. Ingresei nas mocidades e na Universidade Popular 'Luz'. Aprendín francés, italiano e algo de inglés. Nun xornal xuvenil socialista -Adelante- escribín os meus primeiros artigos sobre cuestións sociais. Uns artigos moi malos. Falei nalgúns mítins e metéronme preso por "anarquista". Ingresei



despois no Trust de Tabacos, en publicidade, para redactar anuncios, e aquí cando ían aumentarme o salario por ascenderme a segundo xefe, despedíronme por faltar ao traballo o 1º de Maio. Outra vez sen traballo. E o que é peor, co meu nome incluído nunha 'lista negra de axitadores', o que equivalía a non poder traballar en ningún lado".

Incorporouse ao xornal da mocidade socialista Adelante, que estaba vencellado ao sector partidario das posicións do socialismo internacional que se adoptaran en Zimmerwald (Suíza) en 1915. O primeiro director foi Juan Ferlini e entre os colaboradores estaban Amadeo Zeme, Luís Sous, Jacobo Halperín, Juan Greco e Rodolfo Ghioldi. O nacemento de Adelante foi unha reacción contra a dirección do Partido Socialista, que propuña que o papel da mocidade socialista se debía concretar na práctica do deporte e a educación en xeral. Mentres que a corrente marxista revolucionaria reclamaba que se ocupase de difundir os principios internacionais do socialismo e propiciase a loita contra a guerra imperialista.

"Escribíñ o meu primeiro artigo en Adelante o 1 de maio de 1916 en referencia este a unha folga de frigoríficos. Asineino coas iniciais RSP. Seguíñ escribindo en xornais obreiros ata 1918, no que fun secretario rendado dos traballadores do porto e aquí fun nomeado director do xornal Libertad. O primeiro exemplar que lancei ao público foi un desastre, pois corríñ as grallas enriba do erro e o copista ao non ver nada nas marxés mandou todo á máquina tal cal estaba". (R.S.P. xornal Lugo, decembro de 1961).

O eixo da política internacional deste grupo consistía en caracterizar a guerra mundial como interimperialista, co que se distinguía da posición oficial do Partido Socialista, e particularmente da fracción parlamentaria que, partindo en 1914 dunha inicial posición pacifista e neutralista, tendía a posicións proanglófilas e pro-entente.

A crítica estendíana ao plano nacional. A dirección do partido é acusada de abandonar a loita de clases, en particular a loita sindical. Os socialistas críticos a dirección do PS que, polo seu parlamentarismo, deixou de aplicar as resolucións do V e VI Congreso dese partido, especialmente a resolución do V Congreso que sinalaba que:

"a propaganda diaria do Partido debe dirixirse preferencialmente no sentido de formar consciencia entre a masa traballadora, a cal ten como principal aspiración a transformación do réxime capitalista en réxime colectivista".

Fundación do Partido Comunista

Ramón Suárez Picallo tivo unha activa participación na vida sindical e política arxentina. Fundou con Victorio Codovilla o Comité de



Propaganda Gremial que funcionou entre 1915-1917. Este Comité, conformado por dirixentes socialistas da súa á esquerda, logrou nuclear ao seu redor varios milleiros de traballadores. No 1916 o número de folguistas ascendeu a 24.000. No 1917 a cifra xa foi de 136.000, e no 1919 de 309.000. No afortalamiento do movemento obreiro xogou un papel relevante o Comité de Propaganda Gremial, que funcionou case tres anos.

En 1917 a Revolución Rusa levouno a posicións máis radicais. Picallo pensaba que a revolución socialista na Arxentina era só cuestión de tempo. O seu entusiasmo polos bolxeviques aliñárase dentro do Partido Socialista, coa súa corrente de esquerda marxista, denominada "*internacionalistas*".

O 28 e 29 de abril de 1917 convocouse no Teatro Verdi o III Congreso Extraordinario do Partido Socialista.

Picallo seguiu con moito interese todos os debates deste congreso. Pola súa idade pertencía ás mocidades socialistas, polo que se tivo que contentar con seguir o congreso "desde a barra", en medio de bandeiras vermellas e de grandes retratos de Karl Marx. Durante as deliberacións, outro galego, o enxeñeiro vigués Ramón Rodríguez de Vicente, tivo unha destacada intervención contra a guerra. Rodríguez de Vicente foi considerado un dos máis grandes oradores daquela época, chegou a ser deputado polo Partido Socialista na Provincia de Bos Aires. Na súa interesante biografía salienta a súa participación desde a Arxentina na fundación das *Irmandades da Fala* e nas actividades patrióticas da *Casa de Galiza* de Bos Aires.

Neste congreso da Verdi triunfan as posicións internacionalistas (4.024 contra 3.564), mais a executiva non cumpre as resolucións. O sector de esquerda decidiu conformar un "Comité de Defensa das Resolucións do III Congreso Extraordinario", forman unha Cooperativa de Edicións, que pasa a editar *La Internacional*, así como a *Revista Socialista*. Os internacionalistas estaban dispostos a crear un novo partido socialista sobre bases marxistas. Co triunfo da Revolución Rusa acelérase este proceso. A finais de 1917 realizouse un chamamento a un congreso con todos os sectores disidentes do partido.

O 5 e 6 de xaneiro de 1918 no Salón "20 de Septiembre" reuníronse os sectores disidentes do Partido Socialista e fundouse o *Partido Socialista Internacional*. Picallo foi un dos seus fundadores xunto cos irmáns Ghioldi, Penelón, Victorio Codovilla e Luis Recabarren. En 1920 este partido, volverá a cambiar de nome para denominarse definitivamente *Partido Comunista Argentino*.

Entre as decisións máis importantes do novo partido foi a de se incorporar á FORA 9º Congreso (anarco-sindicalista).



A actividade principal de Picallo naqueles anos foi no movemento obreiro. O primeiro sindicato que fundou foi o de Empregados de Comercio, tendo o carné de afiliado número 7, mentres que Borlengui (histórico dirixente socialista, que anos máis tarde foi un dos fundadores do peronismo) tiña o número 10.

Picallo lembrará con estas palabras aquela etapa política:

"Como membro dun Comité de Propaganda Gremial, contribuíu á organización de 50 organizacións sindicais. A crise que a guerra produciu no socialismo e os fulgores da Revolución Rusa repercutiron na Argentina. A esquerda marxista e as mocidades iniciaron unha crítica fonda á obra dos dirixentes socialistas. Dunha escisión resultou a creación do Partido Comunista. Do comunismo retireime para reingresar ao socialismo cando o PC se escindiu en catro grupos".

A implantación da nova política económica na URSS e a aprobación pola Internacional Comunista da táctica da fronte única nos países capitalistas foron interpretados por un sector do recentemente creado Partido Comunista como un retroceso político. Este sector, denominados "frentistas", "verbalistas" ou "esquerdistas", que tiveron influencias anarcosindicalistas ou trotskistas, remataron perdendo a batalla ideolóxica e propuxeron recuperar o Partido Socialista para unha política de esquerdas. Estas circunstancias levaron a Picallo e á fracción disidente a reintegrarse ao Partido Socialista tempo despois.

Polo Partido Socialista Internacional foi candidato electoral en distintas eleccións. En 1918 foi candidato a concelleiro pola Capital Federal, e un ano despois a senador pola provincia de San Juan.

A Revolución Rusa terá para Picallo unha forte influencia ideolóxica que non só repercutiu na súa actividade

político-sindical, senón que foi decisiva no seu posterior pensamento nacionalista de esquerda.

"Iniciei a miña vida espiritual e política no movemento socialista e nos sindicatos obreiros dos oficios cos que na emigración tiven que gañar o pan nun país que é miradoiro e antena vibrátil de todas as inxedanzas políticas e sociais do mundo. Dividido aquel movemento ante os problemas da posguerra, especialmente a Revolución Rusa e a resurrección das pequenas nacionalidades oprimidas ou aletargadas, formei parte nas fileiras comunistas, corrente desprendida do vello tronco socialista, convencido de que remataba o ciclo histórico do capitalismo e da súa representación política, o estado imperialista. A revolución rusa primeiro facendo unha Federación de Repúblicas e despois unha Unión de Repúblicas reivindicaba os vellos pobos rusos afogados polo tsarismo". (Carta do 31 de agosto de 1933 a Santiago Casares Quiroga).



Incorporación á corrente sindicalista

Malia as súas posicións radicais, as divisións internas dentro do partido vano afastando da militancia comunista para se adicar de cheo á vida sindical e gañar a vida en distintos oficios.

"Despois do trust non tiven máis remedio que ir traballar a bordo. Entrei de lavacopas e cheguei a primeiro reposteiro, co alcume de "o reposteiro-poeta", polo feito de que tiña certo sentido estético para presentar as bandexas. Naveguei os ríos interiores e despois os mares do sur. Pronunciei discursos e organizei sindicatos en todos os portos do litoral arxentino. Presidín máis dun cento de asembleas de obreiros marítimos –assembleas que non baixaban de 5.000 homes e que tiñan que reunirse en grandes campos de fútbol–; fun Secretario do Primeiro Congreso Marítimo Arxentino e Conselleiro sindical privado do delegado obreiro arxentino ás Conferencias IX e X do Traballo de Xenebra. Fun membro do Consello Federal da Marítima e membro do Comité Central da Unión Sindical Arxentina. Como delegado destas institucións percorrín o amplo territorio arxentino, desde o Cabo de Virgenes ata o Chaco. En 1924 perdemos unha folga famosa que durou catro meses. Unha folga desatinada á que eu me opuxera nunha asemblea na que se me chamou de todo por parte dos anarcosindicalistas; producida a folga, e malia a miña discrepancia con ela, fun secretario do seu comité directo.

Outra vez á "lista negra". Outro ano sen traballo. Escribín un panfleto: "Cartas a un obreiro", e esgotei unha edición de 10.000 exemplares, e estreei Marola, un drama malo e truculento que Concepción Olona tivo no cartel cincuenta e sete noites no Teatro Maio de Bos Aires. Entón fíxenme xornalista, o oficio que sen vacilación tería elixido se algunha vez se dese a oportunidade de elixir oficio. Entrei en La Argentina para facer "Movimiento Obrero" e "Legislación Social", é dicir unha páxina ao meu cargo. De aí pasei a La República, onde me inicié facendo unha campaña famosa contra as axencias particulares de colocacións, logrando aos tres meses que aqueles antros de explotación de carne emigrante fosen agravados cunha patente de 10.000 pesos, obrigando ao seu peche. Logrado este propósito fun encargado da sección "Notas del día" do xornal. Fixen aí de todo. A información e o comentario diario de todos os sucesos acontecidos no mundo, dende a India, en revolta, ata as trasnadas do imperialismo ianqui en Nicaragua. ¡Con que emoción informei e comentei a caída de Primo de Rivera, os sucesos de Jaca e a proclamación da República española!"

Como relata o propio Picallo, de 1918 a 1922 traballou no xornal La Argentina, dirixido polo destacado xornalista David Saccone. Adicouse ás crónicas gremiais, mais en La Argentina fixo de todo,



desde a nova intranscendente ata o artigo de fondo e a crónica deportiva. A eficiencia de Picallo queda evidenciada nunha anécdota que sempre contaba o xornalista Luis Molinari:

"Nunha oportunidade unha gripe deixou á redacción de La Argentina sen a maioría do persoal. Entre o Director, o crítico de arte e Suárez Picallo "cociñaron" o xornal, como se adoitaba dicir na xiria xornalística. Sen material de arquivo, remando sobre os papeis e sen máquinas de escribir..."

Outra das anécdotas sobre o seu labor xornalístico cóntaa o propio Picallo nunha entrevista que lle realiza en 1931 o xornalista Ribas Montenegro para unha revista de Madrid:

"Verá vostede. En América o xornalista ten que ser eficiente; ten que escribir de todo. No xornal que lle dixen, La Argentina, tiñamos moi escasa información do estranxeiro. Un día un despacho de Londres anunciábanos que Mac Donald pronunciara un discurso con referencia a unha folga xeral. O director preguntoume se eu me comprometía a inventar o discurso de quen é hoxe "o primeiro inglés", e así o fixen. Cando os demais rotativos, como La Prensa e La Nación publicaron o discurso íntegro de Ramsay, non difería do meu máis que nalgúns matices de forma. O director regaloume douscentos pesos".

Neste xornal traballaban tamén os xornalistas Xerolme Yutronich e Lois Rey, e este último deixou dito del:

"Ramón Suárez Picallo era unha pólvora esquerdistista, o máis vello do grupo, e estaba a cargo da sección 'movimiento obrero'. Coa FORA como eixo, Rodolfo González Pacheco e Alberto Ghirardo desde as tenaces páxinas de La Protesta, na que tamén escribía eu, foron paladíns de altísima resonancia social. Picallo dábanos conferencias rimbombantes, axitando os brazos e poñendo acento patético ás súas firmes convicções esquerdistas..."

Na súa longa traxectoria xornalística, unha das campañas que máis o destacaron foi a que levou a cabo xunto ao xornalista Ghirardo, intercedendo ante o goberno español para liberar os obreiros italianos, que foran deportados polo goberno do Xeneral Justo, e que nas adegas dun barco eran transportados á Italia de Mussolini para confinálos na illa de Lipari. Outro dos xornais onde traballou foi La República.

Para Picallo a emigración galega xogou un papel moi destacado na conformación do movemento sindical arxentino e na constitución dos partidos obreiros. Como sinalará o propio Picallo nun dos seus discursos no Parlamento:

"A maioría dos nosos emigrantes, e isto enorgullécenos, xusto ao chegaren aquí enrólanse nas organizacións sindicais para defender os



seus intereses de clase e inmediatamente senten a necesidade de actuar politicamente nas fileiras do Partido Socialista ou doutros daquel país que existe para ingresar nel que os cidadáns se coloquen en condicións de emitir o seu sufraxio. Outros traballadores como os que actuaron no movemento obreiro de 1910 a 1918 nacionalizáronse porque corrían o perigo de seren deportados do país en virtude da aplicación das leis de excepción: a Lei de Residencia e a Lei de Orde Social -suprimidas no novo Código Penal-, que permitían poñer por unha orde puramente policial fóra do país en setenta e dúas horas a calquera estranxeiro que actuase no campo obreiro e que, a xuízo da policía, dirixise folgas ou organizase movementos sindicais".

Ao remate de xaneiro de 1924 Picallo foi un dos oradores centrais do funeral civil que se realizou en Bos Aires en honor a Lenin, finado en Rusia. Segundo conta o escritor Ricardo Palmás:

"...durante o solemne acto organizado polos sindicatos e partidos marxistas, Picallo dará un apaixonado discurso de loubanza do líder revolucionario falecido. En medio do discurso sentido e ante a suor que tiña pola emoción deste, nun momento mentres o estaban aplaudindo tentou secar a fronte e en vez de sacar un pano, sacou un calcetín do seu peto, e sen se dar conta secou a cara. O destacado dirixente socialista Alfredo Palacios que estaba ao seu lado díxolle: ¡sigue... sigue que así vas ben!".

En 1924 Suárez Picallo tivo unha salientábel participación sindical a través da Unión Sindical Argentina (USA), da cal foi directivo. O Primeiro de Maio dese ano a dirección sindical fai coincidir a data de loita dos traballadores coas demandas contra o cumprimento da Lei 11.289, que realizaba un desconto do 5% aos asalariados para os contributos xubilatorios. A USA mobilizou ese Primeiro de Maio de 1924 a máis de 40.000 afiliados, e un dos oradores principais dese día foi Ramón Suárez Picallo. Así dá conta do acto o dirixente sindical arentino Sebastián Marotta:

"Folga xeral contra a lei.- O 1º de Maio resultaba data propicia para iniciar a acción. Corenta mil traballadores agrupados en torno ás tribunas levantadas na praza San Martín pola Unión Obrera Local fan súa a seguinte resolución da USA:

Que en vista de que a Lei 11.289 non consulta os intereses dos obreiros, e o Poder Executivo non tivo en conta a vontade dos traballadores ao impor a súa aplicación, as organizacións obreiras deben facer efectiva o día 3 de maio a resolución de folga adoptada polo primeiro congreso da USA.

Declina no goberno as responsabilidades que xurdan desta actitude,



polo mesmo que os traballadores puxeron en xogo todos os recursos propios das súas institucións de clase para que os seus dereitos fosen recoñecidos sen apelar a medidas extremas.

Nas tribunas levantadas os oradores designados -Alejandro Protti, Ramón Suárez Picallo, José Montesano, José Maqueira, Francisco J. García, Fortunato Cavallo, Pedro Daverio e Emilio Mársico- exhortaron aos traballadores a secundar a acción da USA". (Marotta).

O 1º de Maio adquiría en todo o país especial significación. Ao seu carácter conmemorativo da histórica data, engadíase o de protesta mediante a folga xeral pola aplicación da lei.

As demandas contra a lei encontraron na mesma loita a Suárez Picallo e a outro galego oriúndo do Porriño, Francisco Pérez Leirós, quen, malia que o seu partido -o socialista- era contrario á folga, como máximo dirixente sindical socialista apoiou a convocatoria da USA. (Pérez Leirós chegou a ser Secretario Xeral da Confederación General de Trabajadores (CGT) ata a chegada do peronismo e tamén foi deputado nacional).

As disputas internas nas fileiras do comunismo van afastando a Suárez Picallo da política partidaria para adicarse de cheo ao traballo sindical e á súa nova profesión de xornalista.

Segundo conta José Grunfel, dirixente sindical anarcosindicalista que tivo amizade con Picallo, *"Nunha asemblea sindical despois de romper co Partido Comunista, por non coincidir coa súa táctica sectaria, un dos participantes do acto, mentres Picallo estaba a dar o seu discurso, berroulle dende a barra: '¡Picallo! Ti fúcheste pola dereita'. E Picallo cunha reacción rápida e humorística contestou: 'E ti menéasma pola esquerda'.*

Segundo o relato de Grunfel, o público interrompeu con grandes gargalladas e aplausos a saída graciosa de Ramón Suárez, como o coñecían na súa época de sindicalista. (A utilización do seu segundo apelido virá despois coa súa plena integración na política galega). José Grunfel, que coñeceu a Picallo na provincia de Santa Fe nun acto do Sindicato de Empregados de Comercio desta provincia, lembrará a Ramón como un dirixente carismático, cunha oratoria proletaria que penetraba na mente e nos corazóns dos traballadores.

No seu paso polo sindicalismo Picallo mantivo unha estreita relación con outros sindicalistas galegos como foron: Manuel Fandiño, máis coñecido como *"Silvetti"*, quen fora durante varios mandatos Secretario Xeral da Unión Sindical Argentina. Tamén tivo unha estreita relación con Montero, dirixente da folga da General Motors, quen estivo a piques de ser fusilado pola ditadura de Uriburu.



A Federación Obrera Marítima

A Federación Obrera Marítima foi a última entidade sindical onde participou Picallo. Esta contará desde a súa fundación cun número importante de galegos entre os seus afiliados e dirixentes. Á parte de Picallo, podemos nomear como afiliados a esta federación ao nacionalista Ramiro Illa Couto, fundador da Revista Terra, ou anos máis tarde ao comunista galego Servando Deira, directivo da Federación de Sociedades Galegas.

A Federación Obrera Marítima –que estaba dirixida polo "galego" Francisco Javier García–, ademais de ser a columna do movemento obreiro arxentino xunto cos ferroviarios, protagonizou xornadas de loistas memorábeis. O historiador arxentino, fillo de galegos, Óscar Troncoso narra esta etapa da FOM:

"En 1922 e 1923 a FOM bregou pola formación da Unión Nacional del Transporte cos ferroviarios, tranviarios, choferes e condutores de automóviles; axudou a saír das fronteiras nacionais a militantes perseguidos pola súa acción gremial e fixo ingresar no país, ás agachadas nas adegas dos navíos que controlaba, a activistas prófugos do estranxeiro; constituíuse un factor primordial nas campañas pro-liberación dos presos por cuestións sociais; a mediados de 1923 boicoteou á flota Barthe, coa solidariedade dos marítimos paraguaios e mantivo o control das rotas de navegación. No Congreso da Unión Sindical Argentina de abril de 1924 a representación dos marítimos destacou que os seus delegados non se caracterizaban por pronunciar discursos revolucionarios mais que realizaban obra efectiva agrupando aos obreiros do interior, procurando traballo aos inmigrantes... Ao mes seguinte a FOM adheriuse condicionalmente á folga xeral contra a Lei de xubilacións nº 11.289 que tivo consecuencias inesperadas para os marítimos. Os capitáns de ultramar crebaron os seus compromisos e aceptaron que os barcos navegasen con persoal adventicio, ou sexa, que non pertencían á FOM; enseguida contaron co apoio do Ministro de Mariña, a Prefectura Xeral Marítima, as compañías "Mihanovich Limitada", "Importadora y Exportadora de la Patagonia" e "M. Delfino y Cía".

"As fricións no pacto entre as organizacións de oficiais e tripulantes foron unha fernda que rompeu o poderoso sindicato marítimo, motivando o afastamento temporal de García... A FOM sufriu duras atadas do Prefecto Xeral de Portos, Ricardo Hermelo, quen con grande dinamismo foi reunindo no seu despacho aos delegados do Centro de Capitáns de Ultramar, do Centro de Maquinistas, da Sociedade de Capitáns, Prácticos, Baqueanos e Patróns de Cabotaxe, do Centro de Patróns do Porto da Capital e do Centro de Patróns de Lanchas, coa



finalidade de formar con todos eles unha organización que agrupase os membros da Mariña Mercante, que integraría xunto cos armadores un "grande comité" que decidiría sobre todas as cuestións que interesaban aos marítimos e que estaría presidido polo propio Prefecto Xeral de Portos".

Os marítimos e a propia USA lanzáronse a criticar a actitude divisionista de Hermelo, e este sen ningún tipo de pudor respondeu coa persecución e a cadea para os militantes marítimos. A finais de 1926 os caldeiros e calafateadores dos estaleiros navais declaráronse en folga e desencadeouse unha violenta represión contra eles. Durante o conflito estoupou unha bomba fronte ao domicilio de Hermelo e deseguida as autoridades clausuraron os locais da Federación Obrera Marítima e detiveron a preto dun cento de folguistas; despois de seis meses de penosa resistencia a folga foi levantada sen acadar os seus obxectivos. Porén, antes de que chegase a finalizar o ano desa derrota, os marítimos lograron reconstruír a súa organización nunha asemblea que se realizou no Teatro Verdi o 23 de novembro de 1927 e á que asistiron 3.000 traballadores. Durante a asemblea redactouse un extenso memorial para asesorar ao goberno con feitos concretos, o cal foi entregado ao presidente da nación por unha comitiva sindical. No documento denunciábase ao Prefecto Hermelo *"pola aberta protección ás institucións patronais formadas pola Compañía Mihanovich"*. Tempo despois o contraalmirante Hermelo renunciou ao seu cargo presionado polo goberno.

Neste marco de grandes conflitos sindicais –que nalgúns casos tiñan trazas de alzamentos populares– a Picallou tocoulle realizar a súa actividade sindical. Os máis importantes sen lugar a dúbidas foron o levantamento dos obreiros da Forestal no Chaco, onde Picallo e a FOM realizaron un enorme traballo de apoio dos traballadores rebeldes. Tamén participou a través do seu gremio nas folgas dos obreiros rurais da Patagonia, que foron dirixidas polo ferrolán Antonio Soto e que conclúen co fusilamento de 1.500 traballadores rurais.

Durante a súa etapa na Federación Marítima –como relata o propio Picallo– percorre os distintos portos do litoral arxentino e os grandes ríos interiores. Unha das anécdotas que sempre gostaba de contar referíase á súa viaxe como dirixente marítimo a unha provincia mesopotámica arxentina para instalar alí unha seccional do gremio. Fronte á soberbia e prepotencia do mandón político do momento, escribiu nun xornal do lugar a súa indignada protesta polo atropelo que se facía cos traballadores. Pouco despois tivo unha entrevista no local dos seus compañeiros con dous homes que tiñan a misión de retalo a duelo. Abraiado e pampo respondeulles que el non sabía deses mesteres mais que se o presunto ofendido o quería podía baterse a fungueirazos e sen



o aparato do mentado código de honra. Como se lle dixo que iso non era de cabaleiros, concluíu Suárez Picallo:

"Claro que non o son. Son un modesto traballador que aprendeu a loitar no campo das ideas e que non coñece outras armas que as que da unha modesta instrución e o constante bregar polas reivindicacións sociais".

A Federación de Sociedades Galegas, Agrarias e Culturais

Suárez Picallo nos anos vinte comeza a participar das actividades da Sociedade Unidos de Sada, onde se reunía cos seus veciños do lugar para lembrar historias en común. Nesta sociedade foi directivo en varias ocasións.

Pola noite, e xa cando rematara a actividade cos seus paisanos, adoitaba frecuentar a Avenida de Maio, a 'avenida dos galegos'. Esta famosa rúa era a predilecta dos intelectuais para organizaren as súas tertulias. Xustamente, nunha desas cafeterías, de nome "La Armonía" –na avenida de Maio 1.002 esquina B. de Irigoyen–, reuníanse xornalistas e escritores da máis variada procedencia. "La Armonía" lograra a súa fama por ter os mellores churros de Bos Aires. Pola noite a famosa churrería convertíase en restaurante e como prato especial servían cocido galego a partir das 12 da noite. A mocidade galega dábase cita para saborear o prato típico da terra e estar cos amigos. Era moi común entrar en "La Armonía" e escoitar un coro que cantaba:

*"Miña nai, miña naiçña,
Como a miña nai ningunha,
Que me quentou a cariña
Co calorciño da súa".*

O destacado xornalista galego José R. Lence, que frecuentaba estas tertulias, conta no seu libro de memorias: "...Por aquela casa pasou canto de notábel existía durante vinte anos na política, na arte e en todas as especulacións da intelixencia: foi amábel refuxio de cómicos arxentinos e españois despois da medianoite...".

Picallo ao pouco de frecuentar esta tertulia é presentado a un compatriota emigrante coma el, que non sería outro que Eduardo Blanco Amor. Aquel encontro marcará os dous amigos para sempre. Blanco Amor será o encargado de introducir a Picallo no mundo do nacionalismo e a emigración galega, sendo Picallo un factor moi importante nas posicións de esquerda de Blanco Amor.



En "La Armonía" comezou o seu primeiro contacto co mundo intelectual galego daquel tempo; alí coñeceu ao famoso xornalista José R. Lence, director do xornal *Correo de Galicia*, quen lle ofreceu facerse cargo da secretaría de redacción dese popular xornal. O propio Picallo coméntanos a súa etapa de ingreso na política galega desde a emigración:

"Fun ademais secretario de redacción do importante semanario Correo de Galicia, de Bos Aires, desde abril de 1926 ata o 16 de maio de 1931, data en que embarquei". "Paralelamente coa relación que lle relatei desenvolvín outra, igualmente intensa, con proxeccións sobre a terra patria de Galiza. En 1921 na colectividade galega de Bos Aires fan a súa aparición as doutrinas do nacionalismo galego. Prenden singularmente na xente nova, imbuidas das ideas democráticas e universalistas en voga, dotada da sensibilidade máis exquisita. Os libros en galego, os estudos do Seminario de Estudos Galegos, as publicacións Nós e A Nosa Terra, as críticas sobre os nosos valores artísticos e intelectuais, son o pan espiritual das tertulias que congregan a nosa xente moza. Fúndase con 45 Sociedades Comarcais a Federación de Sociedades Galegas, Agrarias e Culturais, cun programa republicano federal e socialista ao que engadía os postulados máis interesantes do nacionalismo galego partindo da autonomía integral da rexión. Actuou na entidade, concorreu aos seus Congressos, a todos, e nun extraordinario como vicepresidente. Lembro que ocupaba eu a presidencia cando os xornais da tarde daban a nova da morte de Pablo Iglesias. O Congreso suspendeu as súas tarefas, os delegados e a barra de pé gardando un minuto de silencio solemnísimos despois do cal pronunciei o discurso máis sentido, máis emocionado da miña vida sobre a vida e a obra daquel galego insigne, apóstolo e patriarca do socialismo español. Aquela entidade foi, durante todas as ditaduras, a única tribuna española de Sudamérica onde se expresou o forte "non contento" da España que morría e a esperanza dunha nova España. Os máis claros intelectuais de América, deportados das ditaduras, faláron desde ela. Organizáronse centos de mitins contra a ditadura e en solidariedade cos intelectuais deportados e encarcerados. Organizouse durante varios anos a "Semana Galega" en homenaxe a Pardo de Cela; durante cada unha delas pronunciáronse conferencias sobre arte, literatura, cuestións políticas e sociais, historia, xeografía e música galega. Estes actos mataron ante os ollos de América a lenda da inferioridade galega e o tópico do galeguismo da "morriña", a "terriña", a "gaitiña" e o "lacón con grelos".

O galeguismo adquiriu unha categoría de espírito respectábel por todos. A Federación editou El Despertar Gallego, órgano quincenal de batalla (hoxe semanario Galiza), que merecía a honra de ser queimado



en pira polos caciques rurais e polos 'paniaguados' da UP. Deste xornal fun secretario de redacción e colaborador asiduo"(Alma Gallega).

A Federación de Sociedades Galegas (FSGA e C) foi fundada en Bos Aires o 24 de setembro de 1921. Os seus impulsores máis sobresaíntes foron: Antón Alonso Ríos, Ánxel Martínez Castro e Bonifacio Botana. Desde o inicio desta Federación, Eduardo Blanco Amor xogou un papel preeminente nos seus distintos medios de expresión. É xustamente Blanco Amor quen incorporou a colaborar activamente a Suárez Picallo nesta histórica institución republicana e galeguista. No transcurso da primeira década da súa fundación a Federación tivo no seu seo dúas correntes ideolóxicas que se enfrontaron polo seu control. Por unha banda, os seguidores do pensamento socialista, os cales en coordinación co PSOE e co Partido Socialista Argentino, tentaron hexemonizar a institución. Pola outra, a corrente de Alonso Ríos, Blanco Amor e Picallo, que, aínda que eran de esquerda, representaban á corrente nacionalista.

O galeguista Xosé Abaira lembra o primeiro discurso de Picallo no seo da emigración galega:

"A vella Federación inauguraba o seu terceiro ou cuarto local. Eran os tempos que a vulgaridade adoita chamar "heroicos". Cada ano agrandaba as súas actividades e a casa facíase pequena.

Foi na rúa Bolívar 611. O inesquecibel Cao Turnes superando a precariedade económica organizou un belido acto cultural.

Daquela a Federación desenvolvíase ideoloxicamente no campo socialista con mestura anarcoide. Os socialistas acababan de obter un sonado triunfo en Bos Aires e asistían algúns deputados e tamén un señor, boa persoa e bo socialista, que era castelán. Falou e fixo o eloxio dos galegos. O castelán estaba abraiado de atopar galegos "listos" capaces de organizárense.

Tamén interveu Suárez Picallo –que eu saiba era a primeira intervención súa en asuntos nosos–. A súa 'sabencia' e ben dicir deixou abraididos aos socialistas e de mal humor ao castelán. Este adiviñaba o ton nacionalista nas verbas de Picallo, que recitou ademais versos de Cabanillas. A un castelán non se lle pode botar peor cousa que os versos de 'Meu Carriño'. Picallo foi a figura relevante do acto".

A Federación, un espazo de debate político

Entre as actividades máis valoradas desta Federación estaba ás vencelladas coa cultura. Os seus directivos pensaban que para liberar os homes da opresión había que os formar. Naquela época unha porcentaxe importante dos emigrantes que chegaban facíano con poucos estudos.



Por ese motivo a Federación comezou a dar clases de formación cultural entre os seus adherentes. Alonso Ríos impartía clases de matemáticas, primeiras letras e caligrafía. Os martes, Blanco Amor ensinaba galego. Os xoves, xeografía de Galiza por Liño Pérez. Os venres, Suárez Picallo impartía Historia de Galiza. E os sábados, taquigrafía e idiomas a profesora Kleiner. Segundo consta nos avisos da época as clases eran dadas desde as 20,30 ás 21,30 horas nos locais da Federación (Salta 1185).

O IV Congreso da Federación de Sociedades Galegas realizouse entre o 6 e o 15 de decembro de 1925, e nel déronse cita 200 delegados en representación de 33 Sociedades Federadas. Nel tiveron unha participación destacada Suárez Picallo e Blanco Amor. O primeiro representou á "Sociedad Nueva Era" de Vilanova e o segundo aos "fillos" de Sanxenxo. Neste Congreso ambos os amigos foron elexidos membros da Comisión Executiva.

O V Congreso da Federación, que se realizou en 1927, despraza a Blanco Amor da comisión executiva. A corrente socialista deu unha dura batalla neste congreso para se facer coa dirección política da FSGA e C. Xosé Abraira lembrará a intervención de Picallo neste Congreso:

"O V Congreso da Federación foi de grata lembranza. Nel encarouse por primeira vez a entidade cos problemas vivos de Galiza. Ata daquela, incluso estaba adherida á Unión General de Trabajadores. ¡Ouh inxenuidades das nosas xentes!.

Suárez Picallo leva a voz cantante en memorábeis debates que presidía o elegante Lourido. O seu discurso propoñendo que se establecesen relacións coas Irmandades da Fala de Galiza foi un dos máis brillantes alegatos patrióticos que se puideran facer no correr dos tempos.

Tres grandes intervencións tivo alí Suárez Picallo; a que deixamos dita, outra referente á morte de Pardo de Cela, que el chamou "a traxedia de Mondoñedo" e outra sobre Pablo Iglesias, falecido naqueles días. No Congreso tivo contrincantes; mais a súa verba arrebatadora e a xustiza que el defendeu sempre se impuxeron de xeito terminante".

Durante ese ano a Federación realizou a "Semana Gallega". Abraira nas súas memorias –en forma de artigos– seguirá a lembrar esta etapa:

"No Nadal de 1927 a Federación organizou outra "Semana Gallega". Entre os actos feitos, dous sobresaíron pola súa tenrura. No "Hogar Infantil", entidade animada polos socialista arxentinos, fomos repartir xoguetes aos nenos. Presidía a entidade o Doutor Spineto, brillante parlamentario. Recibíronnos moi ben: gran rebumbio, os nenos de punto en branco.



Falou Picallo con tal tenrura e emoción que o Doutor Spineto, mestre de oradores, deulle unha aperta. Os nenos encantados. Lémbrome dun que tiña o brazo dereito mancado e aplaudía batendo coa man esquerda na fronte. O acto ao que aludo foi no "Patronato Español". Dous nenos –un neno e unha nena– irmáns galegos estaban alí asilados. Non me lembro agora do drama do seu fogar. Alí unha virtuosa dama galega da Coruña, dirixente da entidade, interesábase por eles de xeito especial.

Non había o ledo balbordo nin o hálito de ledicia do "Hogar Infantil". As rípsidas monxas dirixían os nenos co entrecello. Por fin a dama coruñesa falou e invitou a parelliña de irmáns a bailar unha muiñeira, amenizada cun fonógrafo que ela fixera preparar especialmente. (Eu imaxino a loita que a boa señora da Coruña librara con aquelas monxas castelás para que bailasen no local do Padroado aqueles nenos e sobre todo unha danza galega). Falou (logo da señora, que recalcou a súa condición de galega) Suárez Picallo case exclusivamente para aqueles dous nenos galegos.

Cando nos fomos, as monxas tiveron que sacar os dous nenos de entre as mans de Picallo: abrazáronse a el e non o querían soltar.

A señora da Coruña choraba, soamente as monxas castelás seguían duras como a súa terra".

O 28 de febreiro de 1928 a directiva triunfante da Federación, despois dunha rifa entre os dous sectores, expulsou a Suárez Picallo e a Blanco Amor. Estes enfrontamentos políticos remataron en 1929 coa ruptura en dous da Federación, reunificándose tempo despois ante a proclamación da República.

A revista Céltiga

O 30 de setembro de 1924 saíu á rúa o primeiro número da revista Céltiga, impulsada por Domingo Rial Seijo, baixo a dirección colexiada de Ramón Suárez Picallo, Eduardo Blanco Amor e Eliseo Pulpeiro. A revista tiña unha distribución quincenal, converténdose nunha grande ponte política e cultural entre as dúas Galizas. Polas súas páxinas pasaron os máis egrexios intelectuais galegos daquela, como así tamén os artistas de sona como: Castelao, Maside, Cebreiro, Suárez Couto, entre outros.

"Fundamos a revista Céltiga con Rial Seijo, Blanco Amor, Pulpeiro Regueira, Zapata García e outros rapaces cheos de inquiredanzas. A revista, tamén de neto esquerdismo, propúñase divulgar en América o máis selecto da galeguidade renacente".



Suárez Picallo realizou nas páxinas de *Céltiga* un xornalismo político, moi comprometido co presente de Galiza, afondando na súa análise de esquerda e nacionalista da realidade galega.

Xosé Nuñez Búa, compañeiro de partido e exilio de Picallo, lembrará no seu libro *Revoeira* unha anécdota deste con Blanco Amor na redacción de *Céltiga*:

"Os seus redactores -referíndose a Céltiga- eran Eduardo Blanco Amor, Ramón Suárez Picallo e Eliseo Pulpeiro. Literariamente o máis dotado dos tres era Blanco Amor, quen emigrado aos dezaioito anos traía do seu Ourense natal as máis das inquedanzas insufladas por Risco, Lousada, Noguerol, Castelao... e o seu espírito ben abastado de lectura, a consuetudinaria inclinación dos veciños das Burgas ao lecer humorístico.

O seu, ás veces tomadas por diana de tiro os hiperbólicos ensoños e os desbordamentos oratorios nos que Picallo vertía as súas abundancias de redentorismo social. Un día, Eduardo puxo no escritorio de Picallo un cartelíño con este cuarteto:

*"Aquí de Suárez tonante
dió fin de la vida el curso
apúrate caminante
o te cargas un discurso".*

Suárez Picallo non era escritor en verso máis enxergou en pareado un epitafio que, pintado nunha táboa, pendurou na parede, detrás do lugar no que sentaba Eduardo:

*"Yace aquí Don Eduardo Blanco Amor
cualquier poeta enterrado fue mejor".*

No seo da redacción desta revista foise perfilando un grupo ideolóxico liderado por Picallo e Blanco Amor que eran denominados "*Os Céltigos*".

Este grupo galeguista marcou toda unha etapa do nacionalismo da diáspora; as súas distintas iniciativas culturais e patrióticas impulsaron unha activa política galeguista que tanto repercutía en América como na propia Galiza.

"Cando se escriba a historia do movemento galeguista na Arxentina -sinala Abraira- non se poderá prescindir de sinalar a tertulia do Café "Armonía" e ao grupo da revista Céltiga, que case viñan a ser o mesmo. Un e outra atopáronse sempre no soarego de entrada. Toda a magnífica eclosión posterior quizais teña rebasado aquilo nalgúns aspectos; todo aquilo foi e manterase sempre como un feito que brillará con fulgor propio; e aínda hoxe, de certo xeito, alimentámonos daqueles empurros.

Na tertulia do "Armonía", Suárez Picallo deleitaba coa súa verba elocuente aos contertulios, falando sobre dos máis diversos problemas e



tópicos de Galiza. Galiza non tiña segredos para el. O patriotismo acababa no seu dicir tal gracia e tal poder de convencemento que asistíamos nada máis para escoitalo... A tertulia integrábana elementos heteroxéneos: os uns, asiduos; os outros por veces; mais cando non estaban nin Picallo nin Blanco Amor, aquilo era unha especie de Torre de Babel.

Os temas eran variados, sempre verbo de Galiza –e duraban no tapete ata se esgotar–. Por veces, arrimábase algún "hespañita", así cualificaba o Regueira aos galegos centralistas; e non faltaban tamén españois que se metían e saían espantados.

Cando no ano 1936 se aprobou o Estatuto de Galiza, eu lembreime moito da tertulia do "Armonía". Por unha tempada discutíramos alí a utopía da organización de Galiza como nación libre. E a fe que os que interviñeron na discusión fixérono con verdadeira paixón, como se o porvir da Terra dependera de nós e das conclusións da tertulia. Suárez Picallo diríase que se ensaiaba para os seus labores parlamentarios e constituíntes e fornecía sempre as solucións coas que todos transixían, incluso os separatistas, como Nolla e Salleres. Lémbrome aínda da fórmula de Picallo para o primeiro artigo da Constitución Galega; pronunciada cun vozarrón de baixo e ton definitorio: "Galiza é un estado libre e independente, voluntariamente adherido á Confederación Ibérica".

¡As discusións que levaron a esta solución foron memorábeis! Por unha banda os separatistas, pola outra os autonomistas máis ou menos apaixonados, e en fronte os partidarios do "rexionalismo san e ben entendido"... Rematouse esta xuntanza da tertulia xa nos alboxados dun día domingo, despois soubemos que Regueira e Picallo cearan xuntos e que deles saíra a fórmula.

Hoxe, ollando e lembrando para eses vellos andares do noso movemento, para aquela brillante e sacrificada xeración do 36, a magnífica mocidade que a sucedeu, que nos permite augurar un grande porvir; aquela tertulia semella como unha especie de "Cidade do Sol" do galeguismo, e Suárez Picallo, o pai Campanella...".

Posteriormente Picallo e o seu grupo viuse obrigado a tomar distancia da revista debido á malversación de fondos realizados supostamente polo seu administrador. En 1932 sen Picallo nin Blanco Amor, a revista Céltiga deixa de aparecer despois de 182 números ininterrompidos de existencia galeguista.

O éxito de Marola

Como xa nos contara Suárez Picallo, o 18 de agosto de 1925 estreou a súa peza dramática Marola no Teatro Mayo de Bos Aires. A obra foi interpretada pola Compañía da prestixiosa actriz Concepción Olona, a



musicalización foi de Paz Hermo e tivo como asesor teatral a Eduardo Blanco Amor. Entre os actores máis sobranceiros estaban Antonio Casals (tío Calviño), José Miguel Rupert (Fandiño), Enriqueta García (tía María), Francisco Porta (Garrido), Jorge Mondragón (Julián) e Concepción Olona no papel estelar (Marola). A obra é de carácter patriótico, e tivo unha grande repercusión de público. *Mariola* foi representada durante 57 noites consecutivas. Malia a autocrítica que realizou o propio Picallo sobre *Marola*, a obra teatral tivo un forte impacto no público galego e arxentino.

A revista Céltiga comentou en distintos números os distintos acontecementos da posta en escena desta obra galega.

"Suárez pasou por toda a gama da acción, e hoxe acóllese nun remanso contemplativo para plasmar en Marola toda a vivida colleita de emocións que lle proporcionou o ambiente. Suárez coñece todos os matices da loita social: desde o artigo volandeiro, explosivo e fácil, escrito con sangue no ángulo selioso dun almacén de campo, ata o folleto expositivo, sosegado e estudioso. A súa tremorosa fraternidade con todo o que sofre fame e sede de xusticeira nivelación, levouno dende a ágora tribunicia, onde as verbas eran aves de paz perseguidas polo frechazo calofriante do máuser; ata a asfixia mental e fisiolóxica do cárcere, onde podrecen os visionarios, os nazarenos da nova Xudea hipócrita e aburguesada polo espantoso delito de alongar a súa intuición poderosa ata o futuro e regresar coa fronte iluminada por unha fulva coroa de porvir; que é a coroa dos mártires de hogano. Estas pupilas que tiveron a súa aprendizaxe de azul fronte ao mar, fronte ao ceo de Galiza, gardan a visión cárdena dos "masacres", as procesións dantescas das cordas de deportados; os altos muros xeados das prisións do sur, sobre os que asoman caravanas de espectros para botar cara ao sol anémico o seu corazón esterilizado...

Mais a través desta vibración convulsa e sanguenta conservou toda a súa tenrura de galego, toda a súa dozura de galego, todo o romanticismo da raza que protesta con bágoas cando os acentos virís teñen que se estrangular na gorxa e arder como un rescaldado de rancor; no espírito amordazado.

Marola é todo iso: idilio e traxedia; bico e abazada; mar calmo e incendio de ardentías que promoven clamoreos de multitude entre as asperezas da costa e brava; e despois un grande sol redentor que transfigura a Alborada nun himno no que cantan todas as liberdades.

Suárez é noso, Marola é nosa, porque nela se sintetiza todo o apertado feixe dos nosos anxeos e todo o credo que acende a nosa mocidade e polariza os nosos esforzos. O triunfo de Marola no teatro marcará a norma, a pauta e a profecía do noso triunfo na terra galega que será libre por todos os séculos dos séculos, Amén..."



Síntese argumental

Marola é unha comedia dramática narrada en dous actos, e está ambientada nunha escenografía mariñeira de comezos de século. Picallo, días antes da súa estrea, lerá para un grupo de amigos a síntese argumental da mesma: Marola -nome da famosa rocha que coa Torre de Hércules forman as dúas atalaias que gardan a entrada da Coruña- é unha moza que perdeu os seus bens nunha cacicada. Orfa, desamparada, desprezada polo prexuízo do ambiente, tivo que facerse "pesca" educada nun lugar case rico, dotada de exquisita sensibilidade; a súa dor trocouse en odio e en desexos de vinganza. No seu desamparo, un vello amigo, el, que se atopa en relación coas Sociedades Galegas que desde América traballaban pola liberación de Galiza, protexe a Marola e orienta a súa enerxía e o seu desexo de vinganza no sentido de facela unha fervente propagandista da súa causa.

Para encher unha delicada misión redentorista chega de América, Tono, amigo de infancia de Marola, a quen alá no camiño é en quen descobre un tesouro de enerxía, de enteireza e de bondade. Fanse aliados, á vez que os seus corazóns, latindo ao unísono, vanse abrindo, caladamente, a impulsos do amor.

Marola, mentres tanto segue obsesionada polo desexo de vinganza. A ocasión preséntase inesperadamente, pois Julián, o fillo do cacique, está a loitar coa morte na ría sorprendido por unha tormenta. Clama auxilio que só llo pode prestar Marola coa súa lancha. (Expectación). E cando todo fai supoñer que a negativa de Marola sería a realización da vinganza, lánzase coa súa barca ao mar e, expoñendo a súa propia vida, salva heroicamente a do home odiado sen que por iso deixe de inflamar o seu peito o lume da vinganza.

Tono despois de entusiasmarse pola coraxe e heroísmo de Marola, cre que a súa amiga segue amando a Julián. Este á súa vez recoñecendo canto vale a muller que covardemente abandonara, volve a ela arrepentido, mais Marola trátalo con fondo despreza, rexeitándoo. Julián, incomodado, fai saber a Marola que coñece os planos revolucionarios dos seus amigos e ameaza con delatalos. A misión de Tono debía rematar coa proxectada revolta, que estalaría ao sinal que el mesmo fixera desde un castro cun facho aceso. Mentres o tío Calviño e Tono falan do asunto, os veciños claman auxilio pois a casa do cacique está ardeno. Cando se preguntan quen sería o que quixo vingarse, Marola, que entra desgreñada e heroica, contesta: "Eu". Os labregos confundiron o incendio co sinal convido para iniciar a acción e responden lanzándose á revolta. A actitude da nosa actitude provoca como era de esperar o concerto doutra alianza entre Marola e Tono: a alianza do amor. E o tío Calviño... ¡encantado!".



A PRENSA DA ÉPOCA

La Prensa, de Bos Aires

"A compañía de Concepción Olona acaba de estrear unha obra de ambiente galego titulada Marola, orixinal de Ramón Suárez Picallo.

O público que enchía a Sala Mayo acolleu a estrea con grandes demostracións de aprobación, chamando a escena ao autor ao final de todos os actos e aplaudindo con entusiasmo aos principais intérpretes.

Marola, máis que unha obra teatral, é unha obra enchida de patriotismo fervor, que avoga pola liberación do pobo galego respecto ao caciquismo e os foros que retardan o seu progreso e prosperidade material. O autor válese para tales fins dun emigrante que retorna de América á súa aldea natal como emisario das sociedades galegas que aquí se esforzan por acadar aqueles propósitos. Esta figura adquire contornos apostólicos, animando aos seus paisanos á loita e estimulando as súas aspiracións. Xunto a el perfílase outra figura chea de interese: Marola, que simboliza ás mulleres galegas, tenras, amantes e fortes para a loita. Estas dúas personaxes, a través de toda a obra -que pola súa especial factura foxe a todas as clasificacións teatrais sen desmedro para o seu vigor e a súa emoción- son os voceiros das aspiracións do pobo galego e están animados dun espírito xuvenil e combativo que desde a súa aparición en escena conquistaron as simpatías do auditorio, máxime tendo en conta que este se atopaba formando na súa case totalidade por elementos da colonia galega aquí residente.

É evidente que Suárez Picallo valeuse da escena como sempre vehículo das súas ideas, sen ter moi en conta as leis que rexen aos traballos a ela destinados. Iso, con todo, e como dixemos, non resta a Marola nada da súa forza, antes ben procúraselle mediante ben encontrados motivos de evocación de ambiente, realizados polos cantos e músicas internas dunha realización notábel, e moi especialmente pola verdade que os actores Concepción Olona e Pedro Codina souberon infundir aos personaxes ao seu cargo.

O público tivo expresivas manifestacións de aprobación para o autor, e ao remate do espectáculo requiriu as súas palabras. Concepción Olona, así mesmo, tivo que falar para agradecer as entusiastas demostracións".

La Nación, de Bos Aires:

Marola, de D. Ramón Suárez Picallo. —O episodio central utilizado polo señor Suárez Picallo na exposición desta obra, estreada pola compañía de Concepción Olona no Teatro Mayo, traduce no seu desenvolvemento as desventuras que sobreviven á protagonista, dando o seu nome



que presta título á peza, e que ten como causa a actitude dun rico propietario, que é á vez alcalde e cacique do lugar, quen non só se opón ao enlace reparador que o seu único fillo e único herdeiro está disposto ofrecer a Marola, senón que fai a esta vítima da expoliación nos seus bens patrimoniais. Mais tan ruíns accións do cacique non han de quedar sen o condigno castigo, aplicado pola mesma Marola, que se ve apoiada nos seus desexos de vinganza por algúns partidarios que empregan as súas enerxías en combater o caciquismo político da rexión, entre os cales se conta un rapaz regresado de América, en quen Marola haberá de atopar ao remate da obra a rehabilitación da súa vida.

No desenvolvemento deste asunto, aínda que se perciben algunhas deficiencias que afectan á estrutura da obra no que se refire á disposición das súas figuras e ao seu movemento escénico, e que diminúen o efecto impresionante buscado coas escenas situacións de obxectivo dramático, o señor Suárez Picallo evidencia certas estimábeis calidades de escritor teatral, que se poden estimar sobre todo na fluidez e propiedade da linguaxe coa que está dialogada, así como na fidelidade e realismo que se reflicten na reprodución do ambiente, onde a acción transcorre, podendo citarse tamén a este respecto o deseño sobrio e exacto co que foron perfilados algunhas personaxes.

Os números musicais e cantos internos intercalados no transcurso da representación, pertencentes ao mestre Paz Hermo, cooperaron polo sabor rexional e típico que trasuntan, a acentuar que deixa no espectador o medio reproducido na obra, e que constitúe, sen dúbida a súa calidade máis encomiable.

A Señora Concepción Olona encarnou en forma correcta e apropiada, así no xesto como no acento rexional da expresión, a figura da protagonista, sendo secundada eficazmente polos actores Pedro Codina e Antonio Casals, que souberon transmitir expresivos relevos aos seus respectivos papeis".

A vida axitada e desordenada de Picallo, as súas dúas viaxes posteriores a Galiza e o posterior exilio conxugáronse para que a súa obra teatral Marola estea perdida, xa que non chegou a ser editada.

Nos anos vinte a colectividade galega viviu un momento de esplendor. Unha chea de actividades culturais e patrióticas desenvólveronse no seo desta numerosa colectividade. O escritor Bieito Cupeiro conta no seu libro A Galiza de alén mar algúns aspectos da vida cultural da emigración, onde Picallo como sempre tivo unha participación activa:

"A colectividade contou de contado co seu coro típico "Lembranzas da Terra", que logo se chamaría soamente "Ultreia". Un pouco adiante seguiu a creación doutros coros, "Lembranzas da Terra",



"Saudades", "Os Rumorosos..". Ao mesmo tempo da actividade coral, dábase un espetar teatral créandose conxuntos escénicos, algúns dentro dos mesmos coros, que eran contratados polas institucións para actuar nas súas taboas, pois estas adoitaban realizar festivais artístico-danzantes. A parte artística desenvolvíase das 21,30 ás 24,30 horas; nalgunhas o seu programa era enteiramente galego con pezas teatrais ou coa intervención dun coro; noutras, o programa viña ser por metades galego-arxentino, galego-español, ou números soltos de canto, recitado e bailes típicos, habendo institucións que tiñan conxunto teatral propio. Nalgúns destes festivais deuse en facer a súa apertura co Himno Galego, executado pola orquestra, e nunha das primeiras voces, fose por inconsciencia ou polo que fose, parte do público non se ergueu. E diante de tal actitude, Ramón Suárez Picallo que se achaba convidado para dicir unhas verbas circunstaciais, saíu adiante do escenario e espetou o seguinte dicir: "Pare, señor director, que as margaridas non naceron para os cochos", exhortou brevemente para que non se repetise tal falla de respecto a un símbolo patrio noso; e deseguida pediu que comezase de novo a orquestra, escoitando todos de pé e batendo palmas ao final".

Primeiro retorno a Europa

Suárez Picallo viaxou a Europa en maio de 1926 para participar do congreso anual da Organización Internacional do Traballo (OIT) que se realizou en Xenebra.

Desde o porto de Bos Aires partiu rumbo ao vello mundo no barco "Massilia". Durante a travesía comezou a escribir o seu interesante libro de viaxes que publicou en forma de artigos na revista Céltiga co título de "Fragmentos de mi diario".

No seu primeiro artigo xornalístico que titulou "De vuelta al hogar" adicoulle algúns parágrafos emotivos ao Bos Aires que viu forxarse na loita.

"Perdemos xa de vista a gran urbe porteña. Desa grande Bos Aires que hai quince anos recolleu amorosa os nosos soños de inmigrante; desa Bos Aires que foi testemuño das inquedanzas do noso espírito aventureiro, que nos brindou emocións de arte e de loita e a suprema emoción dos grandes amores dos 20 anos; desa Bos Aires só se percibe o reflexo que a iluminación proxecta nun firmamento oscuro, cuberto cos tons crepusculares dun día gris.

Mentres a proa do "Massilia", gallardo e veloz, corta as augas do Plata soberbio, o noso pensamento e o noso espírito están cravados neste fulgor rubio, cada vez máis esfumado. ¡Que de lembranzas pasan



pola nosa mente, ingratos moitos, gratos e ben queridos outros! Como ante unha pantalla de filme pasa un anaco ¡o máis fermoso! da nosa adolescencia e da nosa mocidade.

O reflexo perdeuse xa. Un fluído de estrañas emocións invádenos e fainos un nó na gorxa e coa alma feita saloucos, só atinamos a exclamar: ¡Adeus Bos Aires! ¡Que Deus te salve!"

Lisboa: ¡Terra irmá!

O 20 de maio de 1926 o "Massilia" entrará no porto de Lisboa. *"Non nos podemos resistir ao desexo de visitar a capital da nación irmá –síñala Picallo– malia o pouco tempo que dispoñemos. Na lancha que nos conduce a terra vén un home en quen adiviñamos un artista. Fíxase coa insistencia no escudo galego da nosa solapa e abórdanos:*

—*¿É galego o señor?*

—*Galego, contestamos con firmeza.*

—*¿E vostede, artista?*

—*Pintor. Presidente de Belas Artes de Portugal.*

—*Eu son de Céltiga, de Bos Aires.*

—*Unha aperta –dime– Coñézoa. Coñezo a páxina de "Letras Irmáns" que compila o noso irmán Noriega.*

Falamos de Junquillo, de Eca de Queirós, de Teixeira. Cando lle falo de Curros e de Rosalía, saca reverente o seu chambergo bohemio e as súas barbas patriarcais fan unha curva no seu peito ancho, en son de fonda reverencia... Ao nos despedir, apreixámonos como vellos amigos e pídemos que en nome dos artistas portugueses dea un saúdo aos galegos que bregan polo rexurdimento dos valores espirituais da raza..." (...) "...A grandes alancadas ollamos o máis típico de Lisboa. O mercado, o Rossio, o museo arqueolóxico, o gabinete de lecturas, etc. Son as 12 e a cidade está animadísima. A xente fala en alto pola rúa e o seu idioma doce, belísimo, agarima o noso oído como notas de música deliciosa. Na Praza de Don Pedro mercamos un ramo de rosas vermellas. Dirixímonos a un estudante. (Os estudantes en Lisboa son inconfundíbeis pola súa indumentaria. Todos usan capa negra, aberta, traxe negro e van de a caballo) e a treu preguntámoslle pola tumba de Guerra Junqueiro. Miranos, ve o escudo galego e as flores e comprén-deo todo. El mesmo chama un taxi que nos conduce aos Jerónimos.

É un monumento de estilo raro, chamado aquí "manuelino". Data do ano 1500 e é conmemorativo do descubrimento das Indias. Dentro dos seus muros están gardados os restos de todos os fillos ilustres de



Portugal, e entre eles, o inmenso cantor de Os simples, A Musa en Férias, A Velhice do Padre Eterno, etc.

Con unción case relixiosa chegamos ata o sarcófago que garda os seus restos gloriosos, en nome da mocidade galega. Polas horas de emoción que nos brindaron os seus versos, xa acesos de ira ante o infortunio da Patria, ou xa doces e sinxelos como a campiña lusitana, ante os limpos de corazón, cubrímoslos de flores e axeonllamos o corpo e o espírito, dicimos a oración da "Saudade". Bicamos fervorosamente a tumba sacratísima coa satisfacción dun deber cumprido.

Volvemos a bordo e antes de embarcarmos aínda repetimos unha vez máis o primeiro saúdo: ¡Terra Irmá!"

Conferencias da OIT en Xenebra

Picallo tomou rumbo a Xenebra. Aquí estiveron reunidos delegados de todo o mundo nas VIII e IX Conferencias da OIT. A delegación obreira arxentina estaba composta por dous delegados, ambos en representación dos marítimos. Ramón Suárez Picallo pola Federación Obrera Marítima e Alfredo Viola, que era o secretario do Centro de Capitanes de Ultramar. Por aqueles anos esta iniciativa da OIT era apoiada exclusivamente polas centrais sindicais socialistas ou as de orientación anarco-sindicalistas. Os partidos comunistas e as súas centrais obreiras durante varias décadas tentaron boicotar estas asembleas internacionais, nas que participaban gobernos, representantes das patronais e centrais de traballadores. Ramón Suárez Picallo daquela xa estaba fóra da influencia do partido comunista. Tanto el como un sector do recién nado partido afastáronse das posicións ultrasquerdistas da súa dirección para propoer unha fronte común cos socialistas.

Europa durante a década dos vinte vive unha etapa de grandes cambios políticos que marcaron a historia deste século. A recente Revolución rusa, a aparición do fascismo en Italia, os enfrontamentos entre os recién fundados partidos comunistas e os antigos partidos socialistas, eran motivos suficientes para que Picallo fixese esta viaxe coa ilusión de coñecer a fondo todo o que estaba a pasar no vello continente.

A delegación da Unión Sindical Argentina instalouse nun pequeno hotel ao pé do Lago Leman.

A Federación Obrera Marítima era por aqueles anos un dos sindicatos máis poderosos, xunto coa Federación Obrera Ferroviaria. Ambas as Federacións tiñan unha estrutura nacional que lles permitiu estruturar o movemento obreiro arxentino. Cando os gremios comezaron a se modernizar e a profesionalizarse, aparece a figura do secretario con soldo. Será Picallo o primeiro dirixente sindical que, co cargo de secretario con



soldo, comece a percibir un salario na Federación Obrera Marítima. Os anarquistas das primeiras décadas do século criticaban e atacaban de vez esta decisión como tendencia burocrática do sindicalismo.

Suárez Picallo e Alfredo Viola puxéronse de cheo nas tarefas da Asemblea da OIT, formaron parte das distintas comisións, plenos etc. Nos momentos libres aproveitaban os corredores ou os cafés para facer relacións con outras delegacións estranxeiras. O coñecemento da situación internacional e a historia serían para Picallo os seus temas preferidos e na OIT tiña a oportunidade de afondar neles. Nos intervalos das seccións ou nas fins de semana, Picallo xunto a outros delegados aproveitaron para coñecer Suíza, Italia, Francia e outros países limítrofes.

Florenxia e a Italia de Mussolini

Picallo quedou marabillado coa cidade de Florenxia, onde pasou uns días percorrendo cada recuncho desa incríbel cidade italiana. Transcorría o mes de xullo de 1926 e Picallo contarallos aos lectores de Céliuga algunhas das súas impresións de viaxeiro:

"¿Falar en detalle das marabillas artísticas de Florenxia? Imposíbel. Tarefa superior ás nosas forzas. Son tantas, tan extraordinarias que non só para nós, que só "sentimos" a arte, senón que aínda para os críticos que a "entenden" sería tarefa ben pesada. Levamos cinco días percorréndoa, visitando os seus museos gloriosos, os seus vellos pazos señoriais, as súas igrexas, onde a arte fixo prodixios, as súas loxias, as súas rúas do tempo de Carlo Magno, onde de cando en vez tropezamos con tabernáculos, o pobo devoto reza ante as "madonnas" belísimas, pintadas sobre as paredes por artistas descoñecidos uns e famosos outros, e apenas podemos repoñernos das emocións que unha tras outra abraían ao noso espírito".

Durante a súa viaxe turístico-cultural á cidade de Florenxia, Picallo non deixou de percibir o ambiente fascista da Italia de Mussolini. No mesmo artigo comenta:

"Noutra encrucillada hai unha porta aberta. No vestíbulo alumado un ruído estraño, un rapazote de rostro lobrosián, uniformado de "camisa negra", bota ao chan dun empurrón a unha muller, repintada e pouco vestida que intentaba detelo. Mentres o camisa negra segue pola rúa sen se inmutar, a muller inxúriao. '¡Cane maledetto! ¡Figlio di cane! ¡Cinque lire!'.

Só as voces destes moralmente mutilados perturban o silencio angustiado que reina no suburbio milenario, poñendo unha nota sombría na vella cidade medicea e lembrándonos a hora triste que vive a Italia de hoxe."



Polos Alpes franceses

Noutra das súas cortas escapadas percorreu con outros delegados os Alpes franceses, chegando a Chamonix o 13 de agosto de 1926. Picallo rematará os seus artigos de viaxeiro realizando unha semblanza desta cidade alpina:

"Vir a Xenebra e non chegar ata Chamonix para subir ao Monte Branco onde se atopa situado o famoso "Mar de Xeo", é pecado que non se perdoa ás persoas de bo gusto, posuidoras dunha sensibilidade apta para a contemplación das belezaas que brinda a natureza. (...) Extasiados na contemplación da soberana marabilla estivemos ata que unha campá nos anunciou a hora do regreso. Antes invitóusenos a asinar un libro de visitantes. É un libro voluminoso, do que revisamos as súas follas, unha por unha; hai sinaturas e pensamentos en todos os idiomas do mundo, menos en galego. Sentimos unha inmensa alegría ao pensar que seremos quen por primeira vez o escriba neste lugar. Escribimos: 'Benzoada sexa polos séculos dos séculos a Nai Natureza, creadora de tan grandes marabillas; e benzoada, tamén, a man do home -a forza da ciencia e da mecánica-, que a fai poñer ao alcance da nosa admiración!"

Picallo en Galiza

Entre os seus cometidos laborais e familiares, estará visitar Galiza, como correspondente da revista galeguista Céltiga, e contactar cos círculos políticos daquela. O 21 de agosto deu unha conferencia no Círculo de Artesáns da Coruña sobre o xurdimento do nacionalismo galego en América, sendo presentado por Antón Villar Ponte.

Nas súas palabras de presentación dixo Villar Ponte:

"O noso amigo trae saúde e permítese o luxo de ter ideas. ¡Que importa que non traia cartos! El sen cartos, sen leontina de ouro, sen anceios, colleita máis consideracións aquí e na América que os que fixeron cartos a custa da saúde do corpo e da alma nas terras do novo mundo; incluso que aqueles que veñen co corpo en automóbil e que se veñen con automóbil andan co espírito en carreta, merecendo o triste nome gogoliano de almas mortas que eu lles apliquei un día. Ramón Suárez Picallo é unha alma viva, un corazón aceso, un cerebro con fervenza de pensamentos. E como fala ben o castelán, non se avergoña de falar galego, non di que se lle esqueceu o galego. É e galego, galego enxebre por riba de todo na Arxentina e onde queira; galego dos que, por selo e saber selo, fan máis polo bo nome da terra que a maioría deses ricachóns chamados indianos en Galiza e "gallegos" en América que andan por aí adiante mostrando, onde non unha cómica fachenda, a



súa triste inutilidade case que constantemente. Eu en Ramón Suárez Picallo saúdo a un galego honrosamente representativo; coído o puro froito da raza, desta raza digna de máis sorte que ten todos os seus intereses esenciais no campo e na mariña; por algo é fillo dun fogar medio labrego e medio mariñeiro, onde a fouce e o remo puideran ser as armas do seu escudo de nobreza. Que a única nobreza é a do traballo e o sangue máis señorial é aquel que vén do pobo e nutre os cerebros e os corazóns dos que loitan, namorados da liberdade, pola elevación do pobo".

O día 22 deu unha conferencia na súa vila natal de Sada sobre a muller galega. Ese mesmo día "Cantigas da Terra" agasalouno cun concerto e un xantar onde participaron destacados intelectuais da época. O día 29 as Irmandades da Fala ofrecéronlle un xantar en San Pedro de Nós. Durante a súa estadía en Galiza, Picallo trabou unha fonda amizade política con Antón Vilar Ponte e Lugrís Freire, fundadores das Irmandades da Fala e posteriormente de ORGA. Durante esta primeira visita a Galiza Picallo coñeceu a Castelao, Ben-Cho-Shey e a Ramón Otero Pedrayo entre outros.

O fervor republicano e nacionalista que encontrou en Sada, onde o seu irmán Juan Antonio era un dos seus máximos animadores, alentarao ao seu retorno á Arxentina para se dedicar de cheo á política galega.

Despois de varios meses de percorrer algúns países europeos e a súa Galiza natal, Picallo retorna á Arxentina no vapor "Formosa" no que chega ao porto de Bos Aires o 22 de setembro.

Ao regresar da súa viaxe reincorpórase ás actividades da colectividade galega, Xosé Benito Abreira lembraba no xornal Orientación Gallega" algunhas das actividades de Picallo en 1926:

"A Federación organiza unha homenaxe a Rosalía. Foron varios os oradores empezando por don Xosé Lence. A sala do desaparecido Orfeón Español estaba afeitada de público; na súa maior parte rapaces galeguistas que a berro cheo fixéronlle falar galego ao mesmísimo Lence. Blanco Amor acababa de revelarse gran escritor e poeta. Leu un valente discurso. Ao final falou Picallo, ¡que brillante peza oratoria! A nosa Santa do Sar teríase conmovido daquela evocación sen par. Alí mesmo comezou Picallo a ser ídolo para os patriotas e tamén concetar a malquerencia dos centralistas. Tamén neste acto foi a figura sobresaliente".

Os "céltigos" en Montevideo

En 1928 a Federación de Sociedades Galegas viviu unha etapa de grandes enfrontamentos que rematou coa expulsión de Blanco Amor e Picallo. Ambos aproveitaron o afastamento temporal desta institución para viaxar ao Uruguai convidados polo Centro Galego dese país. Alí



o 27 de maio participaron do Terceiro Curso de Conferencias sobre Problemas Iberoamericanos. Blanco Amor disertou nesta oportunidade sobre a "Guía para un estudo integral do renacemento galego" e Suárez Picallo sobre "A emoción da paisaxe galega".

As conferencias organizadas polo Centro Galego motivaron que unha delegación de "céltigos" de Bos Aires acompañasen os conferencistas sinalados. Integraban a comitiva Rial Seijo, o poeta Antón Zapata e mais Manuel Oliveira. No peirao de Montevideo agardaban ao barco de "La Carrera" os destacados galeguistas Julio Sigüenza, Miguel Sánchez, Fernández Veiga, Damián Fernández, Arturo Carril, Camilo Bóveda e outros dirixentes do Centro Galego de Montevideo. Momentos despois o Presidente desta institución, Constantino Sánchez Mosquera, recibía oficialmente á representativa delegación de intelectuais nacionalistas.

Ás 9 da noite, media hora antes da anunciada ao inicio do acto, os salóns estaban ateigados dun público expectante e desexoso de escoitar a disertantes, que lles ían falar da súa patria. Despois da presentación do Doutor Sánchez Mosquera, sería Eduardo Blanco Amor quen ocupase a tribuna nun discurso de case unha hora longa. Blanco Amor pasou revista dun xeito amplo e erudito a toda a cultura galega desde os cancioneiros ata aquela hora augural do renacemento galeguista.

Seguíno Suárez Picallo, que examinou con gran amenidade a xeografía galega e a súa relación cos seus habitantes. Ao rematar as conferencias proxectáronse as 60 placas con belísimas paisaxes, escenas galegas e cidades que fixeron vivir en Galiza, unha hora que para os presentes foi como volver ao país.

No salón da presidencia obsequiouse á delegación e convidados especiais cun "champagne" que deu lugar a outra amábel tertulia na que, ademais de alalás cantados por Blanco Amor e versos recitados por Picallo, o poeta Antón Zapata recitou tres dos seus formidábeis poemas mariñeiros que foron emotivamente aplaudidos. A relación de Picallo co Centro Galego de Montevideo manterase posteriormente, a través das súas colaboracións xornalísticas na súa revista institucional.

En 1929 naceu a Agrupación Artística Céltiga formada por escritores galeguistas novos, entre eles Suárez Picallo, Eduardo Blanco Amor, Emilio Estévez, Paz Hermo, Rial Seijo, Enrique Doval e Eliseo Pulpeiro, sendo o director artístico Gumersindo Vázquez. A primeira obra teatral representada por este elenco foi *A fiesta valdeira* de Rafael Dieste.

Macià en Bos Aires

A visita de Francesc Macià a Bos Aires en 1928 creou un gran entusiasmo entre os nacionalistas galegos, que viron ao patriarca



catalán como a proxección do líder que necesitaba Galiza. E así o relata Picallo:

"Declinaba na España a ditadura. Entre os elementos determinantes da súa caída na orde espiritual, traballaba con forza invencibel Catalunya, a irmá benamada. Un home estraño, esguío, de faszúa quixotesca, dun quixote mediterráneo, encarnaba a Catalunya; un desterrado de ollos azuis, que fixeran a súa aprendizaxe de infinito no azul luminoso do mar clásico, levaba por Europa adiante o soño da liberdade da súa Terra na testa, alumado por unha estrela de cinco picos, tremelucido en cada man aberta. Era aquel home, pelegrín de todos os camiños do exilio, Francesc Macià".

"Na inxente Babel sureña que é Bos Aires latexan arelas de todas as patrias do mundo. Da Galiza a Irlanda, de Catalunya a Lituania. Teñen todas un altar nos núcleos dos seus fillos emigrados. Singularmente aquelas que viven opresas e sometidas a poderes alleos. O altar de Catalunya está sempre alumado e florecido por corazóns e mans devotas. Non soamente en Bos Aires senón que en todas as cidades da América do Sur onde haxa cataláns. Xente co espírito feito arco da vella a todo o longo do Atlántico, bebendo no fonte da Patria lonxana a auga vital. Por iso Francesc Macià, nas horas precursoras da República que eran precursoras tamén da Liberdade de Catalunya, veu a América a recoller folgos; como foran Valeras e Masarick, os seus irmáns en ideal e en loita.

O anuncio da chegada de Macià a Bos Aires puxo en movemento a todas as forzas reaccionarias da "indiada" de ra-ta-chin, encabezadas polo embaixador da monarquía, Ramiro de Maeztu, esa canota baleira e podre dunha árbore que nunca tivo seiva; e logrouse que a policía arxentina violando unha lei do país, metera a Macià e a Gassols, o seu compañeiro, no barco que o levara facéndoo voltar para atrás. Un avogado ilustre, hoxe senador socialista, Alfredo Palacios asumiu a defensa ante a suprema Corte de Xustiza con recurso de "hábeas corpus" e o outro Tribunal acordou que Macià voltase ao país para ser o seu hóspede de honor. Ao longo do incidente ruidoso no que saíu derrotada a España borbónica a figura do grande Patriarca agrandouse, deica axigantarse. Un novo episodio requentaba a súa historia de perseguido polos opresores da Patria.

A aparición de Macià ante os seus compatriotas emigrados foi un espectáculo marabilloso. O vello "Casal Catalá" da rúa dos Estados Unidos era un trozo de Catalunya en festa do Maio Florido. Flores de ceibo vermello das ribeiras do Uruguai; margaridas de Córdoba; alelís de Mendoza; flores collidas por mans catalanas, remitidas ao gran apóstolo; flores ben amadas de Catalunya que sabe trocar en loureiro



de bronce para coroar heroes. E bandeiras; bandeiras catalanas, bandeiras galegas, bandeiras vascas nunha festa policroma, onde cada cor era unha esperanza e unha profecía. E xente de todas as terras ibéricas cobizan apreixar a man alumeada, de alboreado luar. Os vitorios, os Himnos, as bandeiras as mans a baterse, falaron a linguaxe do porvir próximo denantes que o orador dixera o seu sermón de loita.

O discurso foi unha oración a Catalunya e unha proclama a loita; unha chamada ao traballo ledicioso pola patria, unha anunciación da grande vegada liberadora. Tanto coma os beizos falaban en Macià as mans de alboreado luar, trazando no aire parábolas suaves ou rudas de estraño sortilexio. Un camiño e unha meta abertos diante dos ollos alampados do auditorio devoto posto a caer de xeonllos. Todo o discurso eran catro verbas, "Catalunya. Liberdade. Democracia, Xustiza". Leit motiv, alma, corazón, fe. A verba eterna dun pobo que non se resigna a morrer e por iso vivirá sempre. Iso era a verba de Macià aquela noite memorábel. Camorera, director de Nació Catalana e militante socialista, presentounos como representantes dos núcleos galeguistas de Bos Aires. Poucas veces apreixamos man algunha con tanta unción, nin demos aperta máis forte. Falamos de Galiza. Macià tiña novas de Galiza a través dunha versión lírica, quizais en demasia literaria, e cría-grande lírico el- que na liberdade dos pobos opresores, o factor sentimento coa súa forza creadora sería decisivo. En Catalunya foi así, ¿seráo en Galiza? Posiblemente tamén" (A Nosa Terra).

Despedida de Blanco Amor

O 3 de outubro de 1928 embarcou para Galiza no vapor "Werra" o seu amigo Eduardo Blanco Amor. Picallo e o grupo de Céltega organizáronlle un banquete de despedida no que participaron distintas personalidades galegas e arxentinas, como así tamén directivos da Federación de Sociedades Galegas, Unión Provincial Orensana, Centro Provincial Lucense, Centro de Ribadeo, Sociedade Pondal, Correo de Galiza, etc. Foi Suárez Picallo o encargado de falar en nome de todos os presentes facendo unha reseña do agasallado como amigo, como intelectual e como galego, salientando a obra de Blanco Amor na tarefa de divulgar ante a intelectualidade arxentina os valores da Galiza renacentista, así como a simpatía que a súa obra conquistou entre a mocidade deste país, na que se sintetizou o porvir espiritual de América.

Blanco Amor non se quixo emocionar e agradeceu o agasallo en ton humorístico, dese humorismo ourensán que fai cóxegas sen picar, ata que ao final da perorata agradeceu o agasallo ofrecido a cambio del, o seu labor futuro, continuación do pasado.



Falou despois José Lence, director do Correo de Galiza por petición dos comensais, destacando o labor intelectual de Blanco Amor. O homenaxeado cerrou o banquete cun alalá que tanto gustaba de cantar en festas coma estas.

Bases para un Partido Galeguista

A visita a Galiza de Picallo, onde contactara con Vilar Ponte, e a recente xira de Macià por Bos Aires, alentárao para ir pensando en dar as bases para fundar un unificado Partido Galeguista. Aínda que se definía como unha persoa socialista, pensaba que o futuro partido tiña que conter ás distintas correntes ideolóxicas co obxectivo de conseguir a liberdade de Galiza.

A Federación de Sociedades Galegas, Agrarias e Culturais vía necesario potenciar a creación dun instrumento político de carácter republicano, de esquerdas e galeguista. En xuño de 1930 constitúese na Arxentina, nos salóns da FSGA e C, a Organización Republicana Galega Autónoma (ORGA) de Bos Aires, adherida á recén creada na Coruña. Entre os fundadores estaban: Antón Alonso Ríos, Eduardo Blanco Amor, Pedro Couceiro, Avelino Díaz e Emilio Pita, sendo elixido presidente Miguel C. Álvarez e como secretario figuraba José Gamallo. Ramón Suárez Picallo será o voceiro dese partido na emigración, participando na chea de actos e redactando numerosas proclamas. A Primeira Asemblea Constituínte resolve realizar un mitin onde serán convidados a falar o dirixente do Partido Socialista Argentino, Carlos Malagarriga e mais Suárez Picallo. Resolveu tamén a redacción dun manifesto que lle foi encargado a Picallo e a Alonso Ríos. E por último, permanecer na Frente Única Ibérica de Acción Republicana.

Picallo na súa carta a Casares Quiroga conta como foi a fundación de ORGA:

"España retrocedía cara a formas absolutistas, trincada por uns poderes que tiñan por puntais un militarismo soez, una Igrexa reaccionaria, un capitalismo semi-feudal e una monarquía que se disgregaba na súa propia corrupción. Ante este retroceso homes novos de tendencias diversas reunímonos para contribuir co noso esforzo para librar a España dos elementos que eran causa do seu retorno a formas políticas indignas da democracia e da civilización. E localizamos os nosos esforzos en Galiza, a Terra que nos dera o ser e que é para os galegos o punto de partida cara a todos os camiños. Dedicámonos a unir nunha entidade pangaleguista aos pequenos núcleos parroquiais e comarcais para que a súa acción no político transcendese da loita



contra o cacique local ao combate contra todo o caciquismo galego: para que as escolas laicas non fosen só fábrica de emigrantes senón que tamén laboratorio de cidadáns galegos, conscientes da súa raza, leais á súa terra e a aquelas características que nos dan a imponderábel categoría de ser diferentes, condición indispensable para ser existentes; para dignificar a condición da nosa media Galiza emigrada, indiana e disposta sempre a adular ao mandón, trocándoa nun foco de inquietudes e de fervores espirituais e democráticos. A Federación de Sociedades Galegas Agrarias e Culturais sintetizou no seu programa e na súa acción estes ensoños. Ela ademais foi a primeira asociación de emigrados galegos que estampou na súa declaración de propósitos a loita pola implantación da República Federal en España; tan amplamente federal que os seus Estados rexionais gozarían da máxima soberanía compatíbel coas bases da Federación de todos os pobos ibéricos. Creamos co noso pecunio e co noso traballo -roubado ao descanso que nos deixaban os nosos empregos- semanarios e revistas que foron tribuna libérrima dos que en Galiza amordazados pola ditadura non podían dicir o seu "non contento"; e que libraron a España e Galiza da vergoña que significaría, ante a libre América a unanimidade dos españois na súa adhesión ao dictador. O primeiro mitin en lingua castelá dado contra o ditador tivo lugar en Bos Aires a finais de 1923, organizado por nós, os vascos e os cataláns de esquerda, que eran os nacionalistas. Desde entón ata a proclamación da República, subiron de cen os actos públicos realizados aquí contra a ditadura e a monarquía. En todos eles participamos coa palabra e coa pluma, pois dábase o caso -esperanzador para nós- de que a vangarda republicana fosemos os galegos da Federación. Non se trataba, naturalmente, de apoiar a república pola República mesma, á maneira dos nosos "republicanazos históricos", senón da República como medio e como camiño polo que se habían de encausar para resolver todos os nosos problemas de orde espiritual, cultural, social e económica. Problemas básicos nos que ao estar irresolutos radican neles as causas do fondo drama galego, desde a emigración ata a tuberculose; desde o caciquismo ata a depauperación do noso campesiño. Problemas dos que a súa solución ten como indispensable e único punto de partida a autonomía rexional que permita abordalos de abaixo para arriba, desde a parroquia rural onde nacen seguindoos pola comarca xeográfica e económica ata a rexión onde deben quedar liquidados.

Durante todo aquel período ditatorial o panorama político do noso país era ben triste. Á parte do republicanismo histórico, dividido e encastelado en tópicos xacobinos, só os núcleos galeguistas -o da Coruña especialmente- traballaban en silencio na procura de fins culturais e tamén políticos. A eles vinculámonos desde a emigración. En



1926 con motivo da miña viaxe a Xenebra din en "Artesanos" unha conferencia en galego, durante a cal recordo que o delegado gubernativo estivo varias veces co brazo en alto en ademán de impedirme continuar. A vinculación fíxose entón definitiva.

Cando nos finais da ditadura apareceu a ORGA tivemos unha viva alegría ao constatar que ás súas fileiras se vincularan todos os galeguistas coruñeses. Soubemos da fundación de ORGA por eles e especialmente por Vilar Ponte con quen a nosa correspondencia era asidua. Despois con Gumersindo López Iglesias, delegado do seu comité, especialmente delegado por vostede, segundo nos explicou os seus propósitos. Ás 24 horas baixo a presidencia dese señor constituímos unha filial en Bos Aires, e son o socio nº 70. Reimprimimos o seu manifesto e distribuímolo entre todos os galegos residentes en Arxentina, Uruguai, Chile e Perú.

Presentiamos na ORGA o milagre redentor de Galiza. Viña a conxugar a idea republicana e democrática con esencia de galegitude que lle daban á loita política matices espirituais de grande valor e sobre todo orixinalidade. O noso pobo desde o ceo dos precursores viña acusando, especialmente nos núcleos intelectuais, un anxeio vivo de resurrección, de reencontrarse a si mesmo. Por outra parte, vinculado politicamente ao Estado español presentía que a república abría o camiño á súa esperanza. ORGA sinalaba con nitidez aquel camiño. Por iso a ORGA tivo no seu redor o maior caudal de simpatías populares que xamais tivera en Galiza ningunha organización política. E por iso nós, ao ser consultados, opinamos na VI Asemblea Nacionalista da Coruña, que o galeguismo debía de definirse en sentido republicano, ingresando na ORGA para fortificar máis aínda a súa tendencia galeguista. Foi adoptado o acordo en favor da forma republicana mais non no de ingresar na ORGA, o que nós os emigrados cualificamos de grave erro político. Os galeguistas coruñeses seguiron na ORGA e os de Bos Aires tamén. Quizais antes do tempo necesario para que a ORGA se trocase nun grande partido político popular, veu a república á que sumou a súa simpatía todo o galeguismo: inmediatamente Federación Republicana Gallega da que ORGA era a súa forza máis vital convocou unha asemblea na Coruña para estudar un proxecto de estatuto autonómico de Galiza tal como o fixera Catalunya en virtude do pactado en Donosti. A convocatoria estendiase a aqueles núcleos de emigrados que fixeran pública manifestación de autonomismo e republicanismo para que tivesen representación directa na asemblea onde se perfilaría a carta dos dereitos de Galiza dentro da República, que todos esperabamos habería ser federal, esperanza, como outras moitas defraudada máis tarde".



En 1930 Picallo estará dedicado de cheo á política, sobrevivindo malamente co xornalismo. As súas relacións con Rial Seijo, xerente de Céltiga, pasaban por un mal momento, polo cal o grupo nacionalista, onde estaba Blanco Amor, abandonará a revista. Esta situación de precariedade laboral levárao a aceptar a praza de bibliotecario do Clube Español, que desempeñou ata a súa ida a Galiza en 1931.



A II REPÚBLICA

A II República

A Federación de Sociedades Galegas, Agrarias e Culturais, en forma conxunta coa ORGA de Bos Aires, resolve enviar, como delegados á Asemblea Republicana da Coruña a Ramón Suárez Picallo, Antón Alonso Ríos, Julio Sigüenza e Eduardo Blanco Amor (quen non puido viaxar coa delegación por razóns laborais).

Ramón cumpría un dos seus soños máis apreciados, voltar á súa terra para loitar polos seus dereitos asoballados. A Federación non tiña os recursos necesarios para financiar unha delegación tan numerosa; Mentres que Picallo carecía dos cartos necesarios para pagar o custo do seu billete. Aquí aparece a figura patriótica e altruísta de Francisco Regueira, quen dos seus aforros sufraga os gastos de Picallo. O propio Ramón conta nas páxinas do xornal *El Pueblo Gallego*, na súa columna titulada "Crónica Aeropostal", do venres 22 de maio, o relato desta decisión política, de enviar unha delegación:

"A Federación de Sociedades Galegas Agrarias e Culturais de Bos Aires e a sección Arxentina da ORGA, dous brazos executores dun mesmo pensamento republicano e galeguista, sostido desde hai máis de dez anos acaban de adoptar un acordo do maior interese nesta hora excepcional da nosa historia. Resolveron enviar unha delegación a Galicia que, xuntamente cos homes e institucións da nosa terra, participe, co seu pensamento e coa súa acción, na obra de estruturación da Galicia nova, do que isto significa como vínculo espiritual e político entre Galicia e aos seus fillos emigrados e como novo aspecto do



patriotismo noso, non nos toca falar a nós que seríamos xuíz e parte xa que a idea é dende lonxe agarimada polo noso núcleo e esta habíase materializar en breve, aínda que o grato acontecemento da República non se tivese producido. En tal caso, entre os propósitos que a impulsaban, estaba, precisamente, o de traballar polo seu advenimento. Dous homes foron os seus paladíns teimosos; o doutor Constantino Sánchez Mosquera, en Montevideo, e Antón Alonso Ríos, en Bos Aires. A delegación leva puntos de vista concretos, sinalados polos seus mandantes e aos cales debe axustar a súa actuación en xeral. Velaquí os fundamentais: Participar activamente na campaña electoral para as Constituíntes ao obxecto de que todos os deputados galegos sosteñan alí, na gran oportunidade histórica: 1) Sostemento do réxime republicano federal no Estado español. 2) Autonomía integral de Galiza. Sera tamén tarefa da delegación, contribuir co seu esforzo cordial á constitución dunha gran entidade popular que polarice no seu seo todos os matices liberais e galeguistas da acción e do pensamento galego, aínda sen que eses matices perdan as súas particulares personalidades; que respaldaría a actuación dos nosos deputados na Asemblea Constituínte e estruturaría o novo Estado autonómico e orientaría os seus pasos iniciais. Tales son os propósitos desta embaixada. Uns propósitos claros, cuxo desinterese avala a calidade dos embaixadores. Son emigrados que, terminada a súa tarefa, voltarán á emigración, a reincorporarse aos seus respectivos traballos, sen aceptar máis premio que a inmensa satisfacción de ter contribuído á creación da Patria Nova".

Suárez Picallo partiu o 17 de maio, no barco "Alcántara", sendo despedido no porto por numerosos dirixentes da emigración galeguista, entre os que estaban Lino Pérez, Francisco Regueira, Cao Turnes, Avelino Díaz, Xosé B. Abreira, Lorenzo Rico entre outros. Como dixe-rá Picallo:

"As estrofas do Himno Galego encheron o gran peirao porteño como paxaros soltos, no mesmo sitio en que había vinte anos desembarcaba un neno galego cargado de sede infinita co alma inzada de ilusións e de medo. Dende o ollo de boi do meu camarote de terceira clase díxenlle adeus a un anaco da miña vida. Un anaco que mide vinte anos..."

Noutro artigo, realiza unha semblanza do seu compañeiro de delegación, Alonso Ríos, quen ao chegar a Galiza foi nomeado Presidente da Asemblea Republicana, que se realizou na Coruña.

"Antón Alonso Ríos, designado por fervorosa aclamación, está xa en viaxe no intre en que escribimos estas liñas. Chegará a Barcelona en "Conte Rosso" e de Barcelona cruzará territorio español rumbo a Galiza. Dúas palabras para este home excepcional para quen esta viaxe constitúe a realización dun soño.



Antón Alonso Ríos é de Silleda. Cronoloxicamente debe ter corenta e tantos anos. Espiritual, política e ideoloxicamente é sempre un rapaz. De aí veu feito mestre de escola. Aquí se fixo mestre e ditou cátedras. Actualmente é secretario xerente da Sociedade Científica Arxentina, unha das institucións culturais porteñas de máis prestixio e máis gloriosa tradición. Tipo purísimo de raza, fisicamente, no espiritual é dos que se dan enteiros a un ideal, a un afecto, a unha causa. Sen reservas de trastenda, os seus ollos azuis son sempre a fiestra da súa alma. Tal é o home. Velaquí agora o militante, con quen se axuda o mestre (con maiúscula). Alonso Ríos é por temperamento, por cultura e por señorío mental, un demócrata".

Deste emotivo xeito, Picallo presentaba ante a sociedade galega o emigrante que días despois chegaría a presidir a Asemblea Republicana ae Coruña, que como ben dixera Castelao "*Que naquel intre era a presidencia de Galiza*". Alonso Ríos e Suárez Picallo terán un papel moi salientábel durante a súa permanencia en Galiza. As súas fortes convicións patrióticas e de esquerda foron unha achega decisiva na construción do nacionalismo galego daqueles anos.

Asemblea Republicana

Suárez Picallo chega a Galiza o 4 de xuño, xusto para participar o día 5 da Asemblea Republicana, que ten lugar na Coruña. Alonso Ríos, mentres, aproveita a súa escala en Barcelona, para entrevistarse con Macià. De volta para Galiaa, fai escala en Madrid, onde ten un forte altercado con Casares Quiroga, a quen lle fai chegar as opinións da emigración, facendo fincapé nos dereitos nacionais de Galiza.

Entre tanto, na Coruña respirábase un ambiente de euforia republicana. O 5 de xuño de 1931, nos salóns do Teatro Principal, realizase a magna Asemblea Republicana, convocada pola Federación Republicana Galega. Organización esta que nucleaba a maioría dos partidos republicanos e galeguistas. No transcurso da asemblea, ambos delegados da emigración xogan un papel moi activo. Alonso Ríos é elixido presidente da dita asemblea e Suárez Picallo é proposto candidato a Deputado Constituínte. Así lembraba este, en carta a Casares Quiroga, a súa participación naquela histórica asemblea:

"Participei por tres veces naquela asemblea e na súa sesión de clausura vertín sobre o auditorio as esperanzas fervorosas dos emigrados na República e na Autonomía, ao tempo que tracei cal era a nosa visión do porvir de Galiza e do Estado. Ao rematar, un cabaleiro co que xamais cruzara unha palabra –o doutor Sal Lence– propuxo ao auditorio que se me postulase como candidato a deputado pola miña provincia natal.



O público apoiou fervorosamente a proposta e ao outro día, sen que eu falase unha soa palabra con ninguén sobre tal proposta, apareceu o meu nome na candidatura oficial da Federación Republicana Galega. A miña aceptación -conmovida e chea de gratitude- ía tácita na miña participación nos mitins electorais como tal candidato. Aquela campaña foi feita sobre un programa que se baseaba en estes dous principios programáticos da Federación Republicana Galega: República Federal de esquerdas e autonomía de Galiza, coa súa secuela de democracia popular de abaixo para arriba e de todo o índice dos nosos espirituais, políticos e económicos".

O escritor e xornalista Roberto Blanco Torres relatou este episodio para a prensa galega:

"Cando se celebrou na Coruña, a primeiros de xuño, a asemblea rexional para discutir o Estatuto galego, unha das voces que máis me impresionaron foi a dun emigrado que, de humilde instrución social, sen medios polo tanto para desenvolver a súa intelixencia e adquirir no limiar da adolescencia unha cultura, se abriu paso en América coas súas forzas propias e loitou pola redención dos oprimidos nos medios societarios, na tribuna e na prensa. Acababa de chegar a Galiza, dende Bos Aires e, doente, tomou parte nas deliberacións da asemblea. Nomeei a Suárez Picallo, elixido deputado pola Coruña. A súa intervención naquela reunión representaba a vontade -máis que a vontade o entusiasmo, o fervor, a paixón fervente- dun núcleo numeroso, e sobre todo selecto, de galegos expatriados. Pero tería sido unha intervención desmedrada se no lume da palabra non crepitasen as ideas como saltan nas ferrerías sobre a ingra as estrelas de luz que o martelo arrinca do aceiro. Palabra sobria, apertada, firme, recortada sobre unha idea para demostrar mellor as súas vértebras. O caudal precioso de imaxinación para darlle ás ao pensamento para facelo chegar ás almas cunha carga fecunda de emoción..."

Suárez Picallo sairá triunfante da Coruña. Alonso Ríos, pola contra, pagou caro o atrevemento de presionar a Casares Quiroga. Aquel altercado en Madrid terminaría por excluílo das listas electorais.

Picallo durante os días da campaña electoral percorre unha chega de vilas, aldeas e lugares da Coruña. O 28 de xuño Picallo recibe 55.054 votos, polo que sae elixido deputado pola súa provincia.

A noticia da elección como deputado foi recibida con moita euforia por parte da emigración galega, como así tamén na súa vila natal. As crónicas de Sada aparecidas en El Pueblo Gallego reflectirán esta paixón:

"Con gran entusiasmo celebrouse nesta vila as eleccións para deputados, resultando un triunfo rotundo da Federación Republicana



Galega, que foi votada polo 99 por 100 do censo. Isto dá unha idea da admirábel xornada do domingo en Sada, baluarte de cidadanía cívica nesta provincia. Tomaron parte moi activa no desenvolvemento destas varias comisións da ORGA, inspeccionando todos os colexios deste concello así como dos limítrofes, pois tratábase de defender de posibles argalladas a candidatura do fillo de Sada, Ramón Suárez Picallo. É grande a ledicia que existe pola proclamación como candidato de Suárez Picallo, o que estes días está sendo obxecto dun sen número de agasallos por parte dos seus paisanos".

O recén elixido deputado pola emigración gozaba nos ámbitos políticos galegos dun prestixio de home galeguista e de formación socialista. Tal é así que o propio Partido Socialista da Coruña o convidou a dar unha conferencia no seu local da rúa de Juan Flórez, onde Ramón disertou sobre "A acción socialista e os problemas da costa galega".

Despois das eleccións convócase a todos os deputados electos para ir deseñando unha política en común. O domingo 12 de xullo ás 12 da mañá, na sede da Reunión de Artesáns da Coruña, comezaron as deliberacións. O obxectivo era coñecer o criterio dos distintos representantes do noso país, con referencia ao problema autonómico. Á reunión, asistiron a maioría dos deputados, mentres que outros enviaron por carta a súa opinión.

Durante os discursos, o deputado pola emigración sinalou:

"Que por riba de toda diferenza ideolóxica, os deputados galegos, polo que respecta á autonomía rexional, deben actuar en bloque, provocando a descualificación dos que traizen a solicitada autonomía galega".

Alfonso R. Castelao, durante o acto, salientou a súa independencia fronte a todos os partidos, pois fora só elixido pola súa significación galeguista.

O presidente desta reunión non sería outro que Antonio Alonso Ríos, quen ao seu remate recibía un expresivo e terminante telegrama de Bos Aires, que dicía o seguinte:

"ORGA. Federación de Sociedades Galegas, Agrarias e Culturais e o xornal Galicia esixen patrioticamente aos deputados galegos que formen unha fronte única en defensa do Estatuto, proclamando traidores á nosa Terra a aqueles que nas Constituintes falten a este deber sagrado. Asina o telegrama. Regueira, presidente".

O grupo máis activo da Federación intuía que era necesario presionar os deputados máis vacilantes para lograr defender os dereitos nacionais de Galiza. Aquel enérxico comunicado do seu amigo Francisco Regueira era unha reiteración do apoio con que contaba Ramón entre os emigrados.



Aos poucos días, o luns 13 de xullo, partían a maioría dos deputados coruñeses rumbo a Madrid. Picallo, Beade, Cornide Quiroga, Tenreiro, Pita Romero e Vilar Ponte. Segundo relata *El Pueblo Gallego* do 14 de xullo:

"Á estación acudiron numerosísimas persoas a despedilos, acompañándoos algunhas ata Betanzos.

Sentíronse conversas de gran entusiasmo e animando os representantes a manter o programa autonómico.

Ao arrincar o tren escoitouse un estentóreo '¡Viva Galicia Ceibe!', que foi contestado unánimemente pola xente alí congregada".

Ao chegar a Madrid, Picallo ten que se enfrontarcoa primeira dificultade, que era nin máis nin menos que o cuestionamento da súa condición de cidadán español. Ramón alegou que era un obreiro manual e xustificou que traía a representación de millares de obreiros galegos da Arxentina.

"... Cando coidaba poder iniciar tranquilamente o meu labor parlamentar veu o da miña cidadanía, que me fixo vivir horas de angustia e de aplanamento, non tanto por min persoalmente como polos meus amigos de Partido que se crían enganados ao ter aceptado eu un cargo que non podería desempeñar. A prensa de aquí deulle ao asunto certo aire de aventura pola miña parte, o que me mortificou. Cando cesou a campaña de prensa, o asedio xornalístico e as preguntas de todas as partes, chegoulle ao Presidente da Cámara unha denuncia concreta. Chamoume e presenteille o meu pasaporte español e o meu pase á reserva da armada polo que se demostra que dez anos despois de ser ciudadano arxentino cumprín os meus deberes militares no Estado mediante o pagamento en metálico. Besteiro considerou que non había lugar a discusión e así llo expresou ao denunciante. Porén, o asunto pode ser formulado dun momento a outro, o que me alegrará pois darame a oportunidade de falar dos miles de españois que obtiveron cidadanía en Hispanoamérica. De todos os xeitos, o asunto será tratado no correspondente artigo constitucional..." (Carta a E.B.A., 24 de agosto de 1931).

Pasado o primeiro susto e gañada a primeira batalla, Picallo acreditábase por fin como deputado o 14 de xullo, xurando ante o parlamento o día 27 dese mes. Os primeiros días en Madrid son de adaptación a un medio descoñecido. Tiña que buscar un lugar onde vivir e atopa unha pensión barata na rúa Reyes fronte á Universidade.

Poucos días despois de asumir os seus escanos en Madrid, os deputados galeguistas viaxan a Vigo para participar do "Xantar da Barxa", acto patriótico que tiña como obxectivo celebrar o 25 de Xullo. A cerimonia



comezou cun mitin no Teatro García Barbón. O acto abriuse cun discurso de Vicente Risco, continuando no uso da palabra Alonso Ríos. Ao rematar este último orador, entran no escenario -acabados de chegar de Madrid-, os deputados Castelao e Picallo, acompañados polo candidato non electo, Valentín Paz Andrade. A presenza da delegación é acollida cunha ovación imponente. Restablecido o acto, fíxo uso da palabra Otero Pedrayo, posteriormente Castelao, e pechou o mitin Ramón Suárez Picallo. El Pueblo Gallego salienta nas súas páxinas o discurso do novo deputado:

"Ao rematar Castelao a súa oración, rompe a falar Suárez Picallo. Comeza o orador lembrando aos peregrinos que andan polas terras do mundo saídos de Galiza, a súa patria, que a ven na distancia como unha terra mística, cordial, amorosa e limpa de toda impureza. O Día de Galiza debe ser un exame do realizado e do que falta por facer.

Por facer falla todo ou case todo o noso pobo non tivo ata hoxe a sensación de ser máis que unha cousa sen alma. Vigo ten que enraizar na nosa vella cultura as formas da cultura moderna para constituír unha nación que non teña nada que envexar ás demais nacións europeas. Tiña posta moita confianza nas Constituíntes -di Picallo-, pero confeso que perdín moita parte dela, despois de estar alá". "Ainda persiste entre os deputados a ancestral idea do castigo, da doma de Galiza. Acabamos de presenciar como dereitas e esquerdas recorreron á anulación das actas dunha provincia galega, da provincia de Lugo, para disimular un escarmento que só tiña como fundamento o anoxo da Cámara polo ocorrido noutras provincias e non sancionado".

"Pero asegúrovos que a nosa palabra se oirá como deba oírse e, se non fose escoitada, nós volveremos entre vós para que Galiza conquiste polo seu propio esforzo o que non conquistase pola razón da nosa palabra" (Ovación).

Prosegue o orador en termos de gran elocuencia lembrando a campaña electoral, durante a cal puido decatarse de que o agro, a aldea, é propicio a toda obra renovadora e que só falta crear o órgano político que dirixa este labor.

"Imos formar un partido autonomista unido, compacto e preparado para encauzar a autonomía de Galiza cando nos sexa concedida".

Ao rematar o seu discurso Suárez Picallo foi despedido cunha ovación enxordecadora. Acabado o mitin, celébrase o "Xantar da Barxa", repetíndose a intervención dos deputados e o fervor patriótico. Picallo comezara o seu bautismo político cun "notábel". Os seus discursos e a súa oratoria principiaban a ser o comentario obrigado por parte da clase política daqueles tempos. Traía o estilo da oratoria arxentina. Discurso florido e emotivo.



Aos poucos días de chegar a Madrid contacta co Centro Galego, por onde case a diario pasa para falar cos seus paisanos. A fins de xullo dese ano, a colectividade galega residente nesta cidade, organiza unha homenaxe en honra dos catro deputados galeguistas recentemente elixidos.

"A 'Bombilla' –conta Valentín Paz Andrade– aínda era un pulmón de Madrid. O máis popular dos que tiña a capital dos Austrias. Serviu de escenario no día derradeiro de xullo de 1931 á primeira homenaxe tributada aos novos deputados galegos. Non a todos os que foron elixidos. Soamente aos catro declaradamente galeguistas: Antón Vilar Ponte e Ramón Suárez Picallo, pola Coruña; Ramón Otero Pedrayo, por Ourense; e Alfonso R. Castelao, por Pontevedra.

Os catros escollidos tomaron asento na cabeceira da táboa presidencial. Á súa beira, por un lado, Victoriano García Martí. Era o Presidente do Centro Galego de Madrid, organizador do acto. Á outra, Xabier Elola Diez-Varela, nomeado Fiscal Xeneral da República cando esta se proclamou.

Outras personalidades galegas estiveron presentes, ata un número aproximado de douscentos comensais. Moitos para un Madrid case devanceiro, polo desprazamento radial ás praias. Alguén se ergueu a ler unha longa ladaíña de adhesións.

Despois o faría García Martí para o ofrecemento do acto, trazando afervoadá louvanza dos homenaxeados. A seguir, o máis novo dos catro, Ramón Suárez Picallo, deu solta caudalosa á voz dos emigrados na Arxentina. Pola representación de que el fora investido, terían presenza directa no proceso da autonomía de Galiza. Faláron a seguir Antón Vilar Ponte e Alfonso Rodríguez Castelao".

A vida de Ramón en Madrid foi de moito traballo e de grandes penurias económicas. A súa condición de parlamentario non lle fixo cambiar a súa condición, humilde, que sempre o caracterizou. O correspondente en Madrid do xornal Galicia de Bos Aires, Benigno Sierra, realizou un comentario de como era a vida de Ramón durante o seu mandato como deputado:

"Suárez Picallo continúa sendo o mesmo. Eu asegúrolles aos lectores de Galicia que vive tan pobremente cos seus foros parlamentarios como cando desde o undécimo piso do edificio Barolo nutría as páxinas do Correo de Galicia. Alma de artista que non tivo tempo para adicarse por enteiro a revelar a súa personalidade; espírito emotivo, bohemio de corazón e transhumante por temperamento, non se amolda á farsa, ao prexuízo da sociedade en que ten que militar agora, e onde é necesario, para estar no cume de verdade, deixarse influenciar por esa "diferenza" que dan os privilexios que para iso adoitan valer



máis que o talento. Non naceu para iso. Eu sei que tiveron a intención de "enchufalo", que economicamente se el quere pode estar mellor; pero deixarían sen liberdade, farían do que están facendo con eses outros fillos espurios que votan en contra dos intereses de Galiza. Non. Nunca tivo bisagras no espiñazo este bo amigo, e prefire seguir facendo vida de pobre, cun só traxe, cun mal sombreiro e fumando o tabaco áspero dos obreiros".

As condicións difíciles polas que atravesou Picallo, tamén estaban dadas pola tirante relación que tiña co Partido que o levara nas súas listas, a ORGA. Malia iso, Picallo, que ao pouco tempo de ser nomeado deputado participa na fundación do Partido Galeguista, no parlamento seguirá durante un longo tempo dentro da bancada do partido de Casares Quiroga.

O xornalista Benigno Sierra di noutra parte do seu comentario sobre Picallo:

"A min díxome Fernández Mato nunha oportunidade que os dirixentes da ORGA estaban a cometer con Picallo unha verdadeira canallada ao descontarlle das dietas unha proporción esaxerada por gastos da elección. E en efecto. Eu sei que a el non lle preocupan estas cousas de mesquindade e de intereses, que ten o bo humor de pasalos por alto; pero a realidade é que para esa organización "casarista" lle cercean do seu soldo 250 pesetas ao mes.

Coa creación do Partido Galeguista tamén se botou o home, sen regateos, unha elevada cota para a súa organización. Co que lle resta, para gañalo en calquera outro mester, non fai falla ser deputado.

Saiban, entón, todos os nosos paisanos como vive aquí en Madrid un dos deputados que máis defenden os intereses de Galiza un deses homes que non se esquecen nIn renegan da súa condición humilde; que hoxe, coma antes, coma sempre, o supeditan todo a non defraudar as esperanzas dos quen lle encomendaron unha honorábel misión".

Picallo tivo no Parlamento un labor moi activo nos tres anos que durou o seu primeiro mandato. Na carta que lle enviou ao seu amigo Blanco Amor a Bos Aires, con data de setembro de 1931, Picallo relátalle algúns aspectos da súa vida como deputado:

"Nunca poderás figurar que xénero de vida levo eu e levamos todos. A República veu demasiado cedo para Galiza e toda a inxente tarefa que hai que realizar cae sobre os deputados, desde a organización da autonomía ata os preitos dos concellos. Os núcleos políticos están virtualmente disoltos esperando a clarificación do camiño coa aplicación da autonomía. Eu recibo diariamente 50 cartas que debo contestar. Cada unha supón unha xestión ou un prego. Formo parte da comisión de traballo da Ponencia encargada de aplicar a autonomía e



da comisión da reforma agraria. En Galiza iniciouse a campaña pro-Estatuto e todos lles piden aos deputados. Engadir a isto que que a maioría dos deputados non saben un pito de política e outros que non saben mais que atopar dificultades (...) Agora estou a preparar a miña intervención na discusión do título I da Constitución (Organización do Estado) e título II (Nacionalidade) (...) Engádelle a isto enquisas, notas, entrevistas, etc.', e figurarás que vida levo. En canto aos outros deputados e, en xeral, a toda Galiza que conta, cónstame que admiran fervorosamente o noso labor. Algúns exemplares de Galicia que chegan ás miñas mans (non os recibe ninguén aquí) son demorados e todo o mundo se marabilla da súa orientación superior a todo canto aquí se fai (...) Precisamente, aí che mando un feixe de traballos de deputados para ela. Seguireiche mandando máis. Paréceme interesante que os deputados de Galiza, por primeira, falen aos galegos emigrantes. ¿Que che parece? Outra cousa: Casares Quiroga e Calviño Domínguez acaban de dicirme que, como suprema homenaxe ao noso labor, irán a Bos Aires en breve para falar na nosa casa exclusivamente. Pero antes hai que construír Galiza, desde o primeiro ladrillo ata o teito. E non che falo do mundo de ambicións, de paixóns miúdas, de envexas feroces que hai que vencer. Fronte a isto, o labor dos emigrados, aínda dos peor orientados, é cousa de limpo santuario. A todo isto, diante de nós, un pobo xeneroso anxeante de cousas novas e de facer cousas. Asegúroche que me entran unhas ganas bárbaras de largarme de Madrid, de irme a Galiza e lanzarme por vilas e aldeas a vivir a súa vida e acender as súas iras para que acaben con todo..."

Na entrevista que o xornalista Ribas Montenegro lle fixo no Heraldo de Madrid, Suárez Picallo sinala:

"Ninguén ten dereito a falar de incapacidade política, por parte dos autonomistas, sendo Galiza, como é un viveiro de gobernantes. No noso partido hai homes especializados no estudio de todos os problemas políticos, sociais e culturais (...) A primeira etapa da revolución democrática en Galiza consiste en organizar cooperativamente a produción e o consumo sen suprimir o principio da propiedade privada; en industrializar mediante un plan combinado entre o Estado e as asociacións campesiñas e mariñeiras as materias primas da agricultura e a gandería, singularmente os produtos lácteos, unha das máis grandes posibilidades económicas da Galiza futura. Temos plans de repoboación forestal, base doutra futura gran industria; de aproveitamento de auga dos nosos ríos e fontes. Electrificaremos ata as aldeas máis remotas e levaremos os beneficios da hixiene á vivenda rural..."

Nesta análise programática Picallo esbozará a súa concepción marxista das etapas da revolución, explicando como sería esta primeira etapa, de



carácter democrático e agrario, onde todos os sectores galeguistas sen distincións ideolóxicas tiñan que xogar un papel na transformación da sociedade galega. A segunda etapa xa había ter carácter socialista.

O seu pensamento político por aqueles anos estaba forxado pola experiencia acumulada na política e o sindicalismo arxentino. O escritor Baldomero Cores Trasmonte, autor do libro Ramón Suárez Picallo, socialismo, galeguismo e acción de masas en Galicia, sintetiza o pensamento de Picallo:

"Con aquela excepcional ductilidade de gran político, sen perder nunca a honradez e a lealdade aos seus principios esenciais, Suárez Picallo soubo captar aqueles aspectos favorábeis ao socialismo galego preconizado polo anarquismo, sen entrar en consideracións nen enxuizamentos sobre aqueles que puideran ser adversos ou puideran ser obstáculo para o desenvolvemento dos seus ideais. Sen entrar agora en aclaracións sobre a súa propia personalidade, en busca da liberdade sen horizontes, había en Suárez Picallo unha forza especial para atraer cara ao seu campo ideolóxico aqueles aspectos de calquera ideoloxía que puidese enriquecer o seu galeguismo socialista. Dentro do anarquismo, sen dúbida, atopou un amor ao federalismo e un desexo de organización cooperativa da rexión galega. Sobre todo os federalistas pactistas, non meramente autonomistas, eran unha fonte de inspiración, para os seus ideais federais, os cales se apresurou a proclamar na súa coñecida Emenda ao artigo primeiro da Constitución da República que o pacto recollido polo Estatuto non era o pacto máis profundo e auténtico para a realidade galega, é cousa que anarquistas e Suárez Picallo comprendían claramente; para eles era só o punto de partida para o desenvolvemento autónomo da vida individual e da colectiva en Galiza..."

Anos máis tarde nunha conferencia sobre a segunda República dirá sobre o seu pensamento marxista:

"Nos estábamos no mundo. E cando se falaba de colectivismo, nós aprobábamos o colectivismo porque, incluso o dixo Federico Engels, foron os celtas os primeiros que implantaron no mundo. Pero o noso colectivismo conserváballe ao home a súa personalidade e a súa propiedade da terra. Este colectivismo ten en Galiza un camiño marabilloso, que é a cooperativa" (Conferencia sobre Segunda República 28/6/54).

No transcurso da Segunda República Picallo combinará na súa formación política, o galeguismo e o pensamento obreirista. En 1933, nun discurso no Parlamento dirá:

"En Galiza, tendo os medios de produción, tendo os seus instrumentos de traballo, esa cousa que o propio Marx afirmaba que a non



posesión deles pola maioría da sociedade era a base de todos os movementos revolucionarios, distribuída entre as nove décimas partes da súa poboación, enfrontábase a problemas de carácter revolucionario que nós queremos prever e queremos anunciar ao Goberno da República".

No primeiro mandato, como deputado constituínte, Picallo foi o parlamentario galeguista que máis intervencións realizou nas Cortes. Os seus discursos e a súa oratoria foi moi gabada polas distintas personalidades que conformaron estas primeiras Cortes. Unha daquelas figuras foi Don Miguel de Unamuno, que como bo filólogo non podía subtraerse ás esixencias ortodoxas da súa especialidade. E cando alguén nas Cortes pronunciaba unha palabra pouco castiza indignábase e protestaba. Suárez Picallo foi un dos deputados que torturaban de cando en vez ao ilustre rector da Universidade de Salamanca. Nos seus discursos apaixonados con voz potente utilizaba con frecuencia o vocábulo "rus". E este vocábulo non o toleraba Unamuno. Ao longo dun discurso Suárez Picallo empregouno varias veces. Segundo os testemuños, o efecto da primeira utilización do termo foi obrigalo a dar un salto no seu escano; o da segunda outro salto maior; e á terceira, non podendo resistir xa máis, ausentouse do salón de sesións. Antón Vilar Ponte é o que conta esta pasaxe anecdótica da vida de Picallo, engadindo:

"Ao desembocar –Unamuno– nos corredores con xesto de mal humor, o subsecretario de Facenda que puido advertir -e foi el quen me contou a anécdota- fíxolle a don Miguel unhas preguntas relacionadas coa súa actitude. E don Miguel entón, rebordante de furia filolóxica, díxolle a Vergara: É intolerábel ese Picallo; queda ahí no salón empregando unha vez tras outra a palabra 'rus', como se non existise a verdadeira palabra castelá. Eu non transixo con estes atentados ao noso idioma; a min sácame de quicio o que así se estrague o rico idioma de Castela".

"Eu lle contei a Suárez Picallo o caso, Suárez Picallo que non ten a obriga de ser xurista en cuestións idiomáticas, cría de boa fe que a palabra 'rus' era unha palabra castelá e eu críao tammén. Pero don Miguel veunos sacar do noso erro. A palabra 'rus' –latina de pura cepa– aínda que se emprega frecuentemente por moitos que escriben en castelán, resulta pouco castiza, malia o que ten de eufónica e expresiva.

Xa o saben, entón, os lectores e xa o sabe Suárez Picallo, a quen lle decía Luis Tapia, enteirado por min do asunto que un xeito eficaz de facer saír do salón de sesións a don Miguel de Unamuno cando se discuta algo que estea en contraposición co seu criterio, é a de que o noso paisano, facendo alarde da voz de trono que Deus lle deu, pronuncie a palabra "rus" que ao ilustre rector da Universidade de Salamanca lle produce o mesmo efecto que a un andaluz supersticioso a mención da bicha.



O cal proba que non hai grande home que non teña o seu lado fraco e o seu punto vulnerábel. O de Aquiles residía no calcaño. O de Unamuno xa sabedes onde".

Suárez Picallo, a pesar das súas moitas ocupacións, mantén un vínculo constante coa emigración galega, representada na Arxentina, pola Federación de Sociedades Galegas. En Bos Aires, os emigrantes seguían regularmente os acontecementos a través do xornal Galicia, baixo a tutela de Blanco Amor. A Sociedade Unión Estradense propónlle á FSG e AC que edite algúns dos discursos de Picallo no parlamento, defendendo a Galiza. Así foi como en maio de 1932 aparece un libro, de recompilación de discursos, con prólogo de Pedro Campos Couceiro. Na súa introdución, Couceiro sintetiza a opinión política do sector nacionalista, que vivía con moita expectativa todo o que estaba a pasar no estado español.

"...Entre os 47 deputados electos por Galiza, hai algúns bos, outros menos bos e outros moi malos, no que atinxe aos intereses de Galiza. Entre os moi bos cóntase co noso representante Suárez Picallo, que por primeira vez na historia parlamentaria española, fai oír a súa voz en enérxica defensa do noso país. Ten, é certo, a cooperación doutros bos galegos, como Vilar Ponte, Castelao, e outros varios que sen o ímpeto dinámico e fogoso do noso delegado, cooperan en beneficio da nosa economía, do noso progreso e as nosas liberdades.

É certo que a característica da deputación electa en Galiza, cambiou diametralmente da que antes era, nomeada no Ministerio da Gobernación, na súa maioría "cuneros", aínda tendo nacido en Galiza.

Aínda que, entre os actuais, tamén se atopa algún de orixe espúrea, algún monárquico "tapao", e os socialistas, que se interesan máis polas revoltas de Andalucía, os altos fornos de Biscaia, as minas de Riotinto, ou calquera outro negocio en calquera recanto da península, que polo progreso dos seus propios electores.

Estes, e todos cantos dan as costas ao pobo que os habilitou para ir ao Congreso, deberan aprender co noso representante, que sen renegar dos seus ideais socialistas, democráticos e liberais, é o gardán e defensor permanente dos intereses económicos e espirituais de Galiza, pagando así amplamente a gratitude ao pobo, que o favoreceu cos seus sufraxios..."

Fundación do Partido Galeguista

O 5 e 6 de decembro de 1931 participa da fundación do Partido Galeguista, obxectivo este que tiña en mestes desde a emigración. Durante o Congreso fundacional Picallo ten unha participación moi importante, sobre todo para defender as posicións colectivistas, en relación ao réxime



económico da pesca. O día 6 realizouse o banquete oficial do Congreso, onde Picallo será ovacionado nun dos seus mellores discursos. El Pueblo Gallego do día 8 de decembro relata o acontecido:

"Suárez Picallo impresiona aos concorrentes pola sinceridade das súas manifestacións políticas. Fala das súas convicións marxistas, compatíbeis coas reivindicacións autonomistas da súa terra, e dos anxeios que o trouxeron a ela, en representación dos emigrados, ao soar a hora en que Galiza debía conquistar os seus dereitos. Pon a súa acta á disposición do novo partido, a disciplina do cal acatará como soldado do ideal, e alenta a todos a que poñan o seu entusiasmo e a súa vontade na obra que comeza para lle dar á terra un instrumento político moderno e eficaz".

Picallo convértese axiña, xunto con Castelao, na imaxe pública deste partido, pasando a liderar dentro del a corrente da esquerda nacionalista.

O novo partido nace como fusión de varios grupos e partidos galeguistas de ámbitos locais, entre eles a Irmandade da Fala da Coruña, a Irmandade de Betanzos, o Partido Nacionalista Republicano de Ourense, a Irmandade Galeguista de Ourense, o Grupo Galeguista de Lugo, a Federación de Sociedades Galegas Agrarias e Culturais da Arxentina, a ORGA de Bos Aires, o Grupo Nacionalista de Santiago, a Esquerda Galeguista, o Grupo Nacionalista de Pontevedra, a Dereita Galeguista, o Comité Republicano Nacionalista de Esgos, o Comité Republicano Nacionalista de Cea, o C.R.N. de Xinzo de Limia, o C.R.N. de Viana do Bolo, o Grupo Autonomista de Arbo, o Grupo Galeguista do Barco, o G.G. de Bazón, G.G. de Tomiño, o Comité Nazonalista Republicano de Catoira, a Irmandade Galeguista de Vilagarcía, a Xuntanza Nacionalista da Estrada, o Grupo Autonomista Republicano do Grove, o G.A.R. das Galego da Cañiza, o Grupo Nacionalista de Viveiro, o Grupo Nacionalista de Noia, o Partido Galeguista de Pontevedra e Labor Galeguista de Pontevedra.

Ao rematar o Congreso reúnense os delegados nun banquete, onde falarán e brindarán polo éxito do novo partido: Castelao, Ramón Suárez Picallo, Lugrís Freire, Víctor Casas, Paz Andrade Alonso Ríos, Álvaro de las Casas e Otero Pedrayo.

Labor parlamentario

Picallo ten unha activa participación parlamentaria, sendo elixido membro da comisión de Traballo e Previsión. Entre as intervencións máis destacadas, podemos nomear: Repatriación de emigrantes españois Proxecto República Arxentina; Proxecto de Constitución; Situación angustiosa de emigrantes españois en América; Crise da



industria pesqueira de Galiza; Adaptación do seguro de maternidade á industria conserveira de Galiza; Construción de portos de refuxio pesqueiro en Galiza para atender o paro obreiro; reparación do camiño de Herbes a Fontán; Envío de embarcacións para destruír os golfiños que danan a pesca nas rías galegas; Modificación dos dereitos arancelarios que gravan a importación do maíz; Situación dos empregados da Banca en toda España, etc.

A pesar da intensa actividade que desprega no parlamento e na propia Galiza, Picallo tarda en adaptarse nesta nova etapa de retorno. O seu paso por Bos Aires, onde viviu os seus mellores anos mozos, marcarano para sempre. As súas amizades porteñas e o seu entrañábel afecto por Blanco Amor, farán que sinta profunda unha gran saudade. Nunha carta ao seu amigo Eduardo contaralle abertamente como vive afectivamente a súa estadia en Madrid:

"...Quero expresarche nestas liñas canto te lembro e como en cada un dos meus actos estás presente, especialmente aquí onde o culto á amizade non pasa do diálogo trivial e inútil no que o corazón non participa nunca e o cerebro moi poucas veces. A miña vida de relación divídese en dúas partes: unha de carácter político e outra de carácter cordial cuns rapaces arxentinos a través dos cales año a nosa tertulia marabillosa. O corazón está reservado en ambos os casos. O meu corazón está irremediabelmente aí (...) Polo demais Madrid non me interesa e sospeito que non chegará a interesarme nunca. e advírtoche que xa puido terme interesado. Pero Bos Aires, vello, Bos Aires é marabilloso.." (Carta a E.B.A., do 24.09.31).

En Madrid frecuenta a tertulia de galegos distinguidos que, case a cotío, se encontran café Granja El Henar ou no Café Regina. No primeiro, estará como un dos protagonistas da peña Laxeiro, quen estaba subsidiado pola Deputación da Provincia de Pontevedra na Escola de Belas Artes de San Fernando. Así lembraba o xenial pintor aquel ano de 1932 xunto a Picallo:

"Neste Café xuntabámonos todas as noites e faciamos unha peña de galegos ilustres: Castelao, Picallo, os irmás Vilar Ponte, os Dieste, Risco, Alonso Ríos, e os sábados moitas veces, o poeta García Lorca". (Laxeiro no libro Eduardo Blanco Amor dende Buenos Aires, Xosé Neira Vilas).

Picallo tiña os seus sentimentos divididos, unha parte da familia en Sada, varios irmáns e os seus mellores amigos en Bos Aires, e en Madrid, a soidade e a pelexa diaria, contra a incomprensión. Pola súa cabeza pasaban a cotío os rostros de Eduardo, de Regueira de Abaira e de tantos compañeiros de soños. Porén, nas Cortes todo eran cambadelas e desconsideracións. Canto estrañaba as tertulias de La Armonía.



Días despois do aninovo de 1932 escribelle una carta ao seu fiel amigo Blanco Amor, con ton humorístico, pero chea de crítica á hipocrisía da política:

"¡ Toma ! Para que te enteires de que non soamente ti eres fino e diplomático. En canto a papel é mellor o teu; pero en troques, o tipo de letra hai que ver este. ¡Tan feituco e tan claro! E ti que coidabas, filliño. Nisto de cumpridos, este Madri é único. Ata nos discursos parlamentarios resuma esa finura: 'mi ilustre amigo, el deputado; mi eminente amigo el ministro cual; mi admirado maestro (isto dinllo todos a Ortega e mais a Unamuno), etc'. E logo, na mesa do café, poñen verdes ao 'ilustre', ao 'eminente' e chámannelles camelos aos 'admirados'. En pleno dominio da farsa e da hipocrisía, España non ten remedio. A nosa franqueza, ruda e limpa, choca; eu non me afago; eu afogo (...)"

Ademais de frecuentar as tertulias da intelectualidade, achégase á colectividade galega residente na capital.O 11 de marzo de 1932 inaugúrase en Madrid o local do Centro Galego desta cidade, presidido polo poeta Ramón Cabanillas. Durante o acto son convidados a dirixir unhas palabras Otero Pedrayo e Ramón Suárez Picallo. Nos anos que Picallo foi deputado participou das actividades deste histórico centro, chegando a presidilo nunha oportunidade.

A súa permanencia en Madrid como deputado permitiulle participar da vida cultural e xornalística da vila do reino. É así como dará unha conferencia no prestixioso Ateneo de Madrid sobre "Trinta anos de historia política arxentina". Na mesma etapa publicou no famoso xornal diario El Sol, de Madrid, un ensaio breve sobre "política Arxentina".

Cando o mandato esta a piques de rematar Picallo volveralle a escribir a Blanco Amor solicitándolle que continúe co seu apoio político dende a dirección do xornal Galicia.

" (...) De política aquí imos tirando. Defendendo o pavillón. ¿Verdade que non son dos peores?. En canto aos mitins, maravillosos. Ovacións pechadas como en Lugo, Murgados e o Grove. Ou rechufas estrepitosas como en Betanzos, foco do caciquismo da miña terra mariñá. Nada de termos medios. A miña condición de "americano" que "chegou e encheu" frente a miles que querían 'encher' e a circunstancia de ser o deputado que ten máis intervencións sobre cousas galegas, engadido a que dos "chapuzóns" de aí chegou ata aquí algún barro, fanme o centro das máis feroces paixóns que se acentúan a medida que estas Cortes tenden á súa fin e se achega a posibilidade de novas eleccións. Por iso, insto ante as portas da amizade: Galicia faime falla. Para min non hai máis que dous camiños: a reelección ou a emigración, outra vez convertido nun 'ex'". (20 de maio de 1932).



Tamén lle escribe regularmente ao seu entrañábel amigo Francisco Regueira, quen foi o artífice principal de que Picallo puidese viaxar a Galiza. Nunha desas cartas datadas en marzo de 1932 contaralle:

"...Non che digo nada novo se che afirmo que cada día vivo máis convosco, ao lado voso, coas vosas ideas, e coas vosas orientacións; porque cada día me convenzo máis da súa eficacia. Por iso, a toda custa ese block pasará á historia de Galicia. E porque as túas cartas me son necesarias como o pan. Traen aires de fe e de optimismo, que serán a tónica da nosa política creadora. Creadora dun pobo, nada menos que dun pobo. E porque a nosa amizade, mái saló do ben e do mal e por riba de todas as pequenas cousas, é inmortal. Moitas cousas me dis, meu amigo, para contestalas así dun tirón. Veremos se contesto as máis importantes.

Pero, sobre todo, a gran obra de Galicia. Galicia é un verdadeiro milagre de gracia, de unidade espiritual, de orientación política e de xornalismo. E non o digo eu. Dino aquí todos, e dirano publicamente como verás Castelao, Otero, Vilar Ponte, Risco, Filgueira, todo canto é algo. A propósito, en ocasión do mitin de Santiago –como o de Lugo foron verdadeiros sucesos político–, estiven no Seminario. Alí falei de vós. Escoltóuseme con unción. Prométeseme enviarnos as publicacións todas. Xa me días se as recibistes. Aquilo é marabilloso. Un dato. Un rapaz de 18 anos está preparando unha obra con 1.000 debuxos sobre instrumentos de labranza en Galiza. E outro sobre artes de pescar, etc.

Vénnos detrás unha xeración excepcional, chea de fe, de fervor, e o que é máis, de desexos de lanzarse polo camiño da Terra a predicar a Boa Nova. O Noso Partido é un fervedoiro, un crisol marabilloso. De aí debe vir o estímulo, o acicate cada día máis eficaz..."

O xornal Galicia de Bos Aires

O xornal Galicia da Federación de Sociedades Galegas ten unha activa participación na vida política da nova república. A maxistral dirección de Eduardo Blanco Amor, a claridade política do seu equipo de redacción e o carácter reivindicativo patriótico da Federación, converterán a este órgano xornalístico nun dos baluartes máis claros das correntes da esquerda nacionalista. Por este motivo Picallo pedíralle a Blanco Amor de xeito case desesperado a súa axuda a través de Galicia. En distintas cartas ao seu amigo sintetizará todo o valor político deste xornal da emigración:

"... Galicia é hoxe o máis luminoso faro orientador dos camiños galegos..." (1931).

"...Galicia sae moi ben. Os teus editoriais magníficos e algúns proféticos. Canto te alegrarias ver o día que chega, Galicia, co seu título



grandote, aberta sobre máis de corenta escanos e pasan de man en man (...) Aquí Galicia é esperada coa emoción case da carta familiar. O acordo de Pontevedra de reconecelo órgano oficial, así como á Federación e ORGA, é cousa miña. ¿Que che parece? O noso campo é o Partido Galeguista..." (15.1.1932).

En pouco tempo Picallo logra converterse nun dos deputados máis populares e queridos do grupo galeguista. Naqueles meses de labor parlamentario estreita profundamente a súa relación política e afectiva con Castelao. O 12 de Xuño de 1932 participa da homenaxe que se lle brinda ao grande artista de Rianxo na cidade de Lugo. Os actos comezaron pouco despois das doce, no salón magno da Deputación Provincial. Foi aquel o escenario da entrega dun álbum de arte, asinado por todos os presentes, que Castelao agradeceu mediante un breve discurso. Posteriormente os convidados trasladáronse ao Hotel Méndez Nuñez, onde máis de trescentas persoas se deron cita no xantar popular, onde falarían Cobreros de la Barrera, alcalde de Lugo, e a seguir Cadarso, Otero Pedrayo, Suárez Picallo, Antón Vilar Ponte, Valentín Paz Andrade e, como peche, o homenaxeado Castelao.

Bienio Negro

En 1933 disólvense as Cortes e convócanse as novas eleccións. O chamamento activo, por parte da CNT, para que os traballadores se absteñan de votar, prexudicará a toda a esquerda, posibilitando o triunfo dos sectores reaccionarios. Por este motivo, o dito período coñecerase polo nome do "bienio negro". Suárez Picallo, a pesar do retroceso electoral, obterá 78.000 votos, os cales non lle alcanzan para ser electo deputado.

Esta nova circunstancia foi aproveitada por Picallo para rematar o bacharelato, no Instituto de Segunda Ensinanza de Lugo. Segundo comenta no xornal Galicia Benigno C. Sierra, Ramón púidose presentar aos exames gracias a que un grupo de simpatizantes galeguistas se ofreceron para custear as matriculas e os gastos para obter o título de bacharelato.

A presenza de Picallo en Lugo xerou unha simpatía xeneralizada cara á súa persoa. O ex deputado gozaba dunha gran fama como orador. A súa cultura desbordante potenciou tertulias moi animadas nos cafés da cidade das murallas. Polo serán eran frecuentes os encontros con Ánxel Fole e Martínez López. Outros dos mozos que se achegaban para escoitar extasiados o dirixente do Partido Galeguista eran os novos Ramón Piñeiro e Lorenzo Varela.

Segundo contan algúns que o coñeceron de preto, Picallo no tempo que residiu en Lugo comezou a facerlle as beiras a unha moza do lugar.



El propio Picallo conta esta faceta da súa vida nunha entrevista que lle realizan os seus propios alumnos de xornalismo, xa nos últimos anos da súa vida:

"—Son solteiro... ¡porque non tiven tempo de casarme! Porén eu tiña que ter casado na Catedral de Lugo o 4 de outubro de 1936 pero a guerra civil estourou o 17 de xullo de 1936. A miña moza quedou en Galiza baixo o réxime de Franco e eu seguín o completo da guerra civil na zona da república..."

Xosé Nuñez Búa lembraba sempre con moita simpatía unha anécdota sobre esta etapa de Picallo estudante:

"Houbera daquela unha xuntanza do Partido Galeguista en Compostela. Pola noite facíase tertulia no 'Derby' á que asistían a maioría dos "bos e xenerosos". Por entón andaba o Suárez Picallo, xa deputado, enleado no choio de se facer bacharel. Castela, que picaba nel para que se abaixase aos libros de texto, quixo decatarse de como andaba en matemáticas:

—¿Ti sabes canto valen ós ángulos dun triángulo?

—Asegún —respostou moi foncho Picallo—. Hai que ter en conta...

—Mira, Picalliño, o que hai que ter en conta é poñerse a estudar... As argumentacións dialécticas déixalas para o Congreso... En Matemáticas, 180 grados son 180 grados, nin un máis nin un menos... ¡Colle o libro!

—Se os libros estivesen imprentados en forma de periódico, este levaba sobresaliente en todas -dixo o catredrático noviño do trinque Ramón Martínez López, aludindo á paixón do Picallo por ler xornais e revistas.

En vésperas de se examinar por libre no Instituto de Lugo, púxose a "chapar" matemáticas tan afincadamente que nin tan sequera ía ao café nin lía os xornais.

Unha noite estaba a resolver ecuacións e acabóuselle o papel. Baixou á conserxería do hotel —a fonda da Xenerosa— e púxose a facer os exercicios na lousa onde estaban anotadas ás que había que esperar aos que tiñan que viaxar no primeiro tren. Cando chegou o encargado de tal mester atopou a lousa chea de letras e signos... Nin que dicir ten que os viaxeiros hóspedes da Xenerosa perderon o tren".

Ao rematar os seus estudos en Lugo, comezou a carreira de dereito na Universidade de Santiago de Compostela.

Naquel ano, Picallo viviu momentos moi importantes da súa vida, en marzo chegou o seu gran amigo Eduardo Blanco Amor, quen viña como corresponsal do xornal La Nación. Aos poucos meses morre a nai



de Eduardo e Picallo ofrécelle a súa casa de Sada, para recomponse daqueles momentos tan difíciles. A súa estada na casa de Picallo será evocada posteriormente con gran agarimo por ambos os amigos. Xuntos estiveron un mes falando e camiñando polas praias da zona. Nunha desas noites do verán galego achegáronse ata Veloi os seus outros dous compañeiros da emigración, Alonso Ríos e Emilio Pita. Alí entre viños do país e lembranzas foron facendo un balance de todos os pasos dados e o camiño a seguir.

Picallo estaba feliz co seu título. Xa se podía sentir máis seguro fronte a tanto político avogado ou doutor. O 2 de novembro de 1933 escribelle ao seu amigo Francisco Regueira contándolle a nova e informándoo da situación política de Galiza:

"Acabo de chegar de Galiza co título de bacharel no peto, e unha nova matrícula de Honra en "Agricultura e Economía Agrícola", e ademais, de dar catro ou cinco mitins galeguistas. Ao chegar, entre 170 pezas de correspondencia, atopo a túa e outra de Meilán con todo o pedido. Un millón de gracias por iso. En canto ao outro, o resto da túa carta só con esta bágoa que está pugnando por caer se pode pagar tal caudal de afecto, de lealdade, de "dereitura" e de alento como o teu. Esta esvelta xenerosidade, esta clara amizade resalta máis no meu ánimo cuando ao meu arredor –salvando a excepción que son os nosos– só vexo espectáculos de catividade sórdida, de envexas impotentes. Eses alentos teus e os que me tributa a parte máis nobre da nosa Galiza –os labregos e os mariñeiros que me queren con verdadeiro fervor– alumean o camiño da miña vida. Ti porque me coñeces, e eles porque, sometidos eternos, escoitan dos meus beizos palabras de fe e de esperanza xamais escoitadas, porque os quen lles falaron non a tiñan, e porque chega ata as súas almas o tremor fraternal que estremece a miña. ¡É algo marabilloso o noso pobo! Intúe, presente e vulga con claridade pouco común. O galeguismo é o único que lles merece fe. Tamén somos os únicos que nos achegamos a eles e aos seus problemas. Ve: o penúltimo domingo falei en Tomiño, o último en Maniños e Ferrol, e o próximo falarei en Abegondo, e así sucesivamente. Os grupos xorden por todas as partes. Galiza cubrirase deles..."

Fundación de Galeuzca

Transcorría 1933 cando o 25 de xullo se funda en Santiago de Compostela "Galeuzca". Co asinamento do "Pacto de Compostela", quedará selada a coordinación das tres nacionalidades históricas: a vasca, a catalana e a galega. Vinte políticos cataláns e nove vascos achegáronse a Galiza para asinar o histórico acordo. Ao chegar a



Ourense o día 24, a comitiva é recibida por Ramón Otero Pedrayo. Xuntos partirán rumbo a Pontevedra onde se sumará Álvaro de las Casas, fundador do movemento xuvenil Ultreya. Nesta cidade estarán esperando a comitiva na estación de Pontevedra: Antonio Iglesias Vilarelle, Alexandre Bóveda, Luís Huesa, Xosé Lino Sánchez, José García Vidal, etc. O alcalde da cidade o Bibiano Osorio Tafall organizaralles na alcaldía unha cerimonia de recepción. Pola tarde partiron para Santiago onde os agardaban Suárez Picallo, Castelao, Alonso Ríos, Arturo Cuadrado, Ánxel Casal, Luís Seoane, Santiso Girón, Manuel e Antón Beiras, Banet Fontenla, etc. O día seguinte, o 25 de xullo pola mañá, deron comenzo os actos previstos, cunha homenaxe a Rosalía de Castro ao pé da súa estatua na rotonda da Ferradura. O primeiro orador foi Castelao, despois falou Blanco Amor e a continuación nun emocionante discurso tomou a palabra Ramón Suárez Picallo. Ao rematar a súa vez falarían dúas mulleres vascas Picard e Gamarra, rematando a lista de oradores Pau Vila.

Pola tarde as delegacións das tres nacións participantes selaron o compromiso de constituíren Galeuzca nos salóns do Pazo de Fonseca, o cal estaba asignado ao Seminario de Estudos Galegos. Distintos oradores dos tres países deron a súa opinión ante tan significativo acordo, concluíndo o acto cantando os tres himnos nacionais.

III Asemblea do Partido Galeguista

Co triunfo da dereita en 1933, o panorama político presentábase moi difícil. O 13 e 14 de xaneiro de 1934 o Partido Galeguista convoca a súa III Asemblea na cidade de Ourense. Na dita Asemblea Picallo enfróntase co sector conservador do partido, representado por Vicente Risco e Otero Pedrayo. Para Picallo o gran inimigo é o fascismo e hai que pór todas as forzas para derrotalo. A III Asemblea de Ourense foi un profundo debate ideolóxico entre dous xeitos distintos de concibir o Partido Galeguista. Picallo e Risco encarnarán estas dúas opcións, que tempo despois darán na escisión da dereita galeguista. Durante a Asemblea Picallo formalizou unha Proposta de Declaración que contou con 70 votos a favor e 1 en contra. Esta sinalaba a posición que habería que adoptar con respecto á coalición e coordinación cos partidos republicanos e autonomistas de Galiza. No debate di: *"O Partido non pode presenciar impasíbel o retroceso da historia política de Galiza". Na Declaración recóllese: "o ascenso ao poder dos máis encarnizados inimigos das aspiracións autonomistas; inimigos, igualmente, das máis puras esenciais do réxime republicano e democrático, e tamén inimigos das conquistas obtidas ou por obter, das clases obreiras, campesiñas e mariñeiras de Galiza, así como do rexurdir integral do espírito da galeguidade –lingua, arte e cultura–, principios e*



aspiración que o Partido Galeguista defende e sostén, por mando do seu programa, e por vontade dos seus afiliados".

Entre os puntos principais desta declaración está o primeiro punto que esixe a máis plena autodeterminación política de Galiza e a defensa do réxime republicano para Galiza. O segundo punto propón un labor conxunta (de todos os partidos que defendan o dereito da autodeterminación,) contra o avance das dereitas. A aprobación das teses de Picallo, sintetizadas nesa Declaración política, vai significar unha esquerdización do Partido Galeguista.

Coa folga xeral de Asturias de 1934, Picallo foi detido e encarcerado en Santiago. O goberno dereitista realizou unha política de persecucións políticas que significaba detencións e deportacións a outras partes do Estado español.

Picallo será enviado a unha cela da antiga cadea do concello que quedaba na parte de atrás do edificio. Na cadea compartirá cela con Arturo Cuadrado, Francisco Comesaña e Álvaro de las Casas. A pesar da detención sen cargo, Picallo segue os seus estudos, tendo que solicitar permiso de saída para examinarse nas materias que aínda lle faltan.

A situación económica de Picallo despois de quedar fóra do parlamento era moi difícil; a súa carreira de avogado puido realizala mercé ao apoio incondicional de María Miramontes, a muller de Ánxel Casal. Miramontes co seu negocio de costura podía axudar a distintas obras patrióticas e unha delas era botarlle unha man a Picallo para que puidese rematar a súa carreira universitaria. A amizade coa familia Casal foi moi importante para un Picallo que vivira case toda a súa vida só e sen familia. Por aqueles anos tamén traballou como profesor agregado da Sección de Letras do Instituto de Noia onde era director Álvaro de las Casas.

En abril deste ano, Picallo visita a comarca de Negreira, a pedido dos campesiños da zona que querían coñecer e escoitar o ex-deputado, que tanto loitara polos dereitos dos campesiños. A visita de Picallo está organizada polas Mocidades do Partido Galeguista, que estaban preparando a súa delegación en Negreira. Pola mañá visitou a comarca e pola tarde realizouse un acto patriótico no que participaron Picallo e mais Avelino Pousa Antelo, principal organizador do evento.

Ese mesmo ano, en xuño celebrouse en Sada, a súa vila natal, un importante acto, onde participaron os irmáns Álvarez Gallego, Castelao e Suárez Picallo. Este último, nun discurso largo e emotivo, sinalou entre outras cousas:

"debemos de crear unha Patria Galega ceibe e rica que garanta a subsistencia dos fillos que hoxe teñen de queimar os seus mellores esforzos na emigración".



Transcorría 1934 e o goberno da dereita republicana comenzaba a sufrir a deterioración de gobernar sen dar solución aos grandes problemas que tiña a Segunda República. Mentres isto sucedía, cada vez crecía máis o descontento dos sectores que depositaran a súa confianza no cambio político que significou a República. O Partido Galeguista, aínda que era novo na vida política do país, cada vez máis íase facendo un oco. O 25 de Xullo de aquel ano realizouse o histórico acto patriótico denominado "Mitin das Arengas", xa que o método de participación era que falasen 20 oradores, pero a súa intervención tiña que ser de xeito curto, tipo arenga. Entre os vinte oradores, estaban os máis sobranceiros galeguistas do momento: Vicente Risco, Castelao, Otero Pedrayo, Cabanillas, Cuevillas, Antón Vilar Ponte, Quintillas, Camilo Díaz, Arturo Nogueiral, Peña Novo, Bóveda, Ánxel Casal, Nuñez Búa, Gómez Román, Víctor Casas, Monxardín, etc. Picallo coa paixón que o caracterizaba enchería de fervor aos militantes que rebordaban a praza da Quintana. Entre as destacadas personalidades atopábase Emilia Docet, unha muller viguesa que ese ano fora elixida raíña da beleza de Galiza e despois do Estado español.

A medida que pasaba o tempo, crecían as organizacións situadas á esquerda do abano político. Aínda que o republicanismo galego tiña unha base electoral moi importante, o socialismo como o comunismo - posteriormente- pasaron a ter unha influencia destacada nas vilas e nos medios obreiros. O galeguismo tamén pasou a implantarse na xeografía do país, xa que non se reducía a un número pequeno de intelectuais, senón que as ideas nacionalistas comenzaban a ser de masas. O crecemento da esquerda e o enfrontamento ideolóxico constante coa dereita pasa a ser parte do debate do novo Partido Galeguista.

En abril de 1935, realizouse en Santiago de Compostela a IV Asemblea do Partido Galeguista; durante as discusións Picallo ten unha histórica polémica con Otero Pedrayo. Este debate será parte dos enfrontamentos ideolóxicos entre as distintas correntes internas. Picallo, o exponente máis claro da esquerda dentro do Partido, dirá nesta oportunidade:

"O problema de marxismo ou anti-marxismo é unha creación arbitraria das dereitas españolas e significa un erro profundo facerlle o coro a tales xentes".

Arredor do marxismo Picallo fai consideracións que demostran un fondo coñecemento do asunto e a utilización deste pensamento na súa análise política. Picallo dirá posteriormente: *"Non renuncio á colaboración con estas forzas políticas. Que dende logo entre Roma ou Moscova, como agora se di, eu sen dúbidas con Moscova..". Para despois engadir: "E se fose católico sería católico, apostólico e galego. O*



problema no mundo é de marxismo e fascismo. O noso país e un pequeno termo medio. Polo seu liberalismo e constitución económico-social".

Picallo, malia a súa formación marxista, considera que o Partido Galeguista por ser un partido que ten que representar a toda unha nación e non se pode decantar por una soa ideoloxía. Pensa que é necesario que neste partido conflúan todas as correntes do pensamento patriótico.

"O Partido Galeguista non é marxista, dende logo, mais a asemblea non pode tampouco facer ningunha declaración nin de marxismo nin de anti-marxismo. Estes son, en Galiza, dous tópicos importados.

O noso Partido é un partido político e como tal ten que vivir a realidade do momento. Hai un problema plantexado que é o de liberdade ou opresión e o Partido non pode dubidar. É un problema circunstancial e de táctica e hai que afrontalo..." (grandes aplausos).

No Pavillón da Ferradura de Santiago de Compostela realizouse o 14 de abril un acto conxunto en conmemoración da instauración da Segunda República. Suárez Picallo foi o orador, en representación do Partido Galeguista. Pola noite, no Hotel Suízo, tivo lugar un banquete, onde faláron López Pol e Picallo.

O 25 de Xullo comezou a ser a data emblemática das reivindicacións nacionais e de feito a data máis importante do galeguismo daqueles anos. A celebración de 1935 realizase en distintas cidades de Galiza. Na Coruña a cita foi ás 6 da tarde, fronte ao monumento a Curros Enríquez. Máis de 5.000 persoas -segundo as crónicas da época- escoitaron aos oradores nacionalistas. Plácido Castro será o primeiro, despois continuarán Nuñez Búa, Víctor Casas, Álvarez Gallego, Sebastián González, López Abente, Otero Pedrayo e Suárez Picallo. Este último, no seu discurso, falou da emigración, e recitando, con comentarios alusivos a Curros, sinalou todo o sufrimento deste escritor fóra da patria.

En setembro, Picallo licenciábase en dereito, con notas sobresalientes. Con grande esforzo persoal, e coa axuda fraternal e desinteresada de Ánxel Casal e María Miramontes, logra o seu tan anhelado título universitario.

Tiña 44 anos cando se licencia. Con moito orgullo lembraba sempre que tivera Matrícula de Honra na asignatura de Dereito Constitucional Comparado, comentando a Constitución Arxentina e a Lei Sáenz Peña.

Incorpórase ao estudio xurídico que Luís Seoane tiña na Coruña, na rúa Sánchez Bregua, número 9 baixo. O flamante avogado debuta defendendo a un mariñeiro de Boiro acusado de matar a súa muller



dunha boura. O presunto asasino era un ex-emigrante na Arxentina que traballara no frigorífico "La Negra". O fiscal pediu para o mariñeiro, 28 anos de condena. A intervención de Suárez Picallo será tan elocuente, poñendo en consideración, todos os dramas dos emigrantes e mariñeiros, que o xuíz absolve o presunto homicida. O público e os avogados que concorreron á Audiencia felicitaron efusivamente o triunfo de Picallo. Posteriormente, un grupo de personalidades da Coruña organizanlle unha homenaxe:

"No restaurante 'La Terraza' foi agasallado cun xantar ao que concorreron máis de cincuenta comensais destacando moitos avogados e distintas personalidades coruñesas.

Ofreceu o agasallo o irmán Plácido Castro nunhas verbas en galego afirmando que a personalidade de Picallo está por riba dos adxectivos e títulos xa que a súa popularidade é xenuína porque está afinxada na súa identificación co pobo.

Fixo votos polo seu triunfo na carreira e invitou a D. Manuel Casás Fernández a facer uso da palabra.

O señor Casás con verbas cheas de emoción expresou a súa admiración por Picallo cuxa forza de vontade admira exaltando a nobreza da profesión de avogado que constitúe o único amparo dos desventurados como Picallo demostrou na súa primeira actuación. Rematou felicitándose de que a Coruña conte cun novo valor intelectual como Picallo.

A continuación léronse moitas adhesións entre as que figuraba unha moi cordial de Valle Inclán.

Suárez Picallo pronunciou un discurso en galego para agradecer o agasallo. Relatou a súa vida en América. Fixo constar o seu agradecemento á Coruña que lle otorgou a súa representación parlamentaria nas Constituíntes expresando a súa vontade de servir con fervor a xustiza, aos desamparados e a xusta causa de Galiza.

Foi moi ovacionado e recibiu moitas e entusiastas felicitacións". (A Nosa Terra, 15 de novembro de 1935).

Outro dos casos máis sonados onde interveu foi na defensa do presunto asasino da tendeira de Oleiros, Teresa Cajigal, máis coñecida como "a señora Teresona", a cal aparecera morta cun coitelo cravado no peito no mesmo banco onde salgaba os porcos. Foi un caso que impresionou moito á sociedade mariñá.

Picallo dedicouse aos temas laborais e sociais da súa profesión. A Confederación Nacional do Traballo (CNT), de orientación anarquista, nomeouno avogado desta central sindical.

Naquel outono galego onde todo era fervor patriótico é requirido



para que interveña nunha chea de actos. No Teatro Jofre de Ferrol compartirá tribuna con Carballo Calero, Ramón Vilar Ponte, Fernández del Riego, Antón Vilar Ponte e Otero Pedrayo. En outubro participa nun acto galeguista en Ponte de Mera, Ortigueira, ao que concorreron unhas 3.000 persoas. Durante o mitin, faláron Picallo, Víctor Casas, Antón Villar Ponte, Castelao e Gómez Román.

No transcurso da súa permanencia en Santiago, Picallo vive no Hotel Europa, xusto enfronte do café Derby, onde se reunía diariamente o máis selecto da intelectualidade galega. O dono do hotel, Ramón Morandeira, era simpatizante galeguista e co troco de publicidade que puña nos xornais onde traballaba Picallo ía resolvendo o problema do pagamento do aloxamento. E como sempre, nunca faltaba a axuda económica de Casal. Como avogado que acababa de empezar, e como era de esperar nel, sempre atendía aos que menos tiñan.

Durante aqueles anos fundáronse distintos xornais republicanos galeguistas. Formou parte como vice-director da revista Claridad, que tira o seu primeiro número o 23 de decembro de 1933 e que tiña como director a Luís Manteiga. Nel participaba tamén Seoane, Fole, Casal e Colmeiro. Posteriormente funda en 1935 a famosa revista de esquerdas Ser, onde o acompañan Xerardo Álvarez Gallego, Blanco Torres, Plácido Castro, Camilo Díaz, Ánxel Fole, Johan Carballeira, Fernandez del Riego, Emilio Pita, Rodolfo Prada, Eliseo Pulpeiro, Paz Andrade, Luís Seoane, Álvaro de las Casas e Antón Vilar Ponte.

Naquel mesmo ano é nomeado director de A Nosa Terra, que por aqueles tempos pasará a ser voceiro do Partido Galeguista, sendo o seu administrador Ánxel Casal. Picallo realizou un intenso labor xornalístico colaborando con *Vanguardia Gallega* de Lugo, *El Sol* de Madrid, *La Humanitat* de Barcelona (dirixido por Lluís Companys) e *El Día* de San Sebastián. En *El Sol* verase coas grandes plumas do momento, como eran: Unamuno, Ramón María del Valle Inclán e Azaña entre outros.

Eleccións de 1936: Triunfo da Frente Popular

Convocadas as eleccións do 36, constituíuse no Estado español unha alianza de esquerdas, denominada Frente Popular. Picallo tivo un importante protagonismo na participación do Partido Galeguista na dita Frente.

O 25 de xaneiro de 1936 celebrouse no Salón "Ideal" de Santiago a II Asemblea Extraordinaria do Partido Galeguista, na que tomaron parte máis de 100 representantes, entre os que había representantes da emigración. Nesta asemblea son proclamados os candidatos a deputados, os cales foron elexidos por votación dos delegados: Castelao, 1.785. Picallo, 1.775. Antón Villar Ponte, 1.771. Alexandre Bóveda,

1.735. Gómez Román, 1.683. Álvarez Gallego, 1.639. Plácido Castro, 1.498. Carballo Calero, 1.416. Otero Pedrayo, 1354. Valentín Paz Andrade, 1.304. Manuel Peña Rey, 1.219. José Nuñez Búa, 828. Sebastián González, 805. Víctor Casas, 680. Álvaro Xil, 569. Enrique Peinador, 534. Xosé Moreira, 352. Ánxel Fole, 312. Ánxel Casal, 287. Xosé R. F. Oxea, 245. Johán Carballeira, 244. Xosé P. Fernández 227. Ramón Vilar Ponte, 212. Francisco Domínguez, 192. Horacio Fernández, 192. Francisco del Riego, 180. Luís Seoane, 160.

Tanto nesta votación interna como nas votacións onde se presentou Picallo os números de votos dan unha idea da proxección de cada un dos protagonistas daquela época.

A nota simpática desta Asemblea Extraordinaria poñeríaa o propio Picallo ao ter un altercado coa policía:

"Cando a Asemblea ía comezar as súas deliberacións chegou a noticia de que o irmán Picallo fora detido e conducido a Comisaría. Os persoeiros acolleron a noticia con tranquilidade e como ao mesmo tempo se dixó que se pretendía entorpecer o proceso da Asemblea dispúxose unha Comisión de porta por se se decidían os chamados "feixistas" a visitar o local, continuando a Asemblea os seus traballos.

Respecto ao incidente do irmán de Picallo unha comisión integrada polos irmáns Gómez Román, Xil, Teixeiro e Vilar Ponte foron a Comisaría a enteirarse do sucedido que foi simplemente produto do nerviosismo dos axentes da autoridade que irreflexibelmente deron lugar a el ao proceder a facer cacheos pouco respectuosos que motivaron unha razoada verbas de protesta de Picallo.

O asunto non pasou a maiores e Picallo, con toda a razón, foi deixado en liberdade". (A Nosa Terra, 24 de xaneiro de 1936).

A campaña electoral contou co apoio dos emigrantes residentes en Bos Aires. A Federación de Sociedades Galegas Agrarias e Culturais envía un cablegrama, asinado polo seu presidente, Cao Turnes o que sinala:

"Pregan todos os irmáns galegos outorguen os seus votos favor candidatos galeguistas e agrarios auténticos, únicos saberán defender dignamente intereses de Galiza como fixeron pasada lexislatura deputados galeguistas Castelao, Otero Pedrayo e Suárez Picallo".

Ramón Suárez Picallo foi nestas eleccións un dos animadores principais da Frente Popular en Galiza. Percorre dúcias de vilas e cidades, escribe artigos e a súa voz inconfundíbel e vibrante faise sentir nos máis importantes mitins da campaña electoral.

O triunfo da Frente Popular o 16 de febreiro significaríalle a obtención dunha acta de deputado, en representación do Partido Galeguista,



pola provincia da Coruña, obtendo 162.000 votos. Esta cantidade de votos sitúa a Picallo como o deputado galeguista máis votado, por riba mesmo do propio Castelao.

Tres días despois das eleccións, o 19 de febreiro, realízase unha manifestación fronte ao goberno civil da Coruña. O motivo eran as irregularidades detectadas, en distintos lugares, durante o escrutinio de votos. Suárez Picallo diríxese á multitude dende os balcóns do edificio oficial, para comunicarlles que, segundo as súas informacións, a coalición de esquerdas é a triunfadora clara dos comicios.

"Meu querido Eduardo: Dende un mes antes das eleccións son estes os primeiros minutos de relativo descanso. E para iso ás 2 da mañá, na parte de atrás do 'Marineda'. ¡Non podo máis! Os últimos exames, a licenciatura, as primeiras actuacións forenses e enriba a campaña electoral máis dura habida e por haber. ¡A 17 mitins por día subín! Despois as incidencias post-electorais e o triunfo. E agora a persecución feroz dos que "pasan a factura", perséguenme dende as 7 da mañá, onde durmo, onde como, na rúa, no café, con papeletas. Todo o mundo quere cousas. ¡E que cousas! Entre outras desgracias deixadas pola partida radical, queda esta do seu mal exemplo. Polo demais foron horas inesquecíveis. Sobre todo aquela na que, para evitar que se nos roubase o triunfo, tivemos que dar un golpe de man no Goberno Civil, empurrados por este pobo coruñés marabilloso, lanzado á rúa ao berro de: "A queimar os ladróns das actas". Xogámonos todo e gañamos. En canto a min 153 mil e pico de votos auténticos. Marabilloso, providencial e exemplar (...) Ademais, o pobo en canto ten un minuto de consciencia de si mesmo, presénteaa, adiviña e por iso nos ama. Ai, meu gran amigo, que cousas descubrín eu dende a tribuna nesta campaña electoral ao longo da nosa terra. Que ollos xuvenís alucinados seguindo o voo das palabras. Que gran fe en nós e que sortilexio de comuñón na charla amábel de post-mitin. Ao seu conxuro empecei a sentirme "leader conductor" do meu pobo. Deus me guíe e me dea forzas para isto..." (Carta a E.B.A, 1936).

O 28 de febreiro El Pueblo Gallego recolle unha proposición, que presenta Picallo, ao comité da Frente Popular; nela solicita que a dita Frente se manteña como tal ante a convocatoria de eleccións municipais, plebiscito para o Estatuto de Galiza, nomeamento de autoridades autonómicas e para encauzar os problemas máis graves do país.

En marzo morría Antón Vilar Ponte. A noticia do pasamento do recente elixido deputado crea unha gran conmoción política. A Academia Galega fíxose cargo do seu corpo, que é velado no Concello da Coruña. Otero Pedrayo e Suárez Picallo serán os encargados de despedir os seus restos no cemiterio.



"Suárez Picallo pronuncia tamén unhas verbas sinxelas e breves ateigadas de emoción. Fala como compañeiro de candidatura e en nome do Partido. Di que Vilar Ponte foi un Mestre, un guía, un formador de xuventudes. Á súa pluma e ao seu pensamento debemos moitos mozos as nosas directrices na vida.

Vilar Ponte creu no pobo, na liberdade, na democracia. Consagrou a súa vida a traballar por Galiza e pola República. A súa vida franciscana e a súa conduta exemplar. A súa obra nacionalista.

Hoxe é un día de dor para Galiza, Vilar Ponte volta ao seo da terra Nai e o seu espírito segue alumeando o camiño. Dá as gracias en nome do Partido ás corporacións, partidos políticos, entidades obreiras e culturais e á moitedume que se sumaron á dor dos galeguistas.

Que o corpo de Vilar Ponte florezza nas entrañas da terra e sexa roseira de redención. Ao rematar Picallo o seu discurso fermoso e sentido, dende o medio do cemiterio unha voz moza rasga a emoción do silencio para dicir con verbas trementes de emoción: Antón, noso Mestre, non morriches. O teu espírito e o teu exemplo vivirán en nós. Os mozos galegos prometémosche ser fieis a eles..." (A Nosa Terra).

O día 8 de marzo celébrase en Santiago de Compostela unha reunión do Consello do Partido Galeguista, onde Picallo fala, como deputado recén electo. Aos poucos días, marcha a Madrid, xunto aos deputados galeguistas, para asumir o seu escano. O día 16 de marzo inaugúrase o período lexislativo.

Estatuto de Autonomía

Cando case finalizaba o bienio do goberno republicano-socialista, o 27 de maio de 1933 Casares Quiroga á fronte do Ministerio da Gobernación publica o decreto autorizando a celebración do plebiscito en Galiza. Este debía revalidar nas urnas o Estatuto Galego, que fora aprobado nas Asembleas de Santiago de Compostela. Coa crise do goberno republicano e o comezo do bienio radical-cedista (máis coñecido como o "Bienio Negro"), a convocatoria do plebiscito queda atrasada e, xa que logo, o Estatuto queda conxelado.

Co triunfo da Frente Popular, á que se adhire o Partido Galeguista co compromiso dos demais partidos de apoiar as demandas autonomistas de Galiza, ábrese a posibilidade de realizar a tan devecida consulta electoral.

É así como o 17 de maio se realiza no Salón de actos da Facultade de Medicina de Santiago a reunión da Asemblea Pro-Estatuto. Nela participaron partidos políticos, concellos, organizacións sociais e culturais.



Despois de cantar o Himno Galego e o Del Riego, abriu o acto Ánxel Casal, alcalde de Santiago. Posteriormente Picallo pide a palabra para formular unha cuestión previa. Fixo un afervoado eloxio do malogrado loitador Antón Vilar Ponte, que tanto traballou pola liberación de Galiza. Propón que, personificando na figura do mestre a todos os desaparecidos, se garde un minuto de silencio na súa memoria. Os asembleístas postos en pé renderon homenaxe aos loitadores mortos.

Picallo interveu na Asemblea propoñendo, en representación do Partido Galeguista, que a votación do referendo se realice no mes de Xuño, despois dunha ampla campaña de divulgación. Ao final da reunión, a asemblea fixou o día 28 de Xuño, como data de celebración do plebiscito. Conta Emilio González López:

"O entusiasmo polo Estatuto estaba concentrado nos galeguistas e nacionalistas galegos, e as personalidades soltas dos demais partidos. E esta situación pódese comprobar analizando o sentimento dos deputados da Frente Popular electos na Coruña. Dos dous galeguistas, un deles, Antón Vilar Ponte, morrera a penas finalizadas as eleccións xerais en febreiro; e só quedaba un, Ramón Suárez Picallo, que sería un dos máis entusiastas oradores na propaganda autonomista durante o plebiscito. Suárez Picallo era un notábel orador en lingua galega".

Os acontecementos políticos daqueles meses de 1936 presaxiaban un futuro incerto para a Segunda República; Picallo no seu constante diálogo por correspondencia con Blanco Amor anticipase aos sucesos, que días despois concluirán na Guerra Civil:

"...Acaba de circular a nova, xa confirmada, do asasinato de Calvo Sotelo. ¡Mal negocio! Isto vai mal. A guerra civil está en medio da rúa. Estamos no período álxido do cataclismo do que sairá unha España nova. ¿Como? Ninguén o sabe. Todo é confusión. A Falanxe Española dirixe hoxe a CNT. Aquí a xente abráiase. Eu non. É un fenómeno natural.

O goberno desconcertado, sabotado polos seus servidores, rodeado de inimigos dentro da casa non se atreveu á barrida, non comprendeu a súa posición revolucionaria e paga as consecuencias. En política só triunfan os que se colocan sempre na ofensiva. Defenderse só é o fracaso.

Axiña se dará en España o sálvese quen poida. Galiza, se para daquela ten en movemento o seu Estatuto, salvarase soa. Como cando Napoleón...." (Madrid, 12 de xuño de 1936).

Durante a campaña en prol do Si ao Estatuto de Galiza, Picallo fixo uso da palabra en máis de 170 mitins polas catro provincias galegas.

Un deses importantes actos foi realizado no mes de xuño no teatro Alcázar de Madrid; nel faláron Osorio Tafall, Emilio Gonzalez López



e Ramón Suárez Picallo. Segundo conta Emilio González López: "O acto estivo rebosante de entusiasmo e de xente".

Co triunfo esmagador do Si no plebiscito, o 15 de Xullo de 1936 lévase a Madrid o Estatuto de Autonomía e entrégase no Parlamento Español para ser aprobado nas Cortes.

O día 17 a comisión é recibida polo Presidente da República, Manuel Azaña. Ese día o Partido Galeguista a través do seu deputado Ramón Suárez Picallo distribúe un comunicado de prensa onde se sinala:

"Foi recibida en audiencia por S.E. o señor Presidente da República a Comisión de Galiza que veu a Madrid a entregar o Estatuto galego ao presidente das Cortes. Compúñana un grupo de deputados da Frente Popular, os presidentes das catro deputacións galegas, o Comité da Autonomía de Galiza, representado polo seu presidente señor Tafall; o secretario Rajoy; o señor Mariño e o alcalde de Compostela, Don Ánxel Casal, e os alcaldes das cidades e vilas de Galiza e de numerosos Concellos rurais (...). Fixo a presentación dos comisionados don Alfonso Rodríguez Castelao, deputado por Pontevedra, manifestando a íntima satisfacción que sente Galiza ante a perspectiva de lograr en breve a súa autonomía, cuxo Estatuto, obxecto dun plebiscito recentemente, foi entregado onte ao señor presidente das Cortes. Con tal motivo os representantes da rexión quixeron visitar a Súa Excelencia para presentarlle os seus respectos e testemuñarlle o seu fervoroso afecto, lembrando que don Manuel Azaña foi o gran propulsor dos principios constitucionais dos pobos, a autonomía de Galiza e das demais rexións españolas. Afirmou o señor Castelao que Galiza autónoma será unha democracia exemplar e o máis forte puntal da República; [Azaña] expresou a viva satisfacción que sentía ao recibir aos representantes dos estatutistas galegos en vésperas do logro das súas aspiracións. Aludiu ás súas anteriores actuacións políticas, sostendo a necesidade de abrir canles xurídicas ás aspiracións rexionais e á oposición que as súas ideas despertaron entón. Hoxe aquelas ideas vanse realizando e son compartidas por moitos dos que entón as combatían; e as rexións con personalidade propia van fundamentándoas nos proxectos de Estatuto. Aspiro e desexo, engadiu (...) que o de Galicia sirva para consolidar a república e a democracia, o cal depende en gran parte do esforzo do fervor e da vontade que poñan na tarefa os encargos de administrala. Expresou entón espontaneamente o seu propósito de ir a Galiza para compartir co seu pobo a ledicia da boa nova da súa autonomía".

Cando esta nova saía nos xornais, os sectores reaccionarios do Exército español alzábanse contra a legalidade constitucional, començando o gran drama da Guerra Civil.



Estoupa a Guerra Civil

O 18 de xullo, o Xeneral Franco sublévase en África e comeza a guerra civil. A case todos os membros da Comisión que levou o Estatuto de Autonomía, ao regresaren ás súas casas, colleraos o alzamento; na maioría dos casos, resultan detidos e fusilados. Entre os asasinados, estarán o seu entrañábel amigo de Picallo, Ánxel Casal, como así tamén Alexandre Bóveda, Díaz Baliño e o seu propio irmán Antonio, paseado en Sada. Picallo e os demais deputados salvarán as súas vidas, debido ás súas responsabilidades parlamentarias, que os reterán en Madrid.

O deputado en Cortes Emilio González López relatará con moita precisión como viviron en Madrid os galegos durante os primeiros días do alzamento militar:

"O 16 de xullo de 1936 o Presidente das Cortes da república recibiu os comisionados galegos que lle entregaron oficialmente o Estatuto de Galiza aprobado polo pobo galego en plebiscito. Tres días despois estaba en Marrocos, nas Illas Canarias e outras partes da península o movemento militar franquista que iniciou a longa e sanguenta guerra civil. Ao estalar o movemento atopábanse en Madrid varios deputados galegos: Castelao, Alexandre Viana e Portela Valladares, de Pontevedra; Suárez Picallo, Calviño Domínguez e Xosé Miñones, da Coruña; e Martínez Risco, de Ourense. En Madrid residían polos seus cargos oficiais outros dous deputados galegos: o presidente do Concello, Santiago Casares Quiroga; e o Subsecretario de Gobernación, Fernández Tafall. Eu cheguei a Madrid, de Budapest, onde se celebraran as xuntanzas da Unión Interparlamentaria, xustamente na noite do 16 de xullo. O 18 voltaron a Galiza os comisionados da Deputación da Coruña, presididos por Xosé López Bouzas, que viñeran a Madrid para estar presentes na entrega do Estatuto nas Cortes. O 19 saíu para a Coruña o deputado Xosé Miñones. Eu tencionei voltar cuns ou outro, mais no derradeiro intre decidín quedar. Todos eles morreron en Galiza. Víctimas da xenreira nacional franquista.

... Os galegos tiveron dende o primeiro momento da guerra unha activa participación nas milicias que se formaron en Madrid para combater os rebeldes: no quinto Reximento, do que era xefe o galego Enrique Lister, formado polo Partido Comunista, había moitos galegos; e tamén os había nas milicias socialistas, das que era xefe Puente, panadeiro galego residente en Madrid; o rexemento de Marina estaba formado principalmente por galegos; e xefes e soldados galegos estaban espallados nas forzas dos gardas de asalto e nos rexementos regulares de Madrid. Facía falla formar unhas milicias galegas que levaran



o nome e a bandeira de Galiza, nas que se puideran abandeirar, todos os galegos. Castelao foi un dos participantes máis activos na organización destas milicias, que atoparon o seu xefe no capitán Iglesias, de Monforte de Lemos. estas milicias entraron en fogo nos primeiros días de setembro para conter o avance inimigo cara a Talavera de la Reina (Toledo); e combateron nas principais batallas que se deron nas provincias de Toledo e Madrid no outono dese ano. A súa situación foi sinalada na famosa batalla do Jarama, xa en febreiro de 1937, en que sufriu moitas baixas; o meu irmán Fernando foi un dos feridos.

Castelao e Suárez Picallo fóronse a Barcelona en outubro de 1936. Levaban a idea de formar na capital catalana outras milicias galegas semellantes ás de Madrid cos moitos elementos galegos que residían naquela cidade, na que a maior parte dos gardas de asalto e os gardas civís que foron leais á República eran galegos; lealdade que lle custou máis tarde a vida ao xeneral da garda civil de Barcelona, Aranguren, coruñés, cando esta cidade foi ocupada polas forzas franquistas".

A pesar da guerra, Picallo non abandona o seu traballo parlamentario; durante esta breve etapa, formou parte das comisións de Defensa Nacional, Facenda e Economía, Marina, Agricultura, Xustiza, Pensións e Traballo e Asistencia Social. O diario de sesións recolle catro intervencións: sobre a crise do sector madeireiro, distribución do cupo do millo para Galiza, a importación de carne conxelada e a requisa de coches na Coruña. O seu labor parlamentario non será impedimento para a súa participación activa na fronte de guerra de Aragón, xunto aos anarquistas.

O alzamento fascista fará que perda a súa relación coa súa familia en Sada. A súa preocupación principal era saber como estaba o seu irmán Juan Antonio. O seu irmán destacara na provincia da Coruña como un valioso dirixente galeguista de esquerdas. Temía pola vida do irmán co cal tiña maior afinidade de obxectivos. Mentres tanto Juan Antonio Suárez Picallo, preocupado por saber como estaba Ramón na zona republicana, escíbelle unha carta ao seu amigo en común Eduardo Blanco Amor:

"Aí vai iso que che envío dende o meu agocho, porque estamos en plena inquisición. Do meu irmán non sei unha palabra dende hai un mes. Estivo en Madrid e descoñezo a onde o mandaron. A min perséguenme como a unha fera. As noticias nacionais son relativamente optimistas. Seguramente ti estarás mellor enteirado ca min do que está pasando. Se o goberno e a Frente Popular perdesen a contenda, para min, como para uns miles de españois non habería máis que tres camiños: fusilamiento, cadea ou o desterro..." (11 de agosto de 1936).



O 17 de agosto Picallo volveu a relatarlle por carta a Eduardo Blanco Amor os tremendos acontecementos que estaban a pasar en Madrid e a súa profunda preocupación polos sucesos de Galiza:

"... Agora hai só unha consigna: Vencer como sexa. Isto significa liquidar para sempre a chantaxe que os militares viñan realizando a custa do tesouro español. Chantaxe de dúas entelequias: o valor e a honra; significa dar luz a unha España insospeitada no mundo e na España mesma, a España popular e democrática, sofreada ata hoxe por todos; significa abrir ante o mundo un capítulo novo de Historia vital.

Só con anécdotas, xentes, actos heroicos e aspectos de aparencia menuda hai para mil libros.

O de Galiza tennos a todos angustiados. Empezamos agora a ter novas. Alí non había armas. Nin había unidade de acción. Catro gobernadores, cada un coa súa idea e "os seus puntos de vista", creron na palabra de honra dos militares e Galiza caeu. Houbo loitas heroicas nas vilas e aínda nas cidades: a dinamita das canteiras e as escopetas e fouses. Séguese loitando aínda nalgunhas partes. Segundo as nosas noticias –temos emisoras e receptoras de radio– houbo fusilamentos moitos, entre eles sospeito que o do meu irmán Antón. Aquel meu gran Antón que quero como a luz dos meus ollos. Sei que loitou nas rúas da Coruña á fronte dos de Sada, Bergondo, Cambre e Oleiros. Nós aquí impotentes illados "perro en cancha de bochas", organizamos unha Milicia Galega. Hoxe somos uns mil. Hai de todo, ata segadores que forman un grupo de choque que leva o nome de Rosalía. A misión principal é entrar en Galiza como sexa. Pero mentres isto non poida facerse a nosa milicia loitará onde o queira o goberno. Está moi ben organizada. Ai che mando dous carnés como recordo e un dos emblemas que os nosos milicianos levan no brazo. Acóllea na túa alma que leva anguria, esperanza e fe (...) E nada máis por hoxe. Mañá comezaremos a instrución. Enseguida iremos á serra para foguearnos. Despois a onde sea. Connosco, ben dentro, van Galiza e a República...".

Os últimos días de xullo e case todo o mes de agosto, os deputados galeguistas reuníanse a diario nas Cortes. Daqueles encontros saíra a idea de crear as milicias Galegas. Castelao e Picallo serían os impulsores destas milicias que co nome de "Bandeira de Galicia" entrarían en batalla para conter as forzas franquistas en Talavera de la Reina, no mes de setembro.

O destacado nacionalista Luís Soto, no seu libro de memorias sinalará sobre este acontecemento:

"É preciso recoñecer que na constitución deste batallón galego interviñeron positivamente Castelao e Suárez Picallo. Lister e Santiago



Álvarez foron os principais constructores deste batallón, aconsellados sempre por unha figura internacional que debemos nomear aquí, que foi noso amigo en España e en México e que se chama Victorio Vivaldi, senador comunista e gobernador de Trieste, e cecais o primeiro organizador da heroica defensa de Madrid..".

O 1 de outubro de 1936 convocouse o último pleno das Cortes en Madrid. Data histórica para os vascos, pois nela foi aprobado o Estatuto de Euscadi. Picallo e Castelao serían os únicos deputados galeguistas que estiveron presentes, e votarian afirmativamente ao dito Estatuto.

Barcelona a fins de 1936

A fins de outubro de 1936, a maioría de intelectuais e políticos galeguistas trasládanse a Catalunya. Castelao e Picallo, despois de percorreren xuntos distintas fronteas de batalla, deixan Madrid, en novembro deste ano. Aos dous deputados sumarase Virginia, a muller de Castelao. Os tres parten para Barcelona coa intención de volver a Madrid. Nesta cidade pónense a traballar na formación das Milicias Galegas. Na capital catalana contactan co coruñés Aranguren, que era xeneral da Garda Civil.

O 25 de decembro de 1936 vólvelle escribir unha nova carta a Blanco Amor, na que lle vai relatando os sucesos da guerra e lle comunica o asasinato do seu irmán Antón:

"Meu querido Eduardo: Perdoa que no che escribise antes. Dende que saín de Madrid -10 de novembro-, pouco tempo tiven dispoñíbel. Percorrín as frentes de Aragón e estiven en Cartaxena, visitando os galegos que os hai en todas as partes, especialmente aquí; pues só gardas de asalto son uns 400. Escriboche hoxe coa alma desfeita, ao ter a confirmación do asasinato de meu irmán Antón. O Socialista publicou a lista publicada en Galiza cun fervedo eloxio para o voso xornal. Pero eu aínda mantiña a ilusión de que meu irmán estivese vivo. Hoxe xa non cabe dúbida. O noso Antón, o meu gran camarada, o meu gran auxiliar, o meu mellor amigo, o meu inesquecível animador, foi asasinado a culatazos. Apareceu con todas as costelas rotas e a caluga desfeita. ¡Aquela caluga repleta de ideas xenerosas, de noble pensamentos, de ilusión de futuro venturoso para a nosa patria, foi destrozada polos asasinatos de Galicia e de España!

Poucos coma ti -quizais ninguén- sabe cómo veneraba eu ao meu irmán. ¡Queríao máis que á luz dos meus ollos! (...) En Galiza segue a racha de brutal de asasinatos e fusilamentos. En Sada van 27; na Coruña 1.600 e en Ferrol uns 6.000. Igualmente en Lugo, Ourense e Pontevedra...".



Nova Galicia

Á parte de recompor o Partido Galeguista, cumpría xerar organismos de carácter unitario e medios de comunicación que servisen de expresión aos sectores galeguistas e o seu ámbito de influencia. É así como se suscita a necesidade de fundar un xornal que tivese como obxectivo informar os galegos que combatían no bando republicano, como así tamén que puidese chegar aos emigrados galegos no exterior.

Picallo, xunto con Castelao, é un dos impulsores de Nova Galicia, boletín quincenal dos Escritores Galegos Antifascistas. O primeiro número saíu en Barcelona o 5 de abril de 1937 e durou a súa edición ata o mes de xullo de 1938. Este boletín informativo era editado na Imprenta Presidente Macià e a redacción estaba situada na Avenida 14 de abril, hoxe chamada Diagonal.

Pola mesma época aparecen outros xornais de características semellantes destinados aos galegos que combatían na zona republicana, entre eles Nueva Galicia, Galicia Libre, de orientación anarquista, e *El Socialista Gallego*.

En Nova Galicia traballaron asiduamente Rafael Dieste e Arturo Cuadrado coa colaboración tamén de Ramón Cabanillas (fillo), Rubia Barcia, Otero Espasandín, Rey Baltar, Ernesto Pérez Guerra, entre outros.

Neste xornal antifascista Castelao e Picallo asinan conxuntamente dúas declaracións políticas. Unha adicada "Aos patriotas Irlandeses" e a outra unha "Carta a Oliveira Salazar, dictador de Portugal".

As Cortes de Valencia

O 1 de outubro de 1937 convocáronse as Cortes por primeira vez fóra de Madrid. Esta convocatoria realizouse en Valencia, onde participaron en representación do galeguismo soamente os deputados Castelao e Picallo. Ambos os dirixentes galegos levaban como obxectivo reconstituír as comisións parlamentarias para que o Estatuto galego presentado formalmente en Madrid fose aprobado. A pesar das intenciónes patrióticas de Castelao e Picallo, as autoridades do parlamento xogaranlles unha mala pasada aos desexos autonomistas de Galiza. Cando se lía na sección a conformación de comisións, o secretario fixoo a propósito, tan baixo, que ningún se enteirou que non se constituía a comisión de autonomías. Os deputados enteiráranse de tal manobra cando esta non aparece no correspondente Diario de Sesións. Ante semellante manobra, Castelao visitará o Presidente do Parlamento, Martínez Barrios, para esixirlle unha aclaración, ante tan tremendo esquecemento, que significaba enviar a vía morta o Estatuto



Galego. Ante a evidencia da manobra, o problema terminaría resolto, dicindo Martínez Barrios, que el se comprometía solemnemente a presentalo na vindeiro sesión do Parlamento, convocada en Barcelona. Ante a propia presenza da delegación galeguista, deu ordes a un funcionario de alto rango para que se trasladase a Madrid a buscar o Estatuto. A sorpresa sería maiúscula cando o mencionado funcionario regresa dicindo que o Estatuto Galego se perdera. Ante a impotencia de non saber como recuperar este transcendental documento, recorren a Emilio González López, quen estaba vivindo en Levante, e que era deputado por Izquierda Republicana e membro da Comisión de Gobierno Interior do Congreso. Este republicano galeguista, que ademais era membro da masonería, poñería a disposición da busca todos os seus vínculos dentro desta institución, tan poderosa naqueles momentos e á cal tamén pertencía Martínez Barrios. A súa influencia neste sector rapidamente deu os seus froitos, aparecendo o tan anhelado Estatuto.

Co traslado do goberno da República a Valencia, instaláranse nesta cidade os representantes máis importantes da política galeguista: Picallo, Castelao, Luís Soto, Arturo Cuadrado etc. Luís Soto lembrará esta estada en Valencia:

"Os galegos xuntábamonos a diario en Valencia nun café chamado "Vodka" que estaba nunha das rúas máis concorridas. Os galegos colleron aquel café todas as xentes que normalmente o frecuentaban; e ós camareiros valencianos non lles quedou máis remedio que deprenderen a falar a lingua do noso país... Era tal a cantidade e calidade dos galegos que chegaban ao tal café, que consideramos que era indispensable convertelo nun lugar de traballo pola terra e pola victoria. Hai que decatarse de que alí chegaba data a data, os nosos labregos e mariñeiros que se pasaban na frente ás nosas liñas, e tamén os soldados que tiñan uns días de permiso. Alí chegaba Casares Quiroga, Portela Valladares, Suárez Picallo, Alfonso Pazos, e todos os que por sorte quedaran vivos na defeita dramática de xullo de 1936. Algúns follaban as súas culpas, outros comunicaban o optimismo da victoria. De vez en cando aparecía Lister e outros compañeiros significados con misións de combate. Agora ben, o máis optimista de todos os do café era o deputado por Ourense, egrexio home de ciencia, Manuel Martínez Risco".

Tamén o propio Arturo Cuadrado relata aqueles días en Valencia:

"O grupo de galegos que conformábamos a "Galicia Peregrina" encabezado por Castelao e Picallo refuxiámonos naquela Valencia de ilusión e medo. A pesar da guerra e confiados na posibilidade de vencer o fascismo, desenvolvemos un intenso labor de defensa da segunda



república. Naqueles días de esperanza casei con Amparo Alvajar, que fora secretaria de Casares Quiroga, sendo o propio Castelao o meu padriño de vodas. Eramos poucos os presentes, naquel día tan memorábel, entre eles lembro a Picallo brindando polos recién casados".

Solidaridade Galega Antifascista

A presenza en Valencia dos máis altos cargos institucionais do republicanismo galego impulsa a Castelao e Ramón Suárez Picallo a organizar a todas as forzas patrióticas nunha entidade que exercese a representación política de Galicia. É así como nace nos salóns do café "Vodka" a fundación de Solidaridade Galega Antifeixista coa participación de socialistas, republicanos e galeguistas. Durante a realización da asemblea de constitución a candidatura pola presidencia desta recae en Pedro Longueira (socialista) quen lle gaña por poucos votos ao propio Castelao. Mentres que Luís Soto é elixido Secretario Xeral. Entre os máis destacados membros de Solidariedade estaban: Marcial Fernández, Director de Carabineros; Osorio Tafall, Comisario Xeneral do exército; Otero Espasandín, escritor; Arturo Cuadrado, escritor; Elixio Rodríguez, aviador; Rafael Dieste, escritor; Amparo Alvajar, escritora; Rey Baltar, médico; Florencio Delgado Gurriarán, Roxelio Rodríguez de Breaña, Ramón Cabanillas (fillo), Johán López Durá, Serafin Ferro, Andres Valín, Horacio Casas, Carlos Tomé, Xoán Pla, Ramón de Valenzuela, Portela Valladares etc.

Barcelona, última morada

A última estadia será Barcelona. Picallo vivía nunha pensión da Rambla de Catalunya, 28. Polas tardes Picallo, Castelao e os intelectuais afíns ao líder catalán Companys frecuentan os salóns do Ateneo Barcelonés. Os continuos bombardeos por parte da aviación italiana á cidade puñan en serio risco a súa vida e a de todos os habitantes da cidade condal. Naqueles días de angustia, unha bomba cae na casa de Castelao, na rúa de Balmes, que segundo o testemuño de Emilio González López:

"Tivo que andar, medio cego, por entre os escombros da casa derrubada".

O 1 de febreiro de 1938 celebrouse no Mosteiro de Montserrat a sección de Cortes coa presenza de Picallo e Castelao polo Partido Galeguista, onde se debateu novamente o Estatuto de Galiza. Nestas xornadas os socialistas encabezados polo deputado galego Manuel Cordero –residente en Madrid– atacará duramente o Estatuto. A súa posición era impedir que fose aprobado no Parlamento. A pesar de todo, o Estatuto toma estado parlamentario.



Cos bombardeos de marzo de 1938 o seu gran amigo Marcial Fernández, que fora antes da guerra un dos dirixentes máis destacados do socialismo galego (neses intres era o Director Xeral de Carabineiros do Goberno da República), convence a Picallo, a Castelao e a Virginia para que se trasladen ás aforas da capital, onde el tiña unha casa. É así como os tres, mais Emilio González López e a súa muller, van vivir a Sant Cugat del Vallés a pouco máis de quince quilómetros de Barcelona. Nesta pequena vila do Vallés pasaron os últimos días en terras catalanas. Cando os medios de transporte eran posíbeis, baixaban á Capital para seguir coas súas obrigas á fronte do xornal Nova Galicia ou en Solidaridade Galega. Segundo conta Elixio Rodríguez o grupo de galeguistas que residía en Barcelona estaban a diario nunha tertulia que facían no café Chez Nous. Naquel lugar de encontro era común ver sentados na mesma mesa a Picallo, Castelao, Elixio Rodríguez, Marcial Fernández, Arturo Cuadrado, Delgado Gurriarán, López Durá, Ramón de Valenzuela, Ramón Cabanillas (fillo), entre outros. Tamén se achegaba todas as tardes un escritor internacionalista de orixe francesa, André Malroux, quen anos despois fora Ministro de Francia baixo o goberno do xeneral De Gaulle.

"Malroux –conta Elixio Rodríguez– frecuentaba a nosa tertulia galeguista no café Chez Nous; el era un gran antifascista, unha noite despois dun bombardeo á cidade de Barcelona, ergueuse da nosa mesa e pediu un minuto de silencio polas vítimas. Despois comezou un discurso antifascista, quizais o primeiro do que sería o famoso político e escritor francés".

Partido Galeguista durante a Guerra Civil

Co alzamento do 18 de Xullo o Partido Galeguista queda sen dirección política no interior do país. A propia xeografía galega, a represión rápida e sistemática dos alzados desbaratan calquera intento de resistencia organizada. A dereita galeguista escindida do Partido logra resituarse no bando franquista, asumindo os valores do novo réxime. É así como Filgueira Valverde, Alvaro Cunqueiro e Vicente Risco pasan ao bando inimigo e colaboran na política cultural do nacionalismo español. Os máis comprometidos coa defensa da república fan intentos de resistencia organizando sabotaxes ou botándose ao monte como guerrilleiros. Outros, cunha audacia e un heroísmo tremendo, aproveitan a escuridade da noite para abandonar as fileiras franquistas e pasar ás forzas da República. Entre os galeguistas que intentaron organizar a resistencia podemos citar a Ramón de Valenzuela, Mariano Otero Castelao, "Pepe" Velo, dirixente das Mocidades Galeguistas, que pagaron co cárcere a súa loita contra o réxime.



Os dous deputados galeguistas –Castelao e Picallo– e mais os dirixentes máis activos estaban na zona leal e dende alí comencan o intento de reorganización partidaria.

En 1938 organizase en Barcelona unha asemblea de Partido, onde se pon á fronte desta, como Secretario Xeral, Ramón Suárez Picallo. Acompañábano na directiva: Ramón de Valenzuela, Secretario de Organización; Delgado Gurriarán, Secretario de Propaganda; Andrés Valín, Secretario de Administración e López Durá, Secretario Político. Como vocales estaban: Elixio Rodríguez, Amparo L. Jean (Presidenta do sector feminino) e Rodríguez Casas.

Entre as múltiples tarefas daqueles momentos tan difíciles, estaba reforzar o labor unitario de Solidariedade Galega Antifeixista.

O Partido Galeguista tiña a súa sede na rúa Fontanella, 9, 1, 2ªA, nun local cedido pola Generalitat. Picallo combinaba o seu traballo á fronte do partido coa de deputado. Entre el e Castelao tiñan que asumir as máis altas responsabilidades da política galega. Ambos os dirixentes galeguistas estaban moi preocupados pola sorte que podía ter o Estatuto de Galiza.

Coa viaxe sen retorno que Castelao realiza aos EEUU co fin de conseguir apoios da colectividade galega á causa republicana, Picallo queda só á fronte do Partido Galeguista, ocupando o cargo de presidente que desempeñaba Castelao.

A derradeira batalla

A sorte xa estaba botada para un exército heroico que non puido dobrigar as forzas fascistas apoiadas por Alemaña e Italia. O 15 de xaneiro cae Tarragona.

Coa caída eminente de Barcelona miles de combatientes encamiñábanse cara á fronteira de Francia. O avance das tropas de Franco xa era imparábel. A República derrubábase. O 24 de xaneiro Álvarez del Valle preguntáballo ao xefe do goberno francés, Daladier, se Francia podería acoller a uns 50.000 refuxiados. A resposta foi negativa, xa que pareceron demasiados. Porén, tomáronse medidas no sentido de permitir que pasasen as fronteiras as mulleres, os anciáns e os nenos.

O ex brigadista internacional arxentino Jesus Castilla Latorre comenta sobre aqueles momentos dramáticos:

"A evacuación dos Servicios de Barcelona comezou 24 horas antes da caída. Na noite negra, sen lúa, os paisanos puxéronse de camiño cara a Francia. Tamén soldados, desprovistos de armas, con manta en bandoleira. A poboación de Catalunya ou parte dela púxose



en movementa cara ás estradas ou o campo. Nos lugares e masías o éxodo foi moito maior...".

Milleiros de combatentes e civís intentan pasar a fonteira. O 26 de xaneiro cae Barcelona entrando triunfalmente as tropas do Franco.

Picallo parte para o paso fronteirizo de Le Perthus, que era o máis importante. As granxas, os almacéns e ata os porches das casas resultaban insuficientes para albergar os milleiros de refuxiados que se gardaban do intenso frío. Á entrada da vila, as cociñas rodantes servían café que aliviaban o cansazo e a dor dos combatentes e de familias enteiras que chegaban exhaustos.

En Francia agardaban por el os campos de concentración. 470.000 personas lograron chegar ao país "amigo". Argelés -sur- Mer y Saint-Cyprien, Barcarés, Gurs, Bram, Agde seran algúns dos campos de concentración, onde se amoreaban os cansados e famentos combatentes. Na noite do 27 ao 28 de xaneiro, o goberno francés abriu as fronteiras aos civís e combatentes feridos. O 2 de febreiro pasaran a fronteira máis de cen mil refuxiados. O 9 de febreiro péchase definitivamente a fronteira e a posibilidade de escapar daquel inferno.



EXILIO

Picallo xunto a Castelao nos EEUU

Derrotada a república, Picallo agarda ata o último intre para partir ao desterro. Xunto con Marcial Fernández diríxese ata Perthus, na fronteira francesa, e dende alí ata Perpignan. Despois trasládase a París e dende alí a Cherburgo, onde intentará embarcar para Nova York. Ambos sacan pasaxes para o barco 'Aquitania'. Algúns atrancos burocráticos impiden que Picallo embarque a tempo, téndoo que facer no 'Queen Mary'; finalmente, chegará á cidade dos rañaceos en marzo de 1939.

"Unhas poucas horas –conta Picallo– despois de cruzar a fronteira catalana para Francia, por Le Perthus, xunto co exército republicano en derrota, no coche de Marcial Fernández, Director do Corpo de Carabineiros, estando no Hotel Salas de Perpignan, recibimos el e eu un telegrama de Nova York, que nos encheu de ledicia.

A Frente Popular Galega de Axuda a República Española da gran urbe norteamericana chamábanos aos dous para que formos a dar ali un ciclo de conferencias. Asinaba Ramón Mosteiro, un veciño meu de Sada, que era daquela Presidente da entidade. Este Ramón Mosteiro estivera con nós en Catalunya darredor da Noite Boa, cando a guerra estaba a punto de rematar, co resultado que todos xa previamos. Fíxose gran amigo noso e dixonos que en chegando a Nova York se ocuparía da nosa situación. Así o fixo aquel gran galeguista e republicano sadense; e cando leu na prensa norteamericana a noticia do gran éxodo, o 10 de febreiro de 1939, mandounos o telegrama. Dicianos nel que nas oficinas da Cunard Line de París, tiñamos á nosa disposición



unha pasaxe en clase turista no gran trasatlántico 'Queen' Mary e 50 dólares en efectivo para cada un. O telegrama fixémoslo asinar no Consulado norteamericano, como transeúntes para os Estados Unidos, o que nos serviu de Laser paser evitando con el que os senegales nos levaran a un campo de concentración... Chegamos a Nova York o 29 de marzo. Tamén falarei no seu día da emoción da chegada e do recibimento. Do encontro alí con vellos amigos, parentes e compañeiros de escola. Con Castelao e con Basilio Álvarez; con Pérez Dacal e con Emilio González López e con cen máis. Cómpre dicir que o oitenta por cento das colectividade españolas de Nova York compoñennas galegos, e que, á súa vez, destes galegos, máis da metade son da miña comarca das Mariñas de Betanzos, das dúas bandas da Ría. Todos sen unha soa excepción, republicanos e bos galegos, inxeis, cordiais e xenerosos.

A guerra estaba perdida, e deixaba tras da derrota o angustiioso problema dos refuxiados nos campos de concentración de Francia. E os galegos de Nova York, que aportaron inxente axuda durante a loita, non pararon os seus esforzos. Abriron inmediatamente unha campaña para xuntar fondos e fletar un barco que trouxera a México desde Francia, o maior número posibel de refuxados. A iniciativa galega foi recollida e dirixida por Sociedades Hispanas Confederadas, e cos fondos recollidos nela, fletouse o vapor Ipanema, o segundo que chegou a México cargado de refuxiados, galegos na súa maioría.

Marcial e eu, despois de tomar parte en varios actos en Nova York e aledaños, fomos nomeados para percorrer as principais cidades de 21 estados da Unión, dando conferencias e recollendo fondos. Púxose un auto á nosa disposición, conducido por un magnífico rapaz José Lores, de Lérez. E unha especie de Manager encargado dos cartos. Este era un maravilloso "chueta" mallorquín, que nas "parrafadas" máis emocionantes dos nosos discursos mandábanos parar. Abria os brazos e dicía:

'A ver, ¿quen me dá 10 dólares por este emocionante párrafo que acaban de escoitar?'. Os billetes caían que era unha bendición, e despois seguía o discurso. Lémbrome que unha vez, Marcial e eu fomos solicitados para dar unha conferencia en forma de información, encol da guerra e das súas causas políticas e sociais, nun Inra unha exposición serena e obxectiva que non se prestaba a facer "latiguillos" con aplausos interruptores. Os aplausos foron moitos pero soamente ao final. O noso "manager" declarou que a charla fora magnífica, moi "ilustrativa" e moi "documentada"; mais el protestou porque non houber aplausos máis que unha soa vez, con moita perda en dólares. Hispanas Confederadas pagábanos 25 dólares por semana e os gastos pagos. De que os gastos foran os mínimos encargábase o devandito



"mananger", que o primeiro que facía ao chegar a cada sitio, era enteirarse dos hoteis máis baratos para nos aloxar e comer. Soubemos despois que o tal "chueta" fora o mellor administrador que tivera a Axuda á República Hespañaola e que fôra desa función, na súa vida privada, dispoñendo dos seus cartos, era un espléndido e muñificente cabaleiro..."

Emilio González López relata o seu encontro con Picallo e Castelao: *"En Nova York, e xa coa comunidade galega asociada na Frente Popular Antifeixista Galega, tentou Castelao formar unha organización que puidera operar dentro da terra ao servizo da causa de Galiza. Con este fin chegou a Nova York un capitán galego. Mais a fin da guerra que xa se apresuraba ao entrar no ano 1939, frustrou esta empresa. Eu cheguei a Nova York a mediados de abril de 1939. Na mesma tarde do día da miña chegada, reuníme na Frente Popular Antifeixista Galega con Castelao, Suárez Picallo, Basilio Álvarez e Marcial Fernández"*.

Cando Picallo e Marcial Fernández chegan a Nova York, estábanos esperando Castelao, Luís Soto e Basilio Álvarez, quen chegaran uns meses antes.

A colectividade tíñalle organizado un grande acto onde serían os oradores principais, para despois percorrer boa parte dese inmenso país facendo campaña de apoio á España republicana.

O acto estaba marcado o 5 de marzo no Royal Windsor. A prensa da emigración sinalaba con grande entusiasmo a chegada de Picallo. O periódico Frente Popular sinala:

"Enorme interese despertou o grandioso festival que prepara - Frente Popular Antifascista Galega- esta potente organización de axuda a España, para conmemorar o primeiro aniversario da súa fundación o cal segundo acordo da súa Xunta Xeral e corpo directivo adicaron aos mártires nenos españois aos quen se desexa enviar un cargamento de latas de leite que ascenda a medio millón de latas.

A Frente P. A. Galega hoxe máis que nunca firme na súa decisión de loitar e cooperar con toda a súa enerxía e forzas á derrota do fascismo está e estará no seu posto de loita cooperando con maior unidade se cabe a que a retagarda de América amose o seu incondicional apoio á batalla que os traballadores conscientes do mundo presentan aos eternos traidores e para o cal hoxe como onte e como mañá seguirá polo camiño trazado ata conseguir que España sexa Libre e que o seu Pobo obteña o lugar que lle corresponde no mundo libre.

Para esta festa do 'Neno' virá de España expresamente o incansábel loitador e fogoso orador, Ramón Suárez Picallo, deputado pola



Coruña; avogado asesor do comisariado de guerra e Presidente do Partido Galeguista, quen nos traerá a voz dos loitadores que con sen igual valor sosteñen contra o mundo enteiro a bandeira da liberdade".

Sebastian Palmer, quen acompañou a Picallo e a Fernández, convértese en cronista da xira a través do periódico Frente Popular:

"Tras unha viaxe bastante accidentada, debido ás inundacións no Estado de Ohio, chegamos a East San Louis, Illinois, onde fomos amablemente recibidos pola familia de Vicente Carril, que nos colma de atencións. No local da Sociedade "Comité Español de Axuda a España" somos hóspedes de honra e agasallados esplendidamente.

Non obstante, nun recanto da sala, amoucado e pensativo, está o compañeiro Picallo coa mirada distraída e finxindo indiferencia ás demostracións cordiais dos camaradas que nos rodean. Ante a súa actitude veñen á miña mente as sonoras estrofas da "Morte do Cisne" e parodiando a Rubén Darío, medito íntimamente: !Picallo está triste! ¿Que lle pasa a Picallo?

E ao achegarme solicito a el descubro a causa da súa tristura, que é toda unha traxedia:

¡Aquí son todos asturianos e só hai un galego, o barbeiro que non é da súa provincia, nin do seu partido, nin da súa aldea! ¡Pobre Picallo, tanto como lle gusta falar da terra, das vaquiñas e dos porquiños, e esta noite vai ter que permanecer "silencioso e cuberto de pó", como a famosa arpa de Gustavo Adolfo Bécquer.

O mitin, aínda que pouco concorrido, dá un resultado espléndido, máxime se se pensa no natural decaemento de ánimo e na crise económica desta rexión fabril e na que escasea o traballo dun xeito alarmante.

Ao día seguinte trasladámonos a San Luis de Missouri, atravesando toda a cidade e a súa inmensa barriada obreira, que denota a simple vista a falla de traballo antes aludida e a pobreza en que vive a clase traballadora. Rúas tortas e cheas de lama. Casas de madeira e carcomidas (...) Criaturas famélicas e farrapeiras que entristecen o espírito e dan a sensación vivida da traxedia en que viven. ¡Chaga sangrante dun réximen podre que contempla con indiferenza neurótica a miseria dolorosa dos desherdados da fortuna!

En San Luis tamén os españois posúen a súa casa, coquetona e fermosa, onde alberga as súas actividades o "Comité Español de Socorro". Os compañeiros Menéndez e Fernández introducénnos aos demais camaradas que contribúen, coa súa parola amena e agradábel, a desfacer a impresión recibida no barrio pobre da cidade.

Pero antes de comezar o mitin, co salón case cheo, achégasenos unha comisión do Comité Feminino, acosándonos con numerosas



preguntas acerca de S.H.C. Polo ton en que son feitas sospeitamos que algo ocorreu. Indagamos e unha boa compañeira explicanos o misterio:

Un "amiguiño" de S.H.C. (sería o "camarada" Roberti, o que escribiu a carta a La Prensa?), espallou a "boa nova" de que S.H.C. non mandaba os cartos a 19 refuxiados porque o gardaban para repartírllelo aos do Comité Executivo.

Vista a magnitude e gravidade do caso, prometemos contestar dende o escenario, para que se enteirasen todos, todas as preguntas que se nos fixesen acerca de S.H.C., a súa administración, as súas actividades e os seus problemas. A tarefa foi ardua, mais consólanos o saber que saímos airosos do noso cometido e que en San Luis, Missouri, S.H.C. segue na mesma estimación que se lle tivo sempre e que o "Comité Español de Socorro" continúa o seu meritorio labor de axuda a España, especialmente o seu "Comité Feminino" que traballa con entusiasmo e sen descanso agora máis que nunca por descubrir o engano de que foron vítimas.

Camaradas dos dous San Luises: en nome de Picallo, de Fernández, de Mares, de S.H.C. e deste, o voso fraternal amigo, moitas gracias a todos pola vosa amabilidade e por vosas atencións".(Frente Popular, Brooklyn, N.Y., 5 de maio de 1939).

"Youngstown, como Donora, son pobos industriais nos cales as casas se amorean en torno á fábrica ou á fundición. Os obreiros, cales dilixentes abellas, agrúpanse arredor da colmea, como temerosos de que ao afastáranse lles faltase a súa calor, e entristécelles a vida ao non estareren preto dos seus fornos que asan e das súas máquinas que aniquilan. ¡Que mal pagan os explotadores do obreiro esta fidelidade e este cariño ao traballo!

O noso local de Youngstown, modesto e sobrio, único albergue espiritual do proletariado español, vaise animando a medida que se espalla polo pobo a voz da nosa chegada. Homes cansos, suorosos e arquexantes tras longas horas de rudo labor, antepoñen o seu descanso e o seu aseo á nosa presenza e alí acoden en gran número para saudarnos e darnos a benvida.

No local contiguo celébrase o acto, e tras as consabidas presentacións de rigor, feitas con tino e bo gusto polo compañeiro Casal, que á vez preside a mesa, óese a voz serea e firme de Marcial Fernández e Suárez Picallo que conseguen emocionar os concorrentes coa descrición das escenas por eles vividas nos campos e cidades da nosa querida España. Preto de min hai dúas anciás que deixan correr libremente as bágoas polas súas meixelas, e eu penso que estas mulleres, xa no solpor das súas vidas e lonxe da terra que as viu nacer, pagan co seu pranto a homenaxe



sincera á patria que nunca máis volverán ver: Unha polaca, esvelta e simpática, a compañeira Sally, fai con arte e delicadeza unha espléndida colecta, o que é aplaudido con entusiasmo pola concorrencia.

Ao final somos obsequiados cunha magnífica cea, quedando todos sumamente compracidos. Eles do noso labor e nós das innumerábeis atencións recibidas.

O sábado 6 chegamos a Weirton, W. Va., onde xa se nos esperaba con ansiedade na casa de Xosé García. O noso Comité en pleno dános a benvida oficial e poucos son os compatriotas que non acoden a saudarnos e a ofrecernos as súas casas. É un verdadeiro puxilato o que se forma por quererem todos atendernos no espazo dunhas horas. Para quedar ben con todos sería preciso quedarmos aquí uns meses.

No local da Sociedade Polaca e presidido polo compañeiro Antonio Ridaio, celébrase o noso acto co salón ateigado de público. Noto con agrado que entre a concorrencia hai caras coñecidas doutros lugares que non lembro. Penso, indago e á fin entéirome de que viñeron dende Donora e dende Youngstown compañeiros que querían sentirnos por segunda vez.

Despois hai baile e variedades que contribúen grandemente a engrosar a cantidade colectada a favor dos refuxiados, vítimas do sanguinarismo feroz duns bárbaros que pretenden afogar as liberdades do mundo e destruír os residuos da civilización actual. Pero mentres queden na terra homes e mulleres co espírito e a abnegación dos homes e as mulleres dos Estados Unidos, tal desgraza para a humanidade non chegará a consumarse, e axiña, se cadra máis axiña do que nós mesmos imaxinamos, España será novamente reconquistada para establecer nela definitivamente o reinado da xustiza e o imperio da liberdade.

Indúcenos a tal afirmación o entusiasmo que eses bos camaradas de Weirton, W. Va., amosan pola nosa causa e a fe inquebrantábel que depositou nos destinos do pobo español. Tras unha noite de continuos agasallos abandonamos emocionados e entristecidos as boas amizades conseguidas en Weirton e trasladámonos a Canton, no estado de Ohio.

No local coquetón do Comité de Axuda á España Leal, recibenos amabelmente unha nutrida representación da colonia española e hispano-americana. Dende alí dirixímonos ao salón preparado para o noso acto, atopandoo ateigado de xente e predominando o belo sexo.

Ocupamos o proscenio xunto co compañeiro Librer, que preside, e unha comisión feminina do Comité Local. Aquí teño unha admiradora que era para min descoñecida, e que a ela teño que agradecerlle o ser coñecido e admirado nesta cidade. É unha cativa moi fermosa e moi simpática que recitou todos os meus ripios poéticos publicados en



Frente Popular e que pola súa pericia en recitalos conseguiu facerme dunha popularidade que sinceramente agradezo e estimo no que vale. Graciñas pola miña parte, amiga e compañeira, e esperemos confiados na reconquista do noso país para ter a satisfacción de poder dicir que tanto ti coma min e como outros milleiros puxemos a contribución do pobo español as nosas aptitudes e o noso entusiasmo. ¡Graciñas!

A concorrencia é pródiga en aplausos que resoan naquel vello caserón, antigo local dunha Igrexa, cunha intensidade que asusta, Picallo está maxistral describindo as diferenzas entre a España monárquica e a republicana. A súa palabra fácil e convincente arranca verdadeiras ovacións. Marcial Fernández non lle vai atrás e tamén logra, co seu verbo florido, entusiasmar a xente que o aplaude de vez.

Despois, xa outra volta no noso local, organizase o que poderíamos chamar unha Asemblea Xeral de S.H.C. en miniatura. Picallo preside, Marcial actúa de Secretario Xeral e eu de Secretario de Propaganda.

Aberta a sesión discútense acerca dos refuxiados, a súa repatriación e o seu destino; da próxima reconquista de España e do seguro esmagamento dos traidores que a entregaron e ata hai quen apunta o primeiro ministro que debería rexer os destinos da República.

En fin, que canto máis avanzamos na xira, máis firme é a nosa convicción de que España é inmortal e de que nin Franco, nin Hitler, nin Mussolini conseguiron domala. O espírito do Empecinado reencarnou nos españois e derrotalos é simplemente imposible. Tomade nota disto, vós, 'follones' sen escrúpulos, que aínda pensades que os pobos son dominados polo terror. ¡A España destruístela, pero endexamais a venceredes!'. (Frente Popular, Brooklyn, N.Y., 19 de maio de 1939).

Durante a estadia en EEUU Picallo aprofunda a relación cos sectores anarquistas da colectividade española. Os enfrontamentos entre os comunistas e anarquistas no seo da colectividade repercute entre os recén chegados. Mentres Castelao conta co apoio do Partido Comunista, Picallo -que xa fora avogado dos anarquistas durante a guerra- inclínase polos sectores libertarios. Este posicionamento de ambos os líderes galeguistas iraos distanciando momentaneamente.

Entre mentres, Picallo prepara os seus últimos días no xigante do norte.

"Un limitado grupo de amigos de R. Suárez Picallo reuníronse para testemuñarlle a súa amizade e prometerlle que, aínda que separados pola distancia, uns e outros seguirían traballando pola dignificación da Patria Chica e a Patria Grande: Galiza e España. Coub o honor de organizar aquela humilde cea de despedida, a un grupo de bos antifascistas nados en Sada. Ofrecíaselle ao compañeiro entrañábel, que tamén nacido en Sada, partía, como o eterno camiñante, cara



á outras latitudes. ¡Sempre -como Don Quixote- rompendo lanzas pola xustiza e a dignidade humana...! Foron as palabras máis salientábeis de Picallo aquelas en que afirmaba que na loita pola Liberdade, a súa soñada Dulcinea, comezaba sempre por apoiar o seu caxato en Sada, e marchar sempre tras o Sol, na ansia eterna dos galegos de saber onde se poñía o astro rei, cubrindo así, sen darse conta, toda a redondez da terra. Naquela festa íntima, que en todo tempo tivo tanto de espiritual, como de material, reuníronse unhas cen persoas.

¡Mágoa que non nacesen cen mil...! Porque alí, impúxose con asombrosa facilidade o sagrado imperativo dunha unidade sen dobreces.

O corolario material desta cena íntima, consistiu nunha colecta, que foi entregada en S.H.C. de 165.00 dólares" (Frente Popular, Brooklyn, N.Y., 14 de xullo de 1939).

"Como antes se celebrara unha cea íntima para despedir o noso bo amigo Marcial Fernández, hai algúns días organizouse outro acto similar para despedir e saudar o amigo e compañeiro daquel, R. S. Picallo. Marcial partiu cara a México; Picallo, cara a Santo Domingo.

Picallo é español, galego; de Sada. Non concibe a liberdade en Galiza se non está liberada España. Non concibe a xustiza en España se Galiza non goza da súa propia liberdade no concerto dos pobos libremente federados de Iberia.

A cea de despedida a Marcial foi organizada por un pequeno grupo de galegos. A cea de despedida a Picallo foi organizada por un pequeno grupo de nados en Sada. Ambas foron eminentemente íntimas e eminentemente simpáticas. A cea de despedida a Marcial xa foi comentada no Frente Popular por outro compañeiro. Comentemos brevemente a sinxela despedida a Picallo.

Estaban reunidos uns oitenta antifascistas. Foi unha verdadeira mágoa que non fosen oitenta mil. Porque o acto derivou cara a un verdadeiro mitin de afirmación antifascista, e máis que antifascista un mitin de canto á liberdade do individuo en relación coa sociedade e calquera medio coercitivo, chámese ou non de Estado. Fixeron uso da palabra, Antonio Rodríguez, Picallo, o Dr. Martí Ibáñez, Juan Arévalo, Luís Soto e Jesús Arenas. Imposíbel reseñar aquí tanto aqueles compañeiros dixeron. Unicamente se oían comentarios entre a concorrencia, "que así se debía falar sempre", co que testemuñaban que non sempre os que falaron aquela noite se expresaban nos mesmos termos.

Da calidade daqueles antifascistas, responde, pódenos dicir moito a cantidade de cento sesenta e cinco dólares que se fixeron nunha colecta para os refuxiados e que ingresaron no S.H." (Frente Popular, Brooklyn, N.Y., 14 de xullo de 1939).



Exilio dominicano baixo a ditadura de Trujillo

En xullo de 1939 Picallo marcha á República Dominicana. Os Estados Unidos era un país difícil para refacer a súa vida laboral. A dificultade do idioma levouno a elixir outro país como República Dominicana, onde estaban necesitados de xornalistas e profesionais de todo tipo. O presidente deste país, Rafael Leónidas Trujillo, foi durante a guerra civil un amigo da causa republicana. Estes antecedentes foron tomados en conta por un grupo numeroso de exiliados para elixiren esta illa para residir. Co triunfo do bando franquista, o ditador caribeño foi cambiando a súa posición e comezaron as fricións coa colonia exiliada.

Picallo foi un dos primeiros exiliados en radicarse neste país, chegando en barco ao porto de Ciudad Trujillo, antigo Santo Domingo. Porto que está encaixado na desembocadura do río Ozama e se estende ata o lugar onde Colón amarrou por primeira vez a súa carabela ao pisar o Novo Mundo.

Os primeiros días en Ciudad Trujillo pasounos nun hotel, para logo trasladarse a vivir ao Instituto Cristóbal Colón, colexio fundado por un grupo de intelectuais españois refuxiados. Picallo entre outras actividades deu unha conferencia sobre Santiago de Compostela, que foi presentada polo Ministro de Instrución Pública. O éxito desta e a repercusión xornalística orixinaron que a dita conferencia fose repetida noutras cidades da República Dominicana.

Segundo algunhas versións serviu como instructor de Ramfis Trujillo e deulle clases de oratoria a Flor del Oro, os fillos do ditador.

Neste país contactou con outros intelectuais exiliados residentes na illa, entre eles Mosqueira Manso e o profesor Almoyna, de Lugo.

No transcurso da súa estada en República Dominicana mantivo distintas reunións con Santiago Álvarez, do Partido Comunista, que fora enviado polo seu partido para organizar os exiliados. En novembro do 1939 entrevistábase con Osorio Tafall, quen visitou a este país en representación de Negrín. A relación con ambos os dirixentes do exilio non foron boas. Picallo padecerá en carne propia a política prepotente dos comunistas durante a Guerra Civil. O deputado de Sada prefería a amizade de Eugenio Granell que por aqueles anos era músico e destacado militante do POUM, un partido comunista que estaba enfrenteado co estalinismo.

En 1940 asumiu a dirección do recién fundado diario La Nación. Na redacción deste xornal estaban tamén os exiliados Elfidio Alonso, Eugenio Granell, Fernando Alloza e Manuel Valdeperes.



O 27 de febreiro de 1940, sentado na redacción do devandito xornal, volveralle a escribir a Blanco Amor unha carta que relata toda a dor polas perdas familiares:

"Querido Eduardo: Un día angustioso da túa vida, cando túa nai estaba morrendo, fixéchesme unha encarga. Cumprina denodadamente. Pouco despois, cando túa nai se foi e quedaches só, leveite ao meu fogar. Quería que a calor dos meus mitigase, en parte, a túa dor. No sei se o logrei. Pero esa foi a intención. Pois ben, eu atópome hoxe igual que ti entón. Soamente, sen ter a quen dicir toda a dor da miña alma. Hai uns días, Meilán, de Montevideo, dime que morreu o meu irmán Leonardo. O bo, o querido, o discreto Leonardo. Oito días antes escribíronme de Filadelfia, dicíndome que a viúva do meu irmán Diego, morto en Filadelfia en setembro de 1938, desapareceu deixando abandonados os meus sobriños, Eduardo de 10 anos e Teresita de 6, dúas preciosidades. Co ministro americano aquí, por recomendación dunha alta personalidade, logrei que os meus sobriños entren no Girard College de Filadelfia, o mellor dos Estados Unidos (...) Onte recibo carta da miña irmá María dicíndome que meu pai morreu dun síncope cardíaco o 4 de xaneiro. ¡Santo Deus! Como ves, imaxina como estou. ¡Axúdame! ¡Escríbeme! Non teño a quen falarlle no mundo. Por se todo isto fose pouco, hai uns días recibín unha carta de Cubeiro, que despois de ti é o amigo que máis quero, inxuriosa, inxusta, indigna del. ¡Vaime oír! (...) ¿Pois non me di que son un vendido ao fascismo?"

Hai un mes chegou aquí unha requisitoria do Goberno Español pedindo a extradición de 123 españois, no número 2 está o meu nome (...). E ese imbécil de Cubeiro dime que debía quedar con Franco (...) Os outros dous mencionados eran o último gobernador republicano de Santander e o Presidente do Tribunal Central de Alta Traición e Espionaxe da República".

Neste país residiu un ano, téndoo que abandonar debido ás presións políticas do goberno de Trujillo. Picallo estivo a piques de se converter nunha nova vítima do ditador. Os eus amigos Xesús de Galíndez e o profesor Almoyna foron perseguidos por axentes trujillistas ata México e Nova York onde foron asasinados. Segundo contan testemuñas daqueles acontecementos, a ruptura de Picallo con Trujillo debeuse a un artigo onde protestou polo feito de que o ditador mantivese retido un barco de exiliados españois, que só entrara no porto para aprovisionarse e seguir rumbo a México.

"Isto é impropio dun país civilizado", escribiu indignado Suárez Picallo. Á media hora de editarse o artigo, unha chamada telefónica desde o consulado chileno advírtelle de que a súa vida corre perigo.

A saída de Santo Domingo, os primeiros días de setembro de 1940, será sumamente complicada. Ten que recorrer a un diplomático chileno,



o escritor Víctor Domingo Silva, quen lle facilitou un pasaporte semi-oficial deste país, co que logrou saír vía Haití e Panamá, para logo trasladarse nun barco, o 'Cristóbal', deica Chile.

Chile, 1940-1956

Chegou a Chile a mediados de setembro de 1940, escapado e co posto. O seu obxectivo era estar o máis preto posíbel de Bos Aires. Alí atopábanse Castelao e a maioría dos exiliados galegos. Para Picallo, Bos Aires seguía sendo a súa verdadeira casa. A pesar disto, o seu traslado a esta cidade verase impedido polos gobernos militares que rexe-rán os destinos deste país.

Aos poucos días da súa chegada, participou dun acto de homenaxe a Companys, organizado polo Centro Catalán, onde falou apaixonadamente deste nacionalista. Malia o seu inicial entusiasmo, no corpo traerá varios recordos do seu paso polo Caribe. É así que rapidamente se lle desatou unha febre tropical e unha enfermidade da pel, que o obrigou a estar hospitalizado varios días.

O 21 de outubro de 1940, escribiulle a Blanco Amor, con moita avidez de coñecer cal era a situación política dos galegos de Bos Aires. A falla de información poñerao moi nervioso. Picallo quería saber cales eran as opinións de Castelao. De se Seoane e Cuadrado estaban baixo a influencia comunista, etc. Na mesma carta sinalalle a Blanco Amor:

"En canto sande propoñoñome facer política. Fareina dende aquí ou dende aí. Propoñoñome dar aínda algunha sorpresa. Aprendín moito. Sei moitísimo e falarei moitísimo. Non estou disposto a seguir, nunca máis, a ninguén. Nin en América nin en Galiza. Sigo mantendo dous principios: Galiza sobre todas as cousas; e despois os meus amigos persoais, intelectuais e espirituais..."

A súa delicada situación de saúde levouno desesperadamente a recorrer a Blanco Amor para que xestione ante os seus amigos de Bos Aires unha axuda económica que lle permita a subsistencia, mentres non poida traballar. A correlación de forzas na Federación de Sociedades Galegas cambiara. Por aqueles anos os exiliados comunistas recentemente chegados da Guerra Civil, fanse cargo da Federación. Tanto Luís Seoane como Arturo Cuadrado pasaron a militar na órbita filo-comunista xerando futuras fricións co sector galeguista. Picallo séntese só, enfermo e sen partido.

En Chile, comezou traballando no xornal *La Opinión*, para logo pasar a *La Hora*, órgano oficial do Partido Radical. Neste xornal tiña unha columna onde asinaba co pseudónimo de 'PICK-UP'. Tamén colaborou durante tres anos en *El Sur*, da cidade de Concepción de Chile



—onde tiña unha columna denominada 'La Feria del Mundo'—, na *República* e na revista da colectividade catalana *L' Emigrant*.

En novembro de 1940 deu unha conferencia para a Escola militar baixo o título de "Delitos e faltas militares en tempos de guerra".

O seu labor político, realizouno no Centro Galego da capital do país andino e no Centro Republicano.

En 1942 escribiu un libro (que nunca se editará) sobre a situación dos refuxiados españois na República Dominicana. Segundo Picallo, este non fora publicado para non prexudicar a situación crítica destes refuxiados. O devandito libro, como ben deixa entrever en carta a Blanco Amor, é unha forte crítica aos dirixentes da república no exilio e ás propias autoridades dominicanas.

Aproveitou os seus primeiros anos de exilio en Chile para meditar sobre os duros acontecementos da Guerra Civil. A súa soidade fronte aos Andes e o seu primeiro ano cheo de enfermidades, déronlle o tempo preciso para tirar conclusións. En Chile logrou sintetizar toda a súa traxectoria política e as súas vivencias persoais.

A guerra civil marcouno para sempre, a súa relación cos comunistas durante a contenda pasaría por momentos moi difíciles, a tal punto que loitou xunto aos anarquistas na fronte de Aragón. Noutra carta desde Chile a Blanco Amor de 1942 diralle:

"Canto me alegre agora das miñas amarguras durante a guerra. ¡Que foron moitas! Canto me alegre de que me tivesen arredado de altos cargos, arrecunchado, por non dobregar a miña independencia. ¡Foi unha grande sorte! Porque eu dígoche que non se salva ningún!"

No transcurso da súa estadía en Chile, viviu na rúa Carreras 640 da capital andina. Na súa longa permanencia percorreu todo este país dando conferencias, unhas veces relacionadas coa situación de Galiza e outras por motivos laborais. Nestes anos, participou dunha campaña sobre o consumo do pescado, contratado pola Universidade de Santiago de Chile. Escribiu un libro, titulado "Os dous mil xeitos de preparar o peixe. Deste xeito percorre o litoral chileno, porto a porto do Pacífico, falando do mar e da súa riqueza.

Suárez Picallo áchase só e deprimido. Os seus compañeiros están en Bos Aires. Con Blanco Amor, o seu grande amigo, ten unha asidua correspondencia, pero iso non abonda. En febreiro de 1943 Picallo mandáralle unha carta, na que sintetiza toda a súa tristura, a soidade e o cariño pola súa persoa:

"Calima do Oeste: Presente, meu capitán.

Aquí, nun recuncho da Costa "do outro mar", mariñeiro sen praza,



escoito, agora mesmo, a túa chamada, Capitán Blanco Amor. Aínda que os novos ou vellos señoritos 'spromen' non o saiban, eu sigo ataleando, no asexo, adicado a recoller sinais no día e a noite. Os sinais vellos, de Sada, de Veloi, de Morazón e de Carnoedo. ¡Ouh Carnoedo, loiro e nadador, encolgado nunha inxente ribeira, simbolizando nun ergueito pino, lanzal e fidalgo, enriba de Cirro, con Curbeiroa, Riobao e Taibo!

Fáltannos mariñeiros, Capitán Blanco Amor. O noso Antón –meu irman Antón– morreu aquela noite de agosto, crucificado de balas, no baldío de Areosa. Eduardo, aquel mariñeiro aldeano, loiro, con traza de lord inglés tamén morreu. ¡Nunca máis empuñará o temón, camiño dos caneiros de Betanzos! E a velliña que nos facía o caldo, e o vello zoqueiro, de irtos bigotes, en cuxas mans comían os cuxos as espigas de millo leitoso, morreron tamén. ¡Todo aquilo, con aquel Ourense teu, que criaba percebes nos troncos dos loureiros, fôronse para sempre, meu amigo e capitán!

Por iso ti, devoto e leal á nosa vella dorna mariñeira, que se chama Galiza, que tivemos que tripular un día, nun porto de tránsito, con Alonso Ríos, con Chuco Regueira, co Mosquera, con Cao Turnes, co vello Campos Couceiro, voltas a navegar nela, cara a novos horizontes, que substitúan os novos, sentado na chopeta de popa, mandando dar couce, e asimán, despregando e recollendo risos, facendo no comando a sexta garda. ¡Resérvame un turno, Capitán! ¿Porque lle conservo moita lei á nosa vella dorna! Cecais non poida ser como tripulante efectivo, escrito no rol, porque estou moi vello e moi escarrancado; pero podo aínda facer de Turmán; cecais non saiba moito das ciencias novas da navegación, que os mariñeiros de oficina, que nunca viron o mar; nomean oceanografía, astronomía ou telemetría; pero adeprendín con Mangúa a cravar o ouvido no caurel e, polo renxido do mar, na escuridade da brétema saber se estamos enriba de baixío ou en plena mar aberta; e non esquencin que, cando as 'Tres María' están tirando a Coitelada e o 'Carro' cae perpendicular sobre do Corno de Lourido, son xustamente as doce da noite.

Paréceme que con non ter esquencido estas vellas cousas de mar, teño dereito a un turno na túa sexta garda; e, se non podo embarcar, confórmome con ser fareiro dende esta outra Costa, para mandarlle, de cando en cando, un refacho luminoso á nosa vella barca.

¡Canto quixera eu –¡ Santo Deus!– empuñar un remo á túa beira, Capitán! Contaríamos vellos contos, ao conxuro da ardentía do mar, e puidera ser que aínda renovásemos vellas ilusións, encol da liberdade e encol da Patria. Poida que as ilusións non se cumprisen, pero polo menos, elas serían plegaria da nosa agonía, á beira mesma dos camiños



que levan aos dominios do Alén. ¡Ben sei que non pode ser! Non me coñecen os novos tripulantes da nosa vella barca! E resignome a vela desde lonxe. O seu velame –¡cremo, Capitán!– é a única estrela que alumea a tépeda e tebrosa noite da miña absoluta soidade espiritual. Repito: da noite sin luz, da miña total, absoluta e irremediábel soidade, que me condena a vivir comigo só e a morrer nun deserto só connigo!

De aí, meu vello amigo, a estremecida emoción que me sobrecolleu de cabeza, a corazón e a pés, cando, desde o meu faro solitario, no recuncho dunha Costa do mundo, escoitei nomearme, facendo reconto dos vellos tripulantes. Pois ben; escoita a miña resposta:

Presente meu Capitán.

Navegues como queiras, poñas proa a Norte ou a Sur, ao Leste ou a Oeste, a calquera dos puntos da Rosa de todos os ventos, eu, que te coñezo, sei de antemán que sempre irás a dar a Porto libre e salvo, coa nosa vella dorna, que se chama Galiza e liberdade.

Onte, hoxe, mañán, despois e sempre, para facer esta travesía, con calma chicha ou con duro leste, polo asexo ou polo amanexo –non o esquezas– sempre contas comigo, meu vello Capitán.

Porque, como dicía o conto: ¡Para mariñeiros, nós! ¡Ainda que os 'spromen' de agora nos teñan esquencidos, por mor da súa inxente sabidencia encol da oceanografía, da astronomía e da telematría! Unhas ciencias grandes e maravillosas, que lles serviron para afundir a barca en que navegan.

Gracias a Deus que a nosa, por virtude da sabiencia, menos trascendental do Mangúa, aínda segue navegando, disposta a capear novos temporais.

¡Ei, lancha! ¡Vai a lancha! (Carta a E.B.A, Santiago de Chile, febreiro de 1943).

O 15 de novembro dese ano, Picallo dá unha conferencia na Universidade Nacional de Chile, auspiciada polo Instituto Cultural Chileno-Español, sendo o tema da exposición "El Mar y Chile". Na Arxentina mentres tanto devecían as posibilidades de retorno; un golpe militar propiciado por un grupo denominado GOU faise cargo do goberno. Entre os militares está o Coronel Perón, que por aqueles anos simpatizaba coa Italia de Musolini.

Galeuzca no exilio

Unha das primeiras iniciativas políticas dos exiliados galegos foi a recreación conxunta de Galeuzca. Iniciativa semellante á que se forxara durante a segunda república entre os nacionalistas vascos, cataláns e galegos.



O 17 de outubro de 1944 publicouse en París un manifesto dando conta a reaparición de Galeuzca no exilio. O histórico documento ía asinado por José Aguirre, Presidente do Goberno de Euscadi, Carlos Pi Sunyer, Presidente do Consell Nacional de Catalunya, e Afonso Daniel Castelao, Presidente do Consello de Galiza. A declaración de constitución dicía entre outras cousas:

"...Catalunya, Euzkadi e Galiza (Galeuzca), pobos vinculados polo afecto e o interese común, conviñeron un firme pacto de unión, segundo o seu espírito respectivo, con solidariedade de propósitos e de fins comúns de democracia e liberdade nacional. Estas finalidades serán cumpridas mediante a máis eficaz organización interior e exterior, dos medios que desenvolvan coordinadamente cantos medios dispoñan os seus gobernos, organizacións e pobos".

"Restaurada normalmente a República e aberto o período constituínte, os tres pobos reclamarán...respecto á súa decisión democrática e libre, que Galeuzca, recollendo a vontade maioritaria, desexa que se oriente cara á Confederación Republicana Democrática Española ou Ibérica, se é o caso".

A pesar de que o documento de constitución se deu a coñecer en París, será Bos Aires o centro de actividades de Galeuzca. A partir do acordo de constitución comezaranse a organizar delegacións en distintos puntos do exilio; incluso se realizou unha reunión clandestina en Catalunya o 25 de outubro de 1945.

O entusiasmo creado pola constitución de Galeuzca e a potencialidade que amosaba a unión de cataláns, vascos e galegos, foron creando a necesidade de ir pensando en ter un órgano xornalístico desta organización unitaria. É así como nace a revista Galeuzca, en agosto de 1945, e da cal se editaron 12 números ata xullo de 1946.

Galeuzca en Chile

A fins de 1944, Rodolfo Prada, colaborador directo de Castelao, realizou unha xira por Latinoamérica, co obxectivo de organizar as Irmandades Galegas e os Grupos Galeuzca. A súa primeira escala foi Santiago de Chile, onde o esperaba Ramón Suárez Picallo. Pola noite, Prada foi homenaxeado no Centro Catalán, no cal compartiu mesa, con Pedro de Arretxabala, delegado do goberno vasco, Antón Blavia, representante catalán, e Picallo. Durante a cea, acordouse constituír oficialmente Galeuzca en Chile, despois de se ter fundado recentemente en Bos Aires. Picallo no transcurso do xantar fará uso da palabra, garantíndolle a Prada que ao voltar este de México estará constituída Galeuzca en Chile. E así foi que o ímpeto de Picallo puxera en movemento todas



as forzas de vascos, cataláns e galegos, realizando unha chea de actividades conxuntas. Ao chegar Prada a Bos Aires, declara ao xornal *A Nosa Terra*:

"A colectividade galega achábase desorientada politicamente e coa consciencia patriótica esmorecida. E Suárez Picallo con artigos nos xornais chilenos e coa verba elocuente, fixo o milagre de acender o sentimento galeguista que se manifestou rexamente no banquete de máis de trescentos comensais, co cal a colectividade galega de Santiago celebrou o derradeiro Día de Galiza no aristocrático Hotel Crillón daquela Capital".

Naquel ano, a sección de Galeuzca en Chile organizou unha homenaxe a Lluís Companys, ao cumprirse o cuarto cabodano do seu fusilamento. Picallo foi un dos oradores dese acto, de forte contido antifranquista. O correspondente de *A Nosa Terra* en Chile resumirao nos seguintes termos:

"O deputado galeguista, Dr. Ramón Suárez Picallo, fixo o eloxio do grande Mártir de Catalunya e puntualizou o significado de Galeuzca co seu programa de harmonía e de unión hispánica baseada na realidade peninsular.

Fixo resaltar Suárez Picallo o valor histórico do intre que estamos vivindo, que é punto de partida de camiños novos para a vida dos pobos. E como Galeuzca, ideal de superación e programa de realidade, chega xustamente, cando as nacións españolas conseguen a súa autodeterminación, para recoller as arelas comúns e integrar a todos os pobos da Península nun Estado plurinacional.

Pode dicirse que a grande figura catalana de Companys irradiaba dende aquela beira dos Andes unha luz clara chamada a facilitar a comprensión entre os pobos; e ao crorar desa luz, resaltaba Galeuzca como encarnación do máis alto ideal hispánico fitando designios de concordia e de superación tanto na área da Península como nas súas proxeccións universais".

Picallo converterase nunha das figuras máis salientábeis das do exilio en Chile. A súa condición de deputado republicano, a súa fogosa oratoria e a súa intelixente pluma xornalística farían del unha persoa que transcendía os marcos da propia colectividade española.

A prensa da época faise eco da homenaxe que *Galeuzca* lle rende ao propio Picallo. O 31 de novembro de 1944, o xornal *La Nación* de Santiago de Chile sinalaba nunha das súas novas que o deputado galego Ramón Suárez Picallo fora homenaxeado en Santiago de Chile, co motivo de ter cumprido 50 anos. Durante a homenaxe fixeron uso da palabra Pedro de Aretxabala, presidente honorario do movemento



Galeuzca, quen lle fixo entrega da bandeira vasca e salientou o labor de Picallo en defensa dos dereitos das nacionalidades históricas. A seguir, falou Xosé Salomó presidente do Centro Catalán dicindo que Picallo era un paladín de Galeuzca. Finalmente o noso biografiado deu as grazas dicindo:

"Galeuzca non é separatista, pois pretende que se organice unha confederación de pobos, na cal todos sexan iguais e teñan os mesmos dereitos. Galeuzca non busca un afastamento das nacionalidades históricas, senón todo o contrario..."

Creación do Consello de Galiza

O 15 de novembro de 1944 fúndase en Montevideo o Consello de Galiza, coa sinatura de Castelao, Elpidio Villaverde, Antón Alonso Ríos e Ramón Suárez Picallo. Os catro asinantes eran os únicos deputados galeguistas refuxiados en América e acordaron:

"Xuntarse nun só corpo de dirección política para gardar, manter e defender a derradeira vontade política de Galiza, mentres dure esta etapa de asoballamento na que o pobo se ve privado de toda expresión democrática. Os ditos mandatarios afirman que a vontade política de Galiza arrinca legalmente do Estatuto plebiscitado en 1936.

Os mencionados mandatarios defenderán, por conseguinte, o dereito de autodeterminación para o pobo que representan; pero considéranse autorizados a restrinxir este dereito ao que sexa racionalmente xusto e posíbel, descartando o separatismo e avogando por unha unión accionada de todos os pobos diferentes de España, ou mellor, da Península, dentro dun Estado plurinacional republicano, con garantías de liberdade para os homes e os pobos. Tendo en conta que a vontade dos electores galegos representa unha ínfima minoría de votos no corpo político de toda España e que, polo tanto, a vontade do pobo galego sería indefectiblemente vencida polo peso numérico dos votos non galegos, resulta natural que os representantes de Galiza busquen o equilibrio democrático de España a base dunha nova estrutura do Estado español, na que os pobos sexan os verdadeiros suxeitos do dereito político. Para este fin, a unidade de dirección política de Galiza no exilio emprenderá unha campaña, xunto ao Goberno de Euscadi e o consello Nacional de Catalunya, para pesar, por convencemento, na consciencia liberal e democrática dos demais españois..."

A creación do Consello de Galiza xerou un importante debate entre o galeguismo do exterior cos sectores galeguistas do interior, liderados por Ramón Piñeiro.



Coa caída de Galiza en mans das forzas franquistas e a posterior derrota das forzas republicanas, os galeguistas que aínda permanecían no país intentan unha reagrupación de forzas. Moitas son as dificultades para reorganizar o partido; a maioría dos cadros principais ou foran fusilados ou marcharan cara ao exilio. En Galiza quedaban persoas illadas que polas súas posicións moderadas non foron perseguidas, así como algúns militantes que desde posicións de esquerda loitaron xunto aos comunistas na resistencia armada. Co pasar dos anos a reagrupación galeguista vaise realizar a través dun grupo de intelectuais que admiten a imposibilidade de enfrontarse abertamente contra o réxime imperante. Comeza a xestarse entre eles unha concepción culturalista, desbotando os métodos e xeitos políticos do galeguismo encabezado por Castelao e o Consello de Galiza.

O debate cos seguidores de Ramón Piñeiro leva a Ramón Suárez Picallo a redactar un borrador sobre a significación histórica da creación do Consello de Galiza:

"Ao finar a guerra civil, en 1939, milleiros de galegos, que loitaran nela defendendo a República, na consciencia de que República e autonomía para Galiza eran cousas consubstanciadas e inseparábeis tiveron que saír mundo adiante polos camiños do desterro, especialmente rumbo ás Américas.

Entre estes emigrantes galegos forzados, había moitos que ostentaban en Galiza cargos políticos de representación popular, deputados a Cortes, deputados provinciais, alcaldes, concelleiros, ex ministros, ademais de dirixentes políticos e sindicais, profesores e intelectuais de moita valía, que se sumaron e se confundiron coas vellas institucións representativas das poderosas colectividades galegas residentes, a maioría das cales, especialmente as da Arxentina e do Uruguai eran dende sempre de signo autonomista, republicano e democrático.

E mentres que vascos e cataláns en situación igual por ter aprobados e promulgados os seus estatutos autonómicos dentro da continuidade institucional, constitucional e xurídica da República, sostiñan, e sosteñen na emigración, os seus organismos representativos desa continuidade, os galegos carecíamos dunha entidade similar por non se ter promulgado o seu Estatuto respectivo.

En efecto, o Estatuto Galego, plebiscitado o 28 de xuño de 1936, fora entregado con todas as formalidades xa cubertos os trámites marcados na Constitución da República, na Presidencia do Parlamento, para ser sometido á súa aprobación, unhas horas antes de estalar a moura traizón. Xa en plena guerra civil, o Estatuto tivo lectura oficial na sesión das Cortes, celebrada en Monserrat en febreiro de 1938; e en 1944, nas Cortes celebradas en Ciudad de México, tivo penúltimo



trámite parlamentario, ao ser nomeada alí a Comisión encargada de ditaminalo e propoñer a súa aprobación.

Galiza non tiña, pois, un "estatus" perfecto con referencia á súa autonomía, pero tiña unha forte expectativa de telo, á vista dos trámites constitucionais xa corridos polo seu Estatuto, que lle permitía crear un organismo representativo, aínda que soamente fose simbólico daquela expectativa de dereito. Ese organismo é o Consello de Galiza.

Orixe: *Castelao, cuxa vida, obra, espírito e corazón, foron íntegras para Galiza, matinou constantemente na creación do devandito organismo. El atopouse na emigración especialmente en Bos Aires coa "outra" Galiza, coa Galiza ultramariña: unha Galiza viva e palpitante de espírito de galeguidade, de fervor republicano e democrático de anxeos de liberdade para a Patria, que vía no noso líder, non soamente o glorioso artista, senón que tamén o guieiro ideal, o condutor dun pobo.*

Esta Galiza que se volcara íntegra en favor da proclamación da República Federal, que apoiara política, espiritual e economicamente, as campañas a prol do Estatuto autonómico, e que, durante a guerra civil, foi a forza maior e máis vital da axuda aos combatentes da legalidade republicana na que vían a posibilidade da autodeterminación política de Galiza, non se resignaba a acatar pasivamente os resultados inxustos da guerra civil. E pasados os primeiros íntres de angustiado estupor quixo seguir loitando dende a emigración polos vellos e ben amados propósitos e ideais de liberdade e democracia para a Patria galega. Mais, para que a loita fose eficaz, necesitábase unha entidade que a orientase por riba da discrepancias de matiz político, filosófico e ideolóxico –absolutamente naturais e lícitas en todo organismo democrático– existentes no seo das nosas entidades colectivas. Unha entidade que, en certo grao, representase dalgún xeito a vontade libremente expresada do pobo galego; unha entidade que fose aceptada, recoñecida e respectada por todos, como representación da Galiza democrática e autonomista que se manifestara nas eleccións de febreiro de 1936, e no Plesbiscito de xuño do mesmo ano.

Castelao antes de darlle forma a esta entidade consultou a varios xuristas galegos, entre eles a profesores de dereito da Universidade compostelá. Celebrou reunións privadas de consultas tamén cos principais dirixentes das colectividades galegas da Arxentina e do Uruguai e, por correspondencia, cos das outras colectividades de toda América. Consultou, así mesmo, persoalmente e por correspondencia, ás autoridades dos gobernos vasco e catalán no exilio os efectos do posíbel recoñecemento do organismo galego.

As respostas foron todas favorábeis e, á vista delas, Castelao deu-lle vida e forma ao Consello de Galiza en acto público memorábel, na



cidade de Montevideo -circunstancias políticas daquel intre fixeron imposíbel que fose en Bos Aires- lendo ante varios milleiros de galegos, das dúas ribeiras do Plata, a súa acta fundacional.

Composición: *Xa fica dito que o organismo, á parte do seu carácter simbólico e patriótico, tiña que ter certa forza representativa da vontade do pobo galego, libremente expresada. E esta representatividade dáse cabalmente nos deputados galegos elixidos nas memorábeis eleccións de febreiro de 1936, a derradeira vez que Galiza puido elixir libremente representantes seus.*

Por iso o Consello está integrado por eses deputados, pertencentes a distintos sectores políticos actuantes en Galiza. Castelao foi seu primeiro e único presidente. Cando el morreu o Consello deixou de cubrir o cargo para que el seguise presidindo dende a inmortalidade onde mora.

A parte executiva da Presidencia desempeña Antón Alonso Ríos, deputado agrario por Pontevedra, no seu carácter de Secretario Xeral.

Polo demais esta composición do Consello a base dos deputados concorda co articulado da Constitución (arts. 11 a 16) referente ás autonomías, e coa parte "transitoria" do Estatuto galego plesbiscitado, que lles confire aos deputados a Cortes a facultade de constituírense en Goberno provisional ata a implantación do Estatuto e de todos os seus órganos de poder.

O Consello actúa asesorado por varias Comisións de Facenda, de Asuntos Políticos, de Asuntos Culturais, etc. Os membros destas Comisións pertencen ás principais institucións da colectividade galega de Bos Aires e do Uruguai, que o apoian e recoñecen.

Significación: *O Consello de Galiza non é un goberno en exilio: É unha institución simbólica, gardadeira da vontade republicana, democrática e autonomista do pobo galego. Non interveñen en polémicas de ningunha natureza no seo das colectividades. Actúa en defensa do mantemento daquela vontade, esclarecedora e mantendo o seu significado. estimula, axuda e apoia, na medida das súas forzas, toda laboura tendente a que Galiza recupere, o antes posíbel, os seus dereitos democráticos de autodeterminación política e nacional, tanto na emigración coma no interior. Con isto vai implícito que apoia canto se faga para poñer fin ao réxime ignominioso que a ten sometida, oprimida e explotada. Do mesmo xeito estimulada toda laboura cultural e artística, de dentro e de fóra de Galiza, que tenda a arrequentar os bens do espírito galego, e a xerarquizar a súa personalidade diferenciada, nacional e culturalmente.*

A vida do Consello de Galiza está autolimitada polos seus propios fundadores. Deixará de existir no intre mesmo (nin un minuto antes,



nin un minuto despois) en que Galiza recupere o dereito de elixir, libremente, representantes propios que actúen en toda as ordes" (Informe manuscrito de Ramón Suárez Picallo, tirado do Arquivo da Real Academia Galega).

O Consello de Galiza funcionou baixo a presidencia de Castelao ata a súa morte en 1950. Picallo participou deste organismo dende a súa residencia en Chile, integrándose activamente en 1956 co seu retorno definitivo a terras arxentinas.

O 8 de maio de 1945, coa ocasión da visita a Chile, do doutor Serra Moret, membro do Consello de Catalunya, Suárez Picallo acompañará a este distinguido nacionalista a un xantar que se realizou na súa honra por parte do Presidente do Parlamento chileno. Nel tamén participaron os deputados cataláns, Cunillera e Aznar. No transcurso da estadia de Serra Moret, celebrouse unha sesión do Parlamento chileno, en honra da súa persoa e de Galeuzca. Durante esta, interviñeon todos os partidos políticos con representación parlamentaria. O 3 de xuño, realizou-se un acto de Galeuzca na Universidade Nacional de Chile, onde foron oradores principais Serra Moret e Suárez Picallo.

Viaxe a México (reunión das Cortes no exilio)

O 1 de outubro de 1945, parte a delegación do Consello de Galiza dende Bos Aires rumbo a México, para participar da convocatoria da reunión das Cortes no exilio. Do aeroporto de Morón parten Castelao e Villaverde, realizando distintas escalas técnicas e políticas en Montevideo e Río de Janeiro. Mentres tanto, Antón Alonso Ríos sae para a provincia de Mendoza, pasando posteriormente a Santiago de Chile, onde se sumará Picallo á delegación. Xunto aos dous deputados galeguistas, viaxarán o deputado catalán Pelayo Sala e o deputado vasco Lasarte.

O Presidente do Goberno Español no exilio, José Giral, dirá o 7 de novembro ante as cortes:

"Por último Galiza deixou expresada a súa vontade de autonomía no texto do Estatuto plebiscitado e aprobado polo pobo galego, que no seu día tomou estado parlamentario e quedou pendente do exame e aprobación das Cortes".

Dous días despois, a minoría galega integrada por todos os parlamentarios propuxo a formación da Comisión do Estatuto Galego, que quedou constituída despois dun longo debate. No transcurso das seccións, Picallo terá unha intervención decisiva, logrando rebater os argumentos centralistas dos seguidores de Prieto, que se negaban a constituír a comisión parlamentaria do Estatuto de Autonomía galego.



Durante a sesión do Parlamento expoñerá nun decisivo discurso os argumentos que definirán para as posicións galeguistas ao conxunto dos parlamentarios:

"Señores deputados, cando saín de Santiago de Chile para asistir a estas sesións das Cortes, acompañábanme as mesmas tres ilusións que me acompañaron cando, ao proclamarse a República, saín de Bos Aires para servila, despois de residir en América durante vinte anos. Estas tres ilusións eran: contribuír ao afincamento da República democrática española; crear para ela unha vida de convivencia democrática e de harmonía entre todas as partes que a integraban, e conseguír para o meu país galego, para Galiza, unha autonomía política que lle permita dirixir, ordenar e encauzar aquelas peculiaridades que a fan, non hostile a ningún outro pobo de España, senón diferente naquelas condicións que definen unha comunidade humana. Trouxen de Santiago de Chile esas ilusións, despois de moitas amarguras, como as sufríron tamén SS.,SS., e eu non desexo, señores da minoría socialista, irme cunha desilusión, a desilusión de que un grupo político, co que sempre mantiven cordiais, puidese impedir dar un paso máis na realización da esperanza e da ilusión autonómica de Galiza.

Co respecto que me merecen todos os grupos parlamentarios e con toda a gratitude que sabemos tributar os galegos, estámoslle agradecidos a aqueles que designaron xa representantes para a Comisión que dictamine o noso Estatuto; e ademais, eu desexo dicirilles aos señores deputados socialistas, falándolles ao seu corazón e ao seu bo senso político, que faciliten este paso, que é para nós unha das armas psicolóxicas máis importantes para a reconquista da República na nosa Terra que imos ofrecerlles aos homes que están traballando dentro de Galiza e aos millóns de compatriotas nosos que traballan por ela en Nova York e en Bos Aires, en Cuba e en Santiago de Chile, que non perderon aínda a ilusión da República e da autonomía de Galiza.

Eu quero recoller, naturalmente, algunhas das razóns que don Indalecio Prieto alegou para considerar innecesaria a Comisión de Estatutos. Decía o señor Prieto, en primeiro lugar, que se carece da documentación auténtica referente ao Estatuto, efectivamente, así é. O señor Prieto, polo demais, acollíase ao testemuño de calquera señor deputado. Hai moitos aquí que saben disto; pero hai alguén máis: o actual señor presidente da República recibiu o Estatuto de Galiza, o día 15 de xullo de 1936, de mans de Anxo Casal, alcalde da cidade de Santiago de Compostela, rodeado de todos os alcaldes das vilas galegas, rodeado de todos os deputados galegos e dos presidentes das catro Deputacións Provinciais. E esa Comisión, con Anxo Casal á cabeza, está debaixo da terra, acusados e executados os seus compoñentes



tanto por ser homes de esquerda como por ser autonomistas, porque para Franco este é tamén un delito horrendo. (Aplausos). A documentación auténtica –falamos respecto a iso cos que a recibiron– non está aquí; máis para iso se designa unha Comisión de Estatutos, entre os traballos da cal figura, naturalmente, o de procurar reunir toda a documentación apropiada que poida conter para formular o seu dictame.

Nós non entramos hoxe a anticipar pouco nin moito do contido do Estatuto en si. Se se discute nas Cortes, defendámolo; mais o que si non importa moito é salvar este principio fundamental –o dereito ben gañado de Galiza á súa autonomía–, que a min, como a outros compañeiros, me trouxo dende Chile ata México e nos trae polo mundo adiante, porque é a derradeira manifestación de soberanía democrática do noso pobo. Estamos obrigados a defender e salvagardar esa derradeira expresión da vontade popular de Galiza no seu plebiscito autonómico do 28 de xuño de 1936. Esta manifestación de soberanía ten absoluta validez para nós, porque se este Estatuto, plebiscitado despois de ser elixido todos nós, non tivese validez, tampouco terá valor a manifestación de vontade que nos consagrou a nós como representantes da República.

Dentro de Galiza –quero insistir nisto– estase traballando devotamente, fervorosamente, ardorosamente, de consuno, en harmonía con todos os demais pobos españois e de común acordo todos os sectores políticos. Á beira dos homes do partido ao cal pertenzo, están, afortunadamente, respectados como se merecen homes socialistas de altísima estimación e homes de todos os outros grupos que trouxeron, sostiveron e defenderon a República.

Nós non entramos no problema regulamentario, problema que dilucidou perfectamente, ao meu ver, o señor Jáuregui; problema que, polo demais, non escapará á alta sabedoría xurídica do señor presidente das Cortes. Por outra banda, parécenos ben e magnífico que o señor presidente chamase a debate, a este breve debate, seguramente brevísimo, acerca da necesidade de crear a Comisión de Estatutos, a todos os grupos da Cámara, porque na súa aprobación ou non aprobación, enténdase ben, verémonos obrigados a estimar que aqueles que non contribuíron coas armas para unha conquista, é que non desexan a conquista en si. E para Galiza, o Estatuto é unha grande conquista republicana.

Eu sei ben que os socialistas, que traballaron connosco, que formamos con eles parte da Frente Popular, que compartiron connosco todos os traballos do plebiscito, nunha campaña de propaganda como nunca se fixera en Galiza, examinando cuestións, tratando de non danar interese ningún lexítimo de Galiza nin de fóra de Galiza; nós sabemos que os señores deputados socialistas non renegaron daqueles principios



que nos fixeron ir como pelegríns a todo o longo de Galiza tras unha ilusión que queríamos que fose unha realidade democrática. Eu permítome suplicar aos señores deputados socialistas que non nos neguen a ferramenta para algo que eles consideran lícito, e esta ferramenta é, hoxe por hoxe, a creación da comisión de estatutos, que debe estar formada por representantes de todas as minorías, de todas. Nós non vimos a estas sesións a orixinar discusións inútiles; vimos a colaborar con todos, do mesmo modo que pedimos a todos os que colaboren connosco. (O señor Longueira: Discrepo das afirmacións da súa señoría). Moi ben, señor Longueira. Para iso pode S.S. pedir a palabra. Iso é o correcto. Nós, cando falamos, sabemos o que dicimos. Eu son e sintome absolutamente deputado galego, o mesmo que a súa señoría. (O señor Longueira: non o neguei). A súa señoría podería protestar se eu asumise aquí a parte alicuota da representación, que non desexo asumir, da súa señoría. (O señor Longueira: Pois asumirona o señor Castelao e mais a súa señoría). Eu asumo a representación dos cidadáns galegos que me votaron, aínda que se trate daqueles que, se cadra, perderon a idea do que era esta representación. Por outra banda, o señor Longueira coñéceme e sabe que son incapaz de conducirme nin en xeito extemporáneo nin de xeito agresivo para ninguén, nin de asumir representación que lexitimamente non me corresponda.

E continúo, señores deputados, cunhas brevísimas consideracións que esta vez non van dirixidas soamente ao senso político, senón ao sentimento dos señores deputados socialistas. Lembro que con Xaime Quintanilla, o ilustre doutor socialista de Ferrol, alcalde da Vila, percorremos toda a terra de Galiza, afirmando o ilustre escritor, o noso inesquecible coterráneo, que canto tempo tardase en aprobar o Estatuto galego era tempo que a República perdía en Galiza para consolidarse. Lembro a Bilbatúa e a Seoane, deputados que xacen baixo a terra sagrada de Galiza, mortos pola dobre causa autonomista e socialista. Están enterrados eses compañeiros á beira doutros de todos os grupos e organizacións, xuntos co meu irmán de carne e de sangue, o que, por ser irmán meu e morrer cos outros pola mesma causa, fai que todos sexan meus irmáns. E cando falo do meu país galego, doulle ao posesivo esta significación dunha irmandade, dunha fraternidade de mortos e de vivos que en 1936, o vinteito de xuño, expresaron vontade popular de Galiza ao votar afirmativamente o Estatuto galego.

Esperamos que este Parlamento confirme o mandato daquela vontade. Rogo, pido, suplico á minoría socialista que nos ofrezca os seus representantes na Comisión de Estatutos, na seguridade de que dará aos galegos, aos núcleos republicanos galegos que actúan en terra galega e por todo o mundo, unha arma moi importante para reconquis-



tar, non soamente a liberdade e a autodeterminación política de Galiza, senón que tamén a República española. (Aplausos)".

Despois do discurso de Picallo, distintas intervencións apoiaron a súa posición logrando a conformación da mencionada comisión, a cal quedou constituída entre outros polo polémico Indalecio Prieto, Manuel Portela Valladares e, en representación do grupo galeguista, Elpidio Villaverde.

Picallo e Castelao aproveitarán a súa estadia en México para contactar cos galeguistas exiliados, e fundar a Irmandade Galega neste país, para o que van contar coa colaboración de Elixio Rodríguez, Roxelio Rodríguez de Breaña e Marcial Fernández, entre outros. A delegación galeguista durante uns días separarase, xa que Castelao se dirixe a Nova York para se entrevistar co Presidente do Goberno vasco. Picallo mentres tanto aproveita a súa estadia en México para coñecer Xochimilco, Cuernavaca, Tehotihuacán e outros lugares. Canda outros deputados puido contemplar a obra dos grandes muralistas mexicanos: Rivera, Orozco, Siqueiros, Maldonado, etc.

Dende México os deputados trasladáronse a Cuba onde se volveron xuntar con Castelao. Os galeguistas da Irmandade presidida por Álvarez Gallego organizáronlle unha homenaxe á comitiva, que se celebrou nos salóns do Centro Asturiano. Valentín Paz Andrade no seu libro sobre Castelao conta as anécdotas da delegación ao partir de Cuba:

"Non puideron atopar praza en avión de liña para o retorno directo. Decidiron probar sorte en Santo Domingo. En voo extracurto trasladáronse a Ciudad Trujillo, onde o panorama do tráfico polo ar non era mellor.

Mais como Deus, aínda que aperte, non afoga, xurdiu o que ninguén agardaba. Foille ofrecida praza nun avión pirata, a Río de Janeiro. O aparello era manexado polo dono, certo preto mozo e falador. Suárez Picallo non quixo saber do embarque. Alegou que o seu rumbo era Chile. Alonso Ríos, temente aos riscos da fazaña, tardou en se decidir. Soamente a resolución de Castelao os levou os dous a bordo.

Cando o aparello despegou, e xa durante a viaxe, Alonso Ríos levaba un xornal diante dos ollos. Non lía. Era para disimular que ía rezando o credo.... Castelao non tardou en se facer amigo do negro. Colocouse con el de pé na cabina. Cando sobrevoaba o Mato Grosso, o preto díxolle: —Meu amigo, se caíramos agora non pense que nos comerían as feras... Comeríannos os mosquitiños...

Chegaron ao aeroporto do Galeão. Sen saíren da illa atoparon billete nun avión da Panair. E á noiteña, salvos e sans, sen que ninguén os agardase, tomaron terra en Montevideo..."



A presenza de Castelao en Bos Aires e a recente creación do Consello de Galiza xera un importante entusiasmo entre os antifranquistas. Unha chea de actos recordatorios, mítins, asembleas e banquetes dan en realizarse co fin de nuclear a colectividade galega. O 28 de xuño de 1946, conmemórase en Bos Aires o 10 Aniversario do Estatuto de Autonomía. Máis de mil persoas se deron cita nun restaurante do barrio do Retiro. O acto comezou baixo a presidencia de Castelao e acompañado polos demais membros do Consello de Galiza. Estaban presentes, institucións galegas e representantes de nacionalidades irmás. Ao principiar o acto, o Secretario Xeral da Federación de Sociedades Galegas, o Señor Alonso Pérez, acercándose a Castelao, agasállao cunha fermosa bandeira galega bordada en ouro, para que sexa izada en Galiza o día que recupere a súa liberdade. Castelao, emocionado, fará uso da palabra. Durante os discursos será leída unha carta que envía Suárez Picallo dende Chile, onde se desculpa por non poder participar do acto:

"...No meu leito de enfermo, cecais incurábel, onde estou dende hai 19 días, recibo a vosa carta comunicándome os actos de lembranza que vides a celebrar conmemorando o Plebiscito que aprobou o noso Estatuto autonómico, o 28 de san Xoán de 1936. Pedídesme, para eses actos, a miña adhesión. Agradézovos moitísimo o recordo; pero vosoutros sabedes que, dende sempre, en corazón e en espírito, estou á vosa beira en canto fagades nese senso..."

Picallo continuará a carta recordando os asasinados por defender o Estatuto: Quintanillas, Ánxel Casal, Pepe Villaverde, Miñóns, Mazariegos, Montero, Becerra, Alexandre Bóveda e seu irmán Antón.

Días despois desta carta, Ramón é dado de alta médica, comezando unha lenta recuperación. O seu mal endémico será a tristura e a soidade, que en moitos intres intentará tapar coa compañía dun bo viño.

O 24 de agosto de 1946 volveralle a escribir a Blanco Amor unha carta chea de desacougo:

"... ¿Das miñas cousas? Mal. Dende que cheguei de México en febreiro non dei golpe ata o primeiro deste mes que reentre en La Hora, estiven no hospital dúas veces, con ciática e reumatismo. Capeou o máis rudo temporal dende que estou no exilio, pero Deus aperta e non afoga. Manténme en pé a ilusión do retorno. ¡Voltar, Santo Deus! Estou canso de facer o perdulario polo mundo. Sen Franco, voltarei con quen sexa. Alí temos un recanto para durmir, un prato na mesa, unha profesión honesta e uns cachos de terra onde arrastrar os nosos pés e ver nacer os chícharos e as patacas novas..."

Aínda non estaba recuperado totalmente, cando con sorpresa recibe en Santiago de Chile a visita dunha Embaixada Oficial do Goberno



Republicano no exilio, que viña á toma de posesión do novo presidente dese país, González Videla. A delegación estaba encabezada polo ex Ministro Manuel Blasco Garzón, o deputado galego Elpidio Villaverde, o representante vasco Ramón Aldasoro, o catalán Pelaio Sala e o xeneral Martínez Monje. A esta embaixada oficial sumaríanse Suárez Picallo, o deputado Vicente Sol e o doutor Cumilleras.

Aquel 1 de novembro a representación da República acode ao Ministerio de Relacións Exteriores, onde presentan as credenciais. Os membros da distinguida delegación foron nomeada "Hóspedes Oficiais", polo que se puxeron coches á súa disposición, coa bandeira republicana, e un edecán para a súa atención. O Presidente chileno electo era un home progresista, moi amigo da república. No transcurso da cerimonia de posesión, a delegación republicana recibiu o aplauso e a solidariedade dunha multitude que os ovacionaba. Pola contra, a delegación franquista, tamén presente, tivo que aturar fortes berros e apupos.

Ao remataren os actos protocolarios oficiais, a comitiva española obsequiou cun xantar ás delegacións estranxeiras amigas, que tivo lugar nos salóns do Centro Republicano Español e contou cunha asistencia de 500 persoas. O gran poeta chileno e amigo da República, Pablo Neruda, presente no xantar dixo unhas palabras de solidariedade, rematando o acto Germán Vidal, Presidente do Centro.

Nos días seguintes continuaron os actos, entre os que salientan: a homenaxe a O'Higgins, patriota chileno; a recepción na embaixada rusa, festexando o aniversario da revolución; a festa dos ferroviarios, co gallo do aniversario da colocación do primeiro raíl en Chile, etc.

Encontro con Blanco Amor

En 1948, despois de varios anos de non ver o seu fiel amigo, Eduardo Blanco Amor, Ramón ten a ledicia de reencontrarse con el en Chile. Así o conta o seu amigo no libro Chile a la vista:

"Entre as miñas anticipadas saudades de Chile –hai unha saudade do futuro do mesmo xeito, como sinalaba Spengler, que hai un profetismo do pasado– figuraba a de atoparme con Ramón Suárez Picallo. Para as xentes que o coñecen superficialmente, Suárez é so un bohemio; unha especie de François Villon en prosa e traducido ao máis insubornábel galego. Faltáballe consolidar a súa fama, como o outro, medianamente un testamento literario e xa o anda a facer, en peripatético grito, por esas rúas, tomadas da inocente manía de que vai morrer en breve prazo; como se non fose unha verdade da máis depurada bioloxía aquela de que morre o que pode e non o que quere... cando digo que entre as máis fortes incitacións da miña viaxe figuraban a de atoparme con



este amigo entrañábel, ao que non vía dende hai doce anos. Somos amigos dende hai trinta. Non houbo discrepancias de tipo político, de concepcións filosóficas, de xeito de entender a vida e, como se ve, de entender a morte, que fosen capaces de separarnos. Houbo un tempo no que eu era o galego mellor vestido de Bos Aires, e Suárez, o máis bohemio e bandullón. O feito, lamentábel en verdade, de que eu estiveira ao bordo do monóculo e el nos lindeiros da alpargata, non fixo máis que acentuar a nosa amizade. A min reprochábanme os meus dandis coetáneos que andase cun suxeito incapaz de soste a raia do pantalón máis alá dun par de horas da súa estrea, e a el enrostrábanlle os seus proletarios que se acompañase dunha "cajetilla" ou señorita, que apestaba a incorrixíbel burgués, dende todos planos e accidentes do seu indumento e carácter. Pero nada nos separou".

Aquel encontro, aqueles días xunto a Blanco Amor foron para Picallo un reencontro coa súa propia historia. Había tantas lembranzas e soños compartidos. E despois de tantos anos, outra volta xuntos. Picallo e Blanco Amor pasearon por Santiago de Chile, faláron dos anos da guerra, dos amigos en común da Arxentina. Picallo quería saber todo o que pasaba da outra banda da cordilleira. Estaba cobizoso de escoitar o seu amigo contándolles os derradeiros sucesos. Fixo de anfitrión durante algúns días. Xuntos percorreron Valparaíso mentres Picallo lle dicía fronte ao mar: —Non se asemella á paisaxe de Galiza. Aquel mediodía o prato obrigado era o marisco e Picallo recomendoulle que xantaran cun bo viño branco, Concha y Toro. Polo serán faloulle a Blanco Amor de Chile, foille recomendando lugares para que o seu amigo visitase, nun día verdadeira inesquencíbel.

Malia aquel feliz encontro co seu "amigo da alma", Picallo non podía saír daquela tremenda frustración que para el significaba o exilio. Fóra da súa patria, sen familia, os seus amigos e compañeiros máis próximos na Arxentina, país que lle tiña prohibida a entrada, mentres que el pasaba a vida nunha permanente melancolía.

Morte de Castelao

O 7 de xaneiro de 1950, chégalle a triste nova da morte de Alfonso Rodríguez Castelao. Aquel día Picallo deu voltas e máis voltas polo seu pequeno cuarto desordenado por papeis e libros. Pola súa mente pasaban tantos anos de loita xuntos. Os mitins polas vilas e aldeas de Galiza, os discursos no parlamento, despois a guerra, o fusilamento de seu irmán, as charlas en Valencia, os últimos días en Barcelona, o exilio. A morte do seu amigo foi un duro golpe persoal. Picallo sentíase canso para seguir loitando e agora esta nova derrubaba-o, somerxía-o



nunha fonda tristura da cal nunca máis se ía recuperar. Á mañá seguinte enviará un telegrama co seguinte texto:

"IRMÁNS NA IBERIA. Consternado non teño palabras que dicir ante perda irreparábel da Patria. Dálle a Castelao en nome meu último abrazo" (Santiago de Chile, Ramóns Suárez Picallo).

Meses despois recibirá unha carta de Marcial Fernández, amigo en común del e de Castelao. Nesta carta Fernández solicítalle a Ramón que lle envíe un prólogo para o seu libro *Trascendencia y Hondura de Castelao*. Picallo contestaralle cunha carta-prólogo, onde volve a relatar a etapa que está vivindo:

"Querido Marcial: Hai catro meses sufrín un ataque ao corazón. Por conta da Caixa de Previsión de Empregados Públicos e Xornalistas, mandáronme a un sanatorio da costa para someterme a un réxime de repouso absoluto, físico e mental. Durante este tempo, estiven privado de ler e escribir nin unha soa liña. Senón de todo san, estou agora bastante reposto. E ao incorporarme ás miñas tarefas habituais –escribir dous artigos diarios elixindo eu o tema– atópome con dúas cartas túas e cos capítulos orixinais da túa obra sobre Castelao, para a cal me pides un limiar.

Quero que me creas se che digo que o teu recordo e a túa cariñosa solicitude me causaron unha fonda emoción. ¡Deus bendito, cantos recordos amizosos, cordiais e fraternais me trae a túa carta!... As xornadas de Ortigueira, con cen mitins de caudal esperanzado, soltando ao vento en aldeas e vilas, entre piñeirais druídicos. Lémbraste de Insua... As charlas amicais na Coruña e Ferrol, nos albores da nosa grande ilusión autonomista, e os primeiros días da guerra civil en Madrid e en Barcelona; a nosa aventura a Huesca, Barbastro, Tardienta, Vicien, Fornillos, La Granja, e, despois, aquela batalla malograda de Chimillas. Castellón de la Plana, cando ti organizabas o Corpo de Carabineiros entre ledas laranxeiras. Despois, os días, as noites, as horas e os minutos de angustia en Barcelona, cando xa era irremediábel a gran catástrofe. A nosa saída ata Darnius, o cruce da fronteira francesa, e a viaxe de Perpignan ata Cherburgo. O Queen Mary e Nova York. Os mitins e conferencias na gran República do Norte. En fin, o máis ardidado período das nosas vidas, dicindo e escribindo palabras que quizais xa ninguén lembra máis que nós. E, no medio e medio, o nome e, moitas veces, a presenza física, de Castelao, o artista, o símbolo, o amigo e o apóstolo indiscutido (...) E, agora, querido Marcial, perdóame se che digo que non me atrevo a escribir un prólogo para o teu libro. Non teño para iso nin humor, nin saúde, nin "vagar"...



E, por outra banda, non estou seguro de saber a ciencia certa en que poida consistir un prólogo para unha obra que, en si, o di todo... je que ben o di!

O día que morreu Castelao eu xa estaba enfermo. A noticia foime comunicada, dende Bos Aires, por Rodolfo Prada, ás cinco do serán. Levanteime e escribín, para o meu xornal unha semblanza biográfica que rematei á unha da mañá, con bágoas nos ollos e no corazón. Uns domingos despois, compuxen unha páxina enteira cos seus últimos debuxos e un precioso artigo de Valentín Paz Andrade. E xa non volví a escribir sobre o tema, pois todo o tempo me pareceu pouco para ollar a Castelao en toda a súa magnitude, cravado como un fito en medio da nosa historia, mais alá de todo o traballo fraguado ao conxuro da tremenda impresión que me causou a súa morte, polo que ela significa de decapitación dun movemento ao que consagrei os máis nobres e fervorosos días da miña vida e, polo que, na nosa vida, representa a morte dun querido amigo...".

Malia o seu estado melancólico e despois de case dez anos de residencia en Chile, Picallo logra consolidar un grupo galeguista na colectividade. A súa inseparábel amizade con Manuel Celso Garrido, aquel mestre ourensán, delegado do Consello de Galiza, e con German Vidal, quen fora alcalde de Noia e Gobernador de Ciudad Real durante a República, forman un trío de dirección das máis variadas tarefas patrióticas no país andino. Con German Vidal (coseudónimo de "Felipe de Castro") emitirá un programa de radio chamado "Galicia en el Aire", que se emitía todos os días de 12,30 a 13 horas, menos os domingos que se transmitía de 12 a 12,30 pola famosa radio "La Americana".

Dende o Centro Republicano Picallo entra en relación co Centro Galego de Punta Arenas, o cal estaba dirixido por Antonio Soto, o emblemático "Gallego Soto", líder da Patagonia Rebelde. Nas súas constantes viaxes polo sur chileno, Picallo aproveita algunha delas para se topar co seu paisano ferrolán. Nunha desas viaxes deu unha maxistral conferencia sobre Rosalía de Castro organizada polo Centro Galego desta austral cidade Patagónica. Esta relación de Antonio Soto con Picallo vincularao cos sectores galeguistas de Santiago de Chile e á súa vez cos de Bos Aires. Esta é a razón pola que o Centro Galego de Punta Arenas participa do Primeiro Congreso da Emigración Galega que se realizaría en Bos Aires.

1954: Primeira visita á Arxentina

Arxentina estaba vivindo a última etapa do peronismo. Tanto a oligarquía como a oposición (radicais, socialistas, conservadores etc.)



preparaban unha asonada militar para derrotar o líder dos humildes, dos "descamisados" como lles chamaba Eva Perón. Picallo tiña medo de voltar definitivamente. Era moi difícil entender o peronismo dende a óptica dos republicanos que loitaban contra o franquismo. Para el, o problema era máis grave; nos arquivos policiais o seu nome estaba vinculado ao seu pasado sindicalista, e a temíbel Sección Especial da Policía Federal podía facerlle pagar caro o seu intento de retorno. A pesar diso, aproveita unha invitación da colectividade galega para pasar unha pequena tempada de visita por Bos Aires. Con medo pero con ilusión prepárase para saltar a cordilleira e abrazarse cos seus amigos e compañeiros. Picallo estaba ansioso, non vía a hora de percorrer a Avenida de Maio, tomar un café no Tortoní, percorrer Corrientes co seu obelisco e a súa música que sempre soaba a tango.

O convite era para participar como figura principal dos actos programados pola Comisión Intersocietaria, con motivo do 18 Aniversario do Plebiscito do Estatuto de Galiza.

Alí o estaban esperando Blanco Amor, Francisco Regueira, Prada, Puente, Alonso Ríos e dúcias de amigos que compartiran moitos momentos de loita e ilusión. Aquel encontro foi entrañábel, as apertas e os recordos xuntábanse coa esperanza de rematar co tirano. Morto Castelao, era Picallo seguramente a figura de maior proxección do exilio galego.

A primeira actividade oficial en Bos Aires foi visitar o Panteón do Centro Galego na Chacarita. Poñerá ante a tumba de Castelao unha coroa de flores e posteriormente renderá unha emocionada homenaxe ao guieiro do galeguismo e a todos os emigrantes que no dito campo-santo descansan para sempre. Despois transládase ao domicilio de Virginia Pereira, a viúva de Castelao. Na histórica casa, acompañado por unha nutrida delegación, Picallo transmítelle a súa permanente solidariedade e respecto. Aquel encontro con Virginia volveuno a somerxir en tantas lembranzas conxuntas. Os bombardeos de Barcelona, a casa onde se refuxiaron nos arredores da cidade condal, a viaxe polos EEUU. Moitas lembranzas deambulaban pola mente dun Picallo sensible a tantas emocións.

Picallo espera o seu reencontro coa colectividade galega con moito nerviosismo. Era o primeiro acto onde falaría despois de tantos anos. Á fin chegou o momento. O 28 de xuño o Teatro Arxentino estaba ategado de xente e de entusiasmo. Manuel Puente sería o encargado de dar comezo ao acto patriótico.

O xornal *A Nosa Terra* destaca na súa portada o apoteósico recibimento do líder galeguista.



Comezará o seu discurso sinalando a emoción por estar novamente nesta cidade:

"Miñas donas. Meus señores. Meus vellos e ben queridos irmáns e amigos. Os que coñecedes e sabedes da miña condición de afectivo e emocional, darédesvos conta de canto significa para min e canta gratitudo de debo a este magnífico recibimento. E quérovos dicir que neste reencontro meu, convosco e comigo mesmo. Nesta cidade onde me criei con moitos de vosoutros, nesta magnífica cidade, que lle quero dirixir un saúdo a ela e ao seu pobo magnífico, esta avación quente e fervorosa faciame moita falta. Polas terras do mundo adiante, case que soidade, sentín o frío moitas veces da falta de quentura de mans como as vosas; porque eu, por razóns que vosoutros sabedes, podo dicir como o noso poeta: 'Choveu por min choiva de sangue e traio frío nos ósos'" (Aplausos).

"Celebramos hoxe unha xornada que é un fito histórico na nosa patria. Non é cousa de facer aquí un preliminar falando dos eternos anceios autonomistas de Galiza, que nunca abandonou dende a traxedia de Mondoñedo e do asasinato do Mariscal Pardo de Cela; pero quérome referir especialmente á última etapa da resurrección destes anceios xa no pasado século. Lembrémonos de que os deputados da Coruña nas Cortes de Cádiz eran federalistas. Lembrémonos de que no ano 1846, antes dos sucesos de Carral e dos seus mártires, xa Antolín Faraldo fixera votar un acordo en Betanzos para proclamar a independencia de Galiza (Aplausos). E lembrémos tamén de que naquel acontecemento de Carral os estudantes de Compostela dirixidos por Faraldo deron un manifesto dicindo que o Reino dos Suevos e dos Celtas tiña dereito a rexer os seus propios destinos..."

Picallo seguirá falando e emocionando os presentes. Como remate, recitará versos de Pondal en medio de berros de "Viva Galiza Ceibe".

O escritor Bieito Cupeiro, quen fora nesta época membro do Consello de Galiza e colaborador de Picallo, lembrará algúns aspectos deste acto:

"Tamén se fai lembradeiro o gran mitin que tivo por escenario o 'Teatro Arxentino', rebordante dunha concorrencia espreita e afervoada para escoitar a Suárez Picallo vindo dende Chile para intervir no acontecemento, ademais de contar co aporte artístico da coral 'Terra Nosa' do Centro Ourensán, que puxo o clima de enxebreza que lle deu carácter. Nese acto participaron tamén como oradores dúas das figuras máis prestixiosas da vida política arxentina, o Dr. Alfredo Palacios, do Partido Socialista, e o Dr. González Bergés, do Partido de Centro. A peza oratoria de Suárez Picallo, chea desa acesa emoción que poñía na súa verba, fixo erguer á numerosa concorrencia presente engadida á que quedara na rúa por falta de cabida para lle testemuñar a máis franca adhesión".



Aqueles días de permanencia en Bos Aires foron inesquecíveis para un Picallo que parecía que revivía despois dunha longa agonía afectiva. A Comisión Intersocietaria Galega (CIG) rendeulle unha homenaxe, no Centro Betanzos, onde fixo uso da palabra en nome da dita Comisión Antón Suárez Dopazo, pechando o acto o propio Picallo.

Os mozos nacionalistas querían coñecer e escoitar o mítico orador que facía conmovér as masas. As Mocidades Galeguistas organizánlle unha conferencia no Centro Ourensán o 3 de xullo, na que dirá:

"O Galeguismo non fora nunca un movemento arredista; nembargantes, os mozos galeguistas eran arredistas e nós deixabamos que o fosen. Un rapaz de 18 anos que non está máis alá das cousas non cumpre co seu deber; porque o idealismo é propio da xuventude así como a reflexión é propia da idade madura.

Debíamos deixar os mozos ampla liberdade para iren máis alá do "senso común", que en realidade é o menos común dos sentidos. Isto estalles perdoado aos mozos. As Mocidades tiñan a misión de darlle ao movemento a gracia, a frescura, a sutileza e con elas a universalidade.

Cando un rapaz era o "primeiro entre os seus iguais", considerabamos que cumpria co seu deber. Porque a única xerarquía que recoñecemos é o valor espiritual. Isto é o único verdadeiro e eterno sobre a terra. De aí que a mocidade debe coidar a súa pureza física e espiritual. A mocidade debe crear para hoxe, mañá e pasado mañá... Cando no ano 1912 cheguei a Bos Aires preguntábbanos aos emigrantes que sabíamos facer; un alemán, por exemplo respondía: eu sei facer friasmes; un italiano, supoñamos: eu sei cocinar; un galego respondía: 'calquera cousa'.

E ese 'calquera cousa' podía ser o traballo máis humilde, ata o de ser o criado dun rico americano ou doutro galego. Hoxe non. O galego xa sabe facer algo definido. Diso ocupouse o Galeguismo".

Picallo non paraba de dar conferencias, de ir ás sociedades galegas e de visitar os seus vellos amigos. A Intersocietaria organizoulle o 15 de xullo unha conferencia no Centro Ourensán para que Picallo falase sobre Rosalía de Castro. Canta emoción; pola súa cabeza estaba a idea de retornar definitivamente á súa segunda patria. Os membros do Consello de Galiza suxírenlle a idea de ir planificando a volta a Bos Aires.

Outra vez na Federación

O 2 de agosto foi convidado pola Federación de Sociedades Galegas a visitar esta institución da cal foi un dos seus máis importantes dirixentes.



Alí o recibiron os directivos encabezados polo seu secretario xeral, Gerardo Díaz. Despois de percorrer as dependencias da Casa Federal, que o visitante eloxiou moito, ofreceuse un viño na súa honra. As palabras protocolares de benvida que foron por parte de Díaz, manifestadas en idioma castelán, estaban cheas de admiración para a figura do visitante. Ao rematar este, contestoulle Picallo falando en galego e sinalando o seu agradecemento e a súa leducia por estar nesa casa con tanta historia patriótica. Seguidamente sinalou a súa estrañeza de que nunha casa galega, como é a Federación, se lle reciba a el falando no idioma castelán, cousa que lle resulta un contrasenso. E engadiu que non podía comprender como unha entidade galega, composta por galegos de humilde condición, demócratas e liberais, non falase no verbo galego. Fixolles notar de paso que, na Galiza de hoxe, como na de sempre, o idioma castelán é dos "señoritos" das vilas e das cidades, pero nunca do pobo, que segue falando no seu, é dicir, en galego. Faloulles da persecución de que foi vítima a nosa lingua, por parte do réxime falanxista español e da necesidade que hai de se opor ao dito réxime; e un dos mellores xeitos de facelo é falando galego, pensando en sentido galego, máxime cando se trata de xentes saídas das entrañas do pobo que loita e padece o tormento inquisitorial ao que o teñen sometido. Ao rematar o seu discurso, incítaos a que traballen por Galiza, sen prexuízo dos ideais que cada un poida ter no senso político, facendo votos polo progreso da Federación e pola rápida conquista da liberdade para Galiza.

As súas palabras foron acollidas cun caloroso aplauso, creando un clima de profundo patriotismo entre os presentes.

En 1954 chega Fernández del Riego invitado polo Centro Galego. Picallo, que estaba pasando unha tempada en Bos Aires, réunese con del Riego e o Consello de Galiza. Naquel primeiro encontro entre compañeiros, que a guerra civil dividira xeograficamente, estaban: Alonso Ríos, Manuel Puente, Rodolfo Prada, Perfecto López e Xosé Abreira. A reunión foi sumamente interesante, xa que esta era a primeira oportunidade de debater, entre os dous sectores do galeguismo, os seus puntos de vista sobre o presente e futuro de Galiza. Del Riego nesta reunión reiteroulles a posición culturalista e posibilista do grupo "Galaxia".

Picallo dirá despois deste encontro:

"Recoñecemos e respectamos as circunstancias, duras e difíciles, que obrigan os nosos irmáns da Terra a ser "realistas" e "posibilistas" na orde política. Pero non podemos aceptar que nós, desenvolvéndonos con liberdade para actuar de acordo cos nosos afáns políticos a prol da liberdade da Patria, axeitemos as nosas actuacións, como se nós vivísemos nas mesmas circunstancias adversas en que eles viven alá.



Eles consideran que aquí perdemos o diñeiro en celebrar efemérides inactuais, politicamente: Aniversario do Plebiscito, mártires e homenaxe a Castelao político. Comparten a admiración universal por Castelao artista, home de ben e patriota vertical conbsustanciado historicamente coa súa Terra, mais consideran a actuación política de Castelao como circunstancial, anecdótica da súa personalidade. E nós, ademais das outras facetas da súa grandeira vida, querémolo, admirámolo e honramos a súa memoria, como líder e condutor político.

Nós non facemos dogma intransxibel das doutrinas políticas de Castelao, nin dos principios do Estatuto autonómico, nin da orde xurídica republicana do 36. Nin facemos dos nosos mártires ben amados un feito estático. Eses son para nós fito e referencia histórica, que polo seu valor espiritual se fan en nós dinámica viva para ollar cara a adiante. Nós tampouco sabemos como será a saída política do drama liberticida que sofren os pobos ibéricos. Pero temos o deber de saber o que quere Galiza nese intre. E de loitar politicamente para que Galiza non teña que axeitarse ás circunstancias senón que sexan as circunstancias as que axeiten ao sentir e o pensar de Galiza".

A pesar da grande recepción obtida na Arxentina, o goberno do Xeneral Perón non simpatizaba coas ideas socialistas de Picallo, de aí que por cuestións de seguridade decidise voltar a Chile. O 4 de agosto partiu en avión dende o aeroporto de Ezeiza, a onde o irán despedir numerosos dirixentes da colectividade.

A súa etapa en Chile estaba rematada, a súa saúde xa non o acompañaba. Mentres, Franco, lonxe de rematar coa súa tiranía, fortalecíase gracias ás remesas económicas que comezaban a chegar dos propios emigrantes. Ao chegar a Santiago de Chile a decisión estaba tomada; cando se desen as condicións, voltaría a Bos Aires -díciase Picallo-; entre tanto, percorría coa súa memoria as últimas lembranzas pola cidade que nunca dorme.

Picallo, malia ter sido un profundo galeguista, un nacionalista comprometido coa súa Terra, tamén foi un namorado de Bos Aires; era un porteño que falaba e soñaba en galego, era a síntese das dúas culturas, é dicir, un melancólico.

En 1955 cae o goberno peronista. Picallo coidou ver máis preto do seu retorno. Agora era cuestión de conseguir un traballo nalgún xornal porteño. Durante ese último ano coñecera, ao que anos despois será o presidente da Arxentina, o doutor Arturo Frondizi. Ambos os dirixentes coñecéronse nun multitudinario acto, organizado en Santiago de Chile, por parte do Partido Radical. O motivo deste foi homenaxear o primeiro Presidente Radical, o ilustre Pedro Aguirre Cerda, que fora amigo devoto da república española. Durante o seu mandato facilitou a



entrada no seu país a tres mil refuxiados republicanos. No acto de homenaxe Picallo compartiu a tribuna con Frondizi, o cal accedeu ao goberno anos despois cun programa de carácter progresista.

1956: Congreso da Emigración e radicación definitiva

A constitución do Consello de Galiza foi un paso moi importante para defender os dereitos nacionais de Galiza. Tamén tivo unha destacada repercusión nese senso a formación de Galeuzca e a constitución en varios países do mundo das Irmandades Galegas. Todos os xeitos organizativos eran necesarios para xuntar forzas contra a ditadura. Por iso o Consello lanza a idea de facer un grande congreso que nucleee os máis amplos sectores antifranquistas. É así como se convoca en Bos Aires nos Salóns do Centro Asturiano o I Congreso da Emigración Galega, do 24 ao 31 de xullo de 1956.

Picallo xa tiña decidida a súa partida definitiva de Chile; cos anos foise encariñando con aquel país que o recibira tan ben. Pero Bos Aires chamaba por el e Picallo deixábase levar por fantasías e recordos. O Parque Genovés, os tangos que se deixaban sentir por Paseo Colón e as longas parolas con Blanco Amor en calquera café ata as ben entrada a noite.

Picallo prepara a pequena maleta, naquel desordenado cuarto, que o acompañara durante tantos anos. Tiña moi pouca roupa e algúns libros.

Cos ollos cheos de bágoas, con dor e ata con saudade, parte para vivir a derradeira etapa da súa vida. O día anterior pasou, como adoitaba, polo bar do Centro Republicano, xogou a súa partida de dominó, como facía todas as tardes, bebeu o seu viño favorito e foise despedindo un a un dos seus compañeiros de exilio e de esperanza.

En Bos Aires agardábo un congreso onde representará ao Consello de Galiza e por Chile á audición de radio "Galicia en el Aire".

Entre os asistentes a este evento están vellos amigos: Emilio González, de Nova York; Xerardo Álvarez Gallego e Maximino Matalobos, de Cuba; Marcial Fernández, Rodríguez de Breaña e Francisco Comesaña, de México; Xosé Velo, de Venezuela; Lois Tobío e Martínez Castro, de Uruguai...

Dende o inicio do Congreso Picallo foi unha das personalidades máis destacadas, intervindo alternativamente en distintos actos paralelos que se foron realizando. A súa voz era esperada con expectación polos participantes. E cada intervención era aclamada por unha concorrencia impregnada por un gran fervor patriótico.

O 25 de xullo será o orador central, no Panteón do Centro Galego, na homenaxe a Castelao. O 26 de xullo, unha delegación do Congreso,



entrevistárase co Presidente de la República Arxentina, o Xeneral Pedro Eugenio Aramburu. É electo voceiro do Congreso, explicándolle na reunión ao Presidente o alcance do Congreso e os contributos da emigración galega a este país.

No transcurso do Congreso Ramón lerá o relatorio que preparara: "Posición e significado espiritual e cultural do mutualismo galego na emigración", que será sintético, pero que resaltará maxistralmente a historia do mutualismo galego e a súa futura proxección. No dito relatorio dirá:

"A historia do mutualismo galego na emigración constitúe un verdadeiro milagre de télese colectiva e a súa máxima creación. Bos Aires, A Habana e Montevideo, ofrecen nesta orde exemplos magníficos.

As causas principais do seu desenvolvemento progresivo, deben buscarse nas circunstancias que rodearon a nosa emigración dos fins do século XIX, e as primeiras dúas décadas do XX. A 'lenda negra' verbo de Galiza e dos galegos nacida na Península, chegou ás Américas traída polos mesmos que a crearon aló. Polo demais, os nosos emigrantes, sen oficio nin beneficio, dotados dunha instrución elemental mal dada, que tiveron que adicarse en xeral aos mesteres máis humildes, por non dicir aos máis degradantes, prestábanse como campo propicio para aquela lenda.

Soamente a súa vontade, o seu afán e os sus esforzos por abrirse paso nestes novos medios sociais, así como como unha intuición, un instinto, unha honradez e unha consciencia do seu valer, puido facer o milagre da súa superación.

Nestas condicións, as primeiras institucións mutualistas foron de importancia extraordinaria. Amparándose e protexéndoodos coa súa asistencia e, de paso, xerarquizando as nosas virtudes e os nosos esforzos, ante os alleos e ante nós mesmos. Os seus administradores exemplares fixeron o resto, deica poder ofrecer hoxe á Emigración Galega nas Américas, organización sen parigual en ningunha colectividade estranxeira do Novo Mundo.

O mutualismo galego non é unha beneficencia, nin unha filantropía. É unha expresión de solidariedade humana entre xentes que se senten irmás, na ventura e na desventura, en traxectoria de abaixo para arriba e de arriba para baixo, cumprindo o vello apotegma de 'todos para un e un para todos'. Tampouco é unha doutrina ou teoría de friaxe sociolóxica. É unha posición espiritual con hálitos humanos. De aí o respecto que merecen a todos as súas institucións representativas, máis alén e arriba de posicións sociais, políticas, económicas, relixiosas. E de aí a perfección técnica e florecemento a que chegaron.



Unha vez logrados en gran parte os fins esenciais de axuda e asistencia, o mutualismo galego tivo unha notábel derivación cultura da máis alta importancia; parte do seu labor de divulgación dos nosos valores artísticos, intelectuais e tradicionais; a formación de grandes bibliotecas; a súa posición e a súa actitude, conseguíu especiais relevos, cando na Patria, por razóns políticas de todos coñecidas, foi perseguida e coutada a nosa cultura e o seu vehículo esencial, a lingua propia.

Edicións de obras que non podían editarse na Terra; concursos literarios con importantes premios, verbo de temas galegos de palpitante actualidade e de gran valor literario; actos culturais coa participación dos nosos intelectuais máis esclarecidos, de Galiza e de fóra, e aínda de amigos non galegos, interesados nas nosas cousas; exposicións de arte e concertos, fan un conxunto de labor extraordinario. Con el, ademais de protexer e arrequentar a cultura mesma, axudou eficazmente a moitos dos seus forxadores, nesta hora tristeira. Neste senso é de estricta xustiza afirmar que o Centro Galego de Bos Aires foi, e segue sendo, exemplo e paradigma.

Milleiros, ducias de milleiros de fillos e netos de galegos, nados en América, coñecen e aman Galiza a través das súas institucións mutualistas, cando din fronte a elas : 'Aí nacín eu'. Ou 'Aí morreu meu pai'. Ou, fronte do lugar do reuopo eterno no camposanto, coroado cos símbolos sagros de Deus e de Galiza, din: 'Aí descansan os meus antergos'.

Isto e o coñecemento que tiveron do noso xeito de ser, de vivir e de pensar, a través da nosa cultura, constitúen o invisíbel fio de ouro, que avencella en torno a Galiza as xeracións que foron, que son e que serán no futuro, as forxadoras desta imponderábel *herdanza espiritual*.

Cómpre engadir aquí, a xeito de inciso, que as institucións mutualistas de América, seguiron e seguirán progresando, malia que as lexislacións sociais americanas, de seguridade e de Previsión, parecería facelas innecesarias. Seríano, efectivamente, se fosen soamente institucións puramente asistenciais. Mantéñense, e seguirán manténdose, necesarias e indispensábeis, por aquel hábito espiritual de que falamos denantes; polas súas inquedanzas culturais, e como expresión viva de senso cooperativo, tradicional do home galego, vivindo en comunidade, en Galiza e fóra de Galiza.

Arrequentar esta herdanza, buscándolle novos vieiros ou completando os xa emprendidos, será un sagro deber de todos os nosos emigrados, vellos e novos, voluntarios e involuntarios. Mentres, este traballo quere ser unha semblanza do que se leva feito; e, ademais, unha sinxela homenaxe aos que foron fundadores, precursores e continuadores do mutualismo galego en América, a máis grande e transcendental creación dos nosos irmáns emigrados".



O Congreso tiña programas con distintas actividades paralelas; o día 28 de xullo realizouse no Pazo Galiza, do Centro Lucense, un xantar en conmemoración do Cen Aniversario do Banquete de Conxo. Enrique Pampillón e Carlos Abaira foron os estudantes encargados dos brinde, rematando o simbólico "xantar" cos discursos de Xosé Velo, Marcial Fernández, Emilio González, Álvarez Gallego, Xoan Martínez Castro e Ramón Suárez Picallo.

A medida que pasaban os días a figura de Picallo íase axigantando. O 29 de xullo foi o encargado de falar, ante o mausoleo do primeiro Presidente arxentino, Bernardino Rivadavia, quen era fillo de gallegos:

"...Polo demais no tocante á súa índole de fillo de galegos fiel á entega proxénie do seu país, afirmouna ben cando nas loitas pola Reconquista de Bos Aires, invadida polos ingleses de Beresford, se enrolou como capitán no histórico Tercio de Galegos que tivo naquelas xornadas valorosa actuación.

Como galegos, participantes no Primeiro Congreso da nosa Emigración, débémolle a Bernardino Rivadavia moitas gratitudes, entre elas a de ter sido Pai, Petrucio e Patriarca civil desta grande e hospitalaria nación Arxentina, cuxa capital, polo número de galegos que habitan nela, vén a ser a cidade máis grande de Galiza..."

No transcurso dos actos paralelos, deu unha conferencia na aula magna da Facultade de Filosofía e Letras onde disertou sobre "O Idioma galego no fogar, na canción e no traballo". O salón de actos estaba ategado de público; alumnos, mestres e intelectuais galegos déronse cita para escoitar a Picallo, na homenaxe que o Congreso quería realizarlle ao idioma galego. Será Rodolfo Prada con verbas emotivas quen presente o orador recén chegado a súa segunda patria. De seguido Picallo diralles aos presentes:

"Cando a lingua que fora instrumento perfecto de expresión de reis-poetas; trobadores e dicidores graciosos, de cabaleiros cabais, aló nos tempos en que Compostela era pulso e corazón da Europa cristiá, foi menosprezada e proscriba, e prohibida nas escolas e nos templos, na administración pública e no Foro, na Universidade e na Prensa, o pobo galego –co instinto infalíbel dos valores auténticos e perennes– acolleuna amorosamente, mantívoo e cultivouna nos centros máis vitais do seu vivir, do seu sentir, do seu sufrir e do seu traballar cotián; o fogar, o traballo e a canción. De aí a súa pervivencia contra todos os avatares adversos. Alí foron por ela e polas súas esenciais máis puras, os que despois de séculos de decadencia, ata o esquecemento, habían de remozala, vestila de noiva benamada e erguela deica presentarse hoxe coma expresión natural do noso convivir colectivo, sen distinción de culturas, de clases sociais, nin de posicións económicas. ¿Proba?;



o desenvolvemento do Primeiro Congreso da Emigración Galega, no que homes avezados nas máis altas tarefas da cultura, e traballadores manuais, industriais, empregados e comerciantes, expresaron o seu pensamento verbo dos temas máis variados na lingua nativa. E é que esa lingua nunca estivo morta. Viviu, aínda que a veces agachada, nos medios onde os idiomas propios arrequentan a cotío o seu caudal, a súa tenrura, a súa expresividade e a súa gracia.

Meu filliño, miña xoia, malpocado, naiciña, caldiño, érguete ou déitate, son arredor da mesa de comer e na lareira, a carón do lume; onde o noso ser as súas máis fondas raíces.

O labrego galego non pode guiar os seus animais de labranza con outras verbas que non sexan: "arreda", "acarón"; nin acariñoalos con outros alcumes que non digan "marelo", "brocos" ou "gallardo". Nin os mariñeiros nosos poden substituír "couce" e "amanexo", "ardentía" e "ronsel", "choupa" ou "agola", por outras verbas que crebarían os azos do seu traballo.

Nin os amantes galegos poderían definir a sutil galanura, a lixeirza do amor; noutras verbas que non sexan as deste primoroso madrigal:

*'O amor que a min me leve
ha de ter a man lixeira;
ha de coller unha rosa,
sen abalar a roseira'.*

O orador a medida que vai expondo o seu pensamento acerca do tema, recita as letras de cantigas populares, referentes aos traballos da terra, aos oficios e artesanías, e ao andar polos camiños do mar e do mundo; cantiga de partida, de lonxanía e de retorno. Refírese despois aos diversos matices do Idioma Galego, dende a delicada tenrura de Noriega Varela, cantándolle ás miudiñas cousas da paisaxe, deica a invitación ao esforzo, de Pondal: *'Cantalles cantos ousados que esforzado o peito fan'.*

Lamenta enseguida que o Idioma Galego non fose igualmente cultivado na oración, por mor dun clero, máis avencellado aos intereses materiais dun Estado alleo a Galiza, que ao entrañábel ser espiritual galego. E como exempla de como podería rezarse en galego, recita 'Ladaíña anterga', en versión de Cabanillas, que remata así:

*'Raiña dos ventos fermosa
e garrida,
na hora da morte dános
nova vida'.*



Remata Suárez Picallo a súa fermosa desertación, expresando a dor que sente:

"...porque este noso Idioma prócer non deixe ouvir os seus doces acentos nas escolas, nas universidades e nos templos da súa Patria nativa; mais sente ledicia tamén pola homenaxe que hoxe se lle tributa, na máis esgrevia casa de estudos humanísticos da América Latina; na cidade de Bos Aires que, polo número de galegos que habitan nela, é máis grande cidade galega do mundo" (Nas conclusións do Primeiro Congreso da Emigración Galega).

Rematado o Congreso, Picallo ten que organizar a súa nova vida en Bos Aires. Coa axuda de Eduardo Blanco Amor retoma o seu labor xornalístico, traballando para *El Mundo e Noticias Gráficas*. A pesar disto a súa saúde deteriorada irá impedindo unha regularidade laboral que o arrastra a unha situación económica insostíbel.

A maioría do seu tempo adicarallo a potenciar o funcionamento do Consello de Galiza onde exerce a responsabilidade da súa política exterior.

Esta imposibilidade de contar cun traballo regular que lle garanta as mínimas necesidades pono nunha situación de dependencia económica dalgúns sectores conservadores da colectividade, algo semellante ao que lle ocorrera a Castelao coa perda da visión. Pouco a pouco Picallo vai sentindo a súa falla de autonomía e con isto a falla do respecto de antano.

María Casares en Bos Aires

A visita en 1957 da sobranceira actriz galega María Casares, que triunfaba en Francia e era filla do fundador da ORGA Casares Quiroga, suscitou unha gran repercusión na Arxentina e na colectividade galega. María Casares foi homenaxeada en varias oportunidades por distintas entidades galegas. O Consello de Galiza recibiu oficialmente, participando do encontro Picallo, Alonso Ríos e Elpidio Villaverde. Os tres eran os únicos deputados galegos que mantiñan a legalidade e continuidade da vontade democrática das derradeiras eleccións do 36. Posteriormente do encontro protocolar, o Consello de Galiza tributoulle unha homenaxe popular, onde foi Ramón Suárez Picallo o encargado de lle dar a benvida. Entre as pasaxes máis importantes do seu discurso dixo:

"Para ti, María Casares, nosa irmá en Galiza e no amor á Liberdade, en homenaxe a ti, en sinal de admiración por ti, tendeuse esta mesa. As persoas que a rodean, donas e cabaleiros, pertencen a esa Galiza ideal que é Bos Aires con trescentos mil galegos. Traballan todos e todas a prol das súas máis diversas institucións representativas, é dicir, traballan por Galiza e pola súa elevación cultural e espiritual, tamén por conseguir a súa liberdade (...). A pesar da significación e da



resonancia histórica do teu apelido na historia derradeira de Galiza, que nós valoramos este homaxe é soamente para ti, María Casares, artista xenial na nobre arte teatral, instrumento precioso de cultura e de emoción populares (...) Así como vemos, continuidade doutras grandes mulleres nosas; a misericordia de Concepción Arenal, o lirismo de Rosalía, o senso crítico de Condesa e o valor heroico e arriscado da nosa veciña María Pita; valores femininos da nosa Galiza matriarcal e maternal; e Terra de grande mulleres, irmás destacadas da comunidade de heroínas, humildes, sufridas e valorosas, que traballan a terra, crían ben os seus fillos, e, despois, rezan por eles cando andan os camiños do mundo. De todas elas es ti parigual, porque es hoxe a galega do mundo...".

Malia as dificultades Ramón non baixaba a garda. O ideal por unha Galiza liberada dáballe novos impulsos para vencer a depresión que o sometía a achagues constantes. Durante ese último ano, o 8 de novembro participou no Teatro da Federación de Sociedades Galegas dun multitudinario acto de lembranza da Defensa de Madrid. Entre os oradores que o acompañaban, estaban o representante do Goberno español no exilio Claudio Sánchez Albornoz, o xornalista Mariano Perla e o Xeneral Martínez Monje. O xornal nacionalista Opinión Gallega dixo na súa crónica do acto:

"... Aínda que todos os oradores expresaron con elocuencia os seus puntos de vista dende os diferentes ángulos dos que enfocaron a efemérides recordada, estivo excepcionalmente fervoroso, brillante o Dr. Ramón Suárez Picallo na súa evocación do Madrid de antes, durante e despois da súa heroica loita contra as hordas totalitarias que o atacaron.

O Madrid popular, gracioso, elegante, alegre, rebuldeiro, despreocupado, pero que, chegada a ocasión, soubo erguerse con postura de coloso para defender o seu dereito á vida e á liberdade!

O Dr. Suárez Picallo interrompido frecuentemente no transcurso da súa disertación polo aplauso dos presentes, recibiu unha verdadeira ovación ao finalizar esta, sendo cordialmente felicitado, o mesmo que os demais oradores...".

A fins de 1957 a Sociedade "Unidos de Sada", que agrupaba os veciños de Picallo, organiza un banquete en homenaxe á súa persoa. Centenares de amigos da súa comarca, como así tamén dirixentes de toda a colectividade galega, déronse cita para tributarlle unha merecida homenaxe. Durante a sobremesa, o Presidente da sociedade "Unidos de Sada", Cándido Fernández, expresou o orgullo que senten os fillos de Sada de que Suárez Picallo sexa sadense coma eles. A seguir, fixo unha emocionada lembranza para o seu irmán Xoán Antón Suárez Picallo, mártir das liberdades de Galiza, asasinado polo falanxismo.



Rematou o señor Fernández, facéndolle entrega ao doutor Suárez Picallo dun artístico pergamiño e unha medalla de ouro. Posteriormente falou Francisco Pazos en representación dos veciños de Oleiros, para rematar o acto o propio homenaxeado.

Xa por aqueles anos gobernaba a Arxentina o seu amigo Arturo Frondizi. Co apoio dos votos dos peronistas e da esquerda logra ilusionar a maioría dos arxentinos con distintas promesas de reforma agraria e industrial, que nunca se cumpriron.

Era a época da guerra fría e o réxime de Franco lonxe de caer por illamento ou presión internacional comeza a súa consolidación económica. O Partido Comunista español liderado por Santiago Carrillo abandona a loita armada e dá en falar de "reconciliación nacional", mentres que os galeguistas do interior, encabezados por Ramón Piñeiro, abandonan a loita política, desbotando calquera intento de reorganizar o Partido Galeguista.

Entre mentres, Picallo deposita a súa confianza na presión dos países democráticos europeos e en especial no papel protagónico dos EEUU para cambiar a situación de España. Coidaba que o poder norteamericano podía terciar ante Franco e impoñer un proceso de democratización.

O sector máis galeguista da colectividade convoca o 27 de xuño de 1958 un acto en conmemoración do aniversario do plebiscito do Estatuto Galego. Participaron nel o Centro Betanzos, o de Corcubión; a Federación de Sociedades Galegas e mais a Irmandade Galega. No transcurso da conmemoración realizada no Teatro da Federación fixo uso da palabra Conles Tizado pola xuventude, María Olga Ares pola muller, o escritor Alberto Vilanova e pechou a lista de oradores Ramón Suárez Picallo.

Neste último ano o comité local de Galeuzca en Bos Aires convocou un acto conxunto o 14 de xullo, baixo o lema de "Reafirmación dos Dereitos Nacionais". O acto tivo lugar no Teatro "Presidente Alvear" e principiou con danzas tradicionais e himnos das tres nacións, para rematar cos discursos de Juan Rocamora por Catalunya, Pablo de Archanco por Euscadi e Ramón Suárez Picallo por Galiza.

As últimas batallas de Picallo

A pesar da forte personalidade de Antón Alonso Ríos, Ramón Suárez Picallo tomará as rendas políticas do Consello de Galiza dirixindo directamente as relacións internacionais, que eran o aspecto máis importante do accionar político.

A distancia xeográfica de Bos Aires en relación aos lugares onde se decidían os acontecementos do Estado español, facía moi difícil este



labor. As políticas de negociacións pasaban por México ou París. Mentres, as forzas políticas do exilio de ámbito estatal creaban distintas alianzas ou frentes políticas antifranquistas.

Entre os exiliados galegos residentes en París estaba o republicano coruñés César Alvajar Diéguez, quen enviou en distintas oportunidades ao Consello de Galiza a proposta de nomear un delegado do Consello en París, co obxectivo de incorporar a presenza galega nas institucións unitarias de resistencia e difundir o pensamento deste organismo galego. As dificultades coas que topaban eran o illamento do Consello, a incompreensión das forzas estatais españolas e a inexistencia dun partido político galego, xa que as Irmandades Galegas creadas despois da decisión de Castelao de disolver o Partido Galeguista non eran un partido senón un movemento patriótico onde cabían as distintas forzas de carácter galego. Castelao dicía que en tempos en que non había eleccións non era necesario un partido político. Malia estes argumentos, as outras forzas esixían un interlocutor político para a integración no "Pacto de París" de onde saíu a Unión de Forzas Democráticas, e no Consello Federal Español do Movemento Europeo.

Nas deliberacións do Congreso da Emigración Galega debateuse a proposta de Alvajar, a cal pola súa transcendencia foi remitida ao Consello de Galiza, que autorizou a Picallo para que fornecese os medios para concretarlá. En distintas cartas entrambos os coruñeses, Picallo argumentou que había que desestimar a posibilidade de que o delegado fose de América ou do interior de Galiza, de aí que a proposta de todos os membros do Consello de Galiza foi que fose o propio Alvajar o delegado en Europa. Neste debate epistolar diralle Picallo en relación á posibilidade de que fose un representante do interior de Galiza:

"Agora, o problema é o da persoa que ostentaría a dita representación. Non coído que poida ir de Galiza por dúas razóns: 1ª.- Porque o noso grupo de Galiza está traballando marabillosamente na orde intelectual e cultural; pero no que se refire á política están un pouco na lúa; non aemiten "nin isto nin aquilo", e agardan a velas vir, nunha actitude case que de nihilismo político; e nós necesitamos xentes con actitudes afirmativas e positivas, políticamente falando".

O 28 de febreiro de 1958 coas sinaturas de Suárez Picallo, Alonso Ríos e Elpidio Villaverde asínase a acta do Consello de Galiza onde se crea a representación galega en París e se nomea delegado a César Alvajar. A súa misión era representar a Galiza ante o goberno republicano e os gobernos no exilio de Euscadi e Catalunya. A propia acta sinala:

"O Consello prégallo á Irmandade Galega que, no seu carácter de entidade especificamente política e patriótica, dos galegos, no exilio,



lle conceda ao devandito D. César Alvajar tamen a súa representación, ante os partidos políticos, organizacións sindicais no mesmo senso desde París".

As dificultades impostas polos socialistas en aceptar a representación de Galiza no Pacto de París fixo que Picallo e Alvajar cambiasen de táctica deixando temporalmente de presionar e centraron os esforzos en ingresar no Consello Federal Español do Movemento Europeo que a fins de 1958 presidía Salvador de Madariaga.

Coa renuncia de Félix Gordón Ordás, o Presidente da República Martínez Barrios nomeou o Xeneral Emilio Herrera Presidente do Goberno. A política exterior de Picallo e o eficiente labor de Alvajar comezan a dar os resultados que imperiosamente Galiza necesita. Coa conformación do novo equipo de goberno é nomeado Jesús Canabal como Ministro Plenipotenciario do Goberno da República para toda a América do Sur. Jesús Canabal era un destacado empresario galeguista que residía no Uruguai; o seu vínculo directo co Consello de Galiza e a súa pertenza á masonería, á cal pertencían Martínez Barrios e o propio Alvajar, facilitaron este nomeamento.

A representación galega foi aceptada definitivamente no Consello Federal Español do Movemento Europeo, nunha reunión a mediados do mes de xullo, presidida por Rodolfo Llopis, coa asistencia de Julián Gorkin, independente; Martínez Parera, do PSOE; Pascual Tomás, da UGT; Irujo e Landáburu, do PNV; Maldonado, de ARDE; un galego e un catalán do interior e Javier Alvajar (fillo de César Alvajar) en representación das Irmandades Galegas.

Posteriormente a través dunha xestión realizada por José Maldonado, presidente de Acción Republicana Democrática Española (ARDE), xestionouse a entrada con plenos dereitos na Unión de Forzas Democráticas Españolas.

O 1 de xaneiro de 1962 morre de súpeto en París o Presidente da República Española no exilio, Diego Martínez Barrio. Inmediatamente asume o seu Primeiro Vicepresidente das Cortes Republicanas, Luis Jiménez de Asúa. O novo Presidente encarga a Claudio Sánchez Albornoz a tarefa de formar un novo goberno. Con estas designaciones noméase un goberno inconsulto, carente de vocación autonomista que levaría o goberno republicano ao fracaso e á súa posterior desaparición.

Centro Lucense

Entre mentres, Picallo desenvolve un intenso labor de política internacional, á fronte do Consello de Galiza.



En 1959 fíxose cargo da Cátedra de Cultura Galega do Centro Lucense de Bos Aires. Neste Centro impartiu as seguintes conferencias: "Os antecedentes históricos do sentido federal e autonomista de Galiza", "O sentido colectivista e cooperativista na vida comunal galega", "A democracia galega" e "A parroquia rural como herdeira da tribo celta e o clan colectivista".

Na súa última etapa, colaborou con distintos xornais da colectividade de galega; entre eles dirixiu *Lugo*, voceiro do Centro Lucense, e colaborou con *Opinión Gallega* de carácter nacionalista, dirixido por Rodolfo Prada.

Nesta época aprofundará o seu achegamento co Partido Socialista dese país, participando como colaborador do seu xornal *La Vanguardia*. A súa vella amizade con Americo Ghioldi e Pérez Leirós achegarano aos sectores máis socialdemócratas e antiperonistas deste partido. Despois de 1960 esta formación política divídese a consecuencia da revolución cubana. Dous bandos irreconciliábeis dan as bases para a creación do Partido Socialista Democrático e o Partido Socialista Arxentino. A maioría dos militantes do ex Partido Galeguista, entre eles Manuel Puente, Prada, Alonso Ríos e Picallo, simpatizan co sector centrista do socialismo arxentino. Outra das características deste sector era o seu furibundo anticomunismo. Como podemos lembrar Picallo despois da guerra civil e a través da súa experiencia negativa co Partido Comunista de España, transitará unha etapa de gran distanciamento coas concepcións totalitarias dos comunistas de formación estalinista. Esta posición de Picallo non significou unha claudicación ideolóxica na súa formación socialista non dogmática; polo contra, mantivo sempre unha irreprochábel conduta progresista cara á política arxentina como en relación a súa firme posición antifranquista.

A pesar de que a saúde non o acompañaba, Picallo seguía participando activamente de toda iniciativa política ou cultural onde contasen con el. É así como o 11 de xaneiro de 1959 participa xunto a Alonso Ríos e Elpidio Villaverde, como convidados de honra, da Conferencia das Irmandades Galegas. Un día despois, impartiu unha conferencia sobre Alfredo Brañas, no Centro Galego de Bos Aires. Esta foi parte dunha serie de conferencias que un conxunto de sociedades tiñan programadas para lembrar a figura do egrexio rexionalista galego.

Otero Pedrayo visita Bos Aires

En 1959 chega Ramón Otero Pedrayo, unha das figuras culturais máis importantes que tivo Galiza neste século. O Centro Galego foi o organizador das xornadas patrióticas, sendo Picallo o encargado, o 15



de agosto, de realizar o discurso de despedida de quen fora o seu compañeiro de partido e de banca nas Cortes Españolas.

A chegada de Otero serviu tamén para constatar directamente cal era a situación interna da España franquista e en que disposición estaban as forzas da oposición e do galeguismo que permanecían no interior.

O 11 de xullo de 1960, participou da renovación do Consello de Galiza, onde se decidiu ampliar o número de integrantes, nomeando ao mesmo tempo representantes no exterior. Nese ano o coro galego "Brétemas e Raiolas" organizalle unha homenaxe, nomeándoo Presidente Honorario. No 1961 viaxou a Rosario, capital da provincia de Santa Fe, onde ditou dúas conferencias: "Semblanza espiritual: Historia e xeografía de Galiza" e "As Españas plurais como elemento de grandeza espiritual e historia da Península Ibérica".

Picallo durante os seus últimos anos intentou difundir a historia, a xeografía e os costumes de Galiza; é así que un 25 de xullo disertou sobre "O quiñón do naufrago: e a vida dos mariñeiros galegos", como así tamén abordará distintas temáticas inclusive as xurídicas: "Galiza, terra de xuristas: Dereito consuetudinario, dereito romano, dereito xermánico, dereito canónico, dereito de amparo e asilo", e disertou sobre os máis destacados xuristas galegos: Manuel Casás Fernández, Emilio González López, Eugenio Monteros Ríos, Casares Gil e Concepción Arenal. Deu, así mesmo, conferencias como as tituladas: "Galiza, terra de médicos e sanadores de corpos e almas", "Galiza, país de terra e mar, de labregos, navegantes e mareantes".

Na súa última etapa de Bos Aires, Picallo, irá modificando o seu carácter. A súa enfermidade crónica, a soidade e depresións continuas levarano a un estado anímico de moita irritabilidade. Os que o frecuentaban comentan que decote se amosaba agresivo cando se pretendía emendalo, corrixir as súas aseveracións ou interrompelo cando falaba. Cóntase que nunha ocasión o dono dun negocio tivo a ousadía de lle levar a contra e Picallo respondeu a berros: "*¡Calarvos, burgués incul-to, indocto e indocumentado!*".

A doenza que padecía Don Ramón –como lle chamaban Bos Aires– era a diabetes, a cal lle producía unha tremenda e intolerábel sede.

Maxistral curso de xornalismo

En 1961 comezou o seu primeiro curso de xornalismo, organizado polo Centro Lucense, e que continuou impartindo ata 1962. Cada clase de Picallo, fronte a un público interesado en escoitar a un xornalista con moito oficio, convertíase nunha verdadeira clase maxistral.



Conta un dos alumnos deste curso, Juan Carlos Loyola:

"No primeiro cursiño de xornalismo que Don Ramón ditou, un novo alumno atreveuse a formular reparos a certa prensa que o mestre gababa, estendéndose en disquisicións que levaron o profesor a pensar que aquelas respondían máis a certa tesitura política non moi ben dixerida pero si emulada. Na seguinte clase de ex profeso fixo que pasase á fronte para que falase de Carlos Marx. Ao non obter resposta, tras insistir repetidamente, fixo que voltase ao seu banco, dicíndolle: Escoite vostede, agora, mociño; eu vou dicirle quen era Marx... E deunos, de seguida, unha magnífica lección..."

Un dos conferenciantes convidados, o poeta arxentino Víctor Luis Molinari, impresionado polo nivel do curso, redactou unha "Carta aberta" destinada a Picallo na que dicía:

"Querido Suárez Picallo: neste papel subtraído nunha redacción porteña escribille para dicirle que asistín a varias das súas maxistrais clases de xornalismo e eu que teño corenta anos de profesión, non puíden menos que sentirme admirado do seu profundo coñecemento nun mester tan arduo e tan difícil. Había tempo que en Bos Aires non se ditaba un curso tan exhaustivo como o seu. Todo o cal é un eloxio grande para min que son arxentino e ademais porteño, e que o sigo dende hai anos con singular interese. Hai pouco nun dos números de Lugo vostede intercalou, displicentemente, catro notas necronolóxicas sobre outros tantos dos noso ilustres. Eles eran: Francisco Asorey, Julián Bautista, Ernest Hemingway e o noso Enrique Larreta. Eu mesmo puíden presenciar, circunstancialmente, como vostede "fabricou" eses artigos a plena inspiración, sen documentación previa, nun enviñón emocional que certifica o seu oficio e o seu duende; porque o un non trae sempre o outro. Só os que estivemos a andara, e andamos, polo chumbo ardente das redaccións, sabemos dese milagre creador contra o minuteiro implacábel..."

Na festa de fin de curso, tocaralle a Molinari ler un discurso de clausura, que tempo despois será editado dentro dun libro chamado El Rumbo en la Estrella. Nunha parte del dirá:

"...Non é aventurado pois nin imprevisíbel que entre os mozos que hoxe retiran o seu diploma, poida que estea o próximo director de Lugo, cando os anos marquen, inexorablemente, a rotación dos homes e das ideas.

¡Pero quen poderá esquecer os momentos vividos neste cursiño excepcional! Nunca na miña cidade se ditaron clases tan maxistrais. Haberíaa máis prácticas, máis artesás –en parte aquí non se tiñan os elementos– pero nunca se falara con tal ponderación verbal e con



senso tan cabal da profesión. Profesión que implica unha vocación para non transformala nun traballo estéril de xuntar verbas á boa de Deus. Que así andan algúns xornais feitos por profesionais e non por vocacionais. Suárez Picallo -mellor dito Don Ramón Suárez Picallo- burla falando, como quen non quere, foi dando toda unha lección de ética xornalística. Inculcándolles aos seus alumnos, dende a primeira lección, a sacrosanta dignidade de escribir para o ben. En busca da solución das grandes eivas da cultura e da vida cotidiá... A forza vital deste curso de Suárez Picallo é que marcou a lume os grandes falabratos do xornalismo. Poñendo alertas aos seus alumnos para que non caian no xornalismo amarelo e facendo que vexan que detrás dos grandes rotativos que fan escapismo coa realidade, hai tamén outro xornalismo -hebdomadario ou quincenal- que trasfega suor con dignidade e busca elevar a súa puntería a contramán dos avisos publicitarios.

Por iso este curso foi importantísimo non só nos anais da institución, senón tamén nos anais da cultura arxentina...".

Labor cultural

Picallo, despois deste curso de xornalismo, continuou coas súas conferencias como as tituladas: "As pedras de Galiza", "O panorama actual da literatura galega", "Os Maios en Galiza" e "Lenda e sortilexio da noite de San Xoán en Galiza". En 1962, viaxa a Montevideo en representación do Consello de Galiza, xunto a Antón Alonso Ríos e Moisés da Presa, da Irmandade Galega. O motivo da viaxe será realizar unha homenaxe a Castelao no lugar onde se creara o Consello de Galiza. No transcurso da cerimonia descubriuse una placa de bronce, coa seguinte inscrición: 'Homenaxe do "Consello de Galiza" fundado polo mestre insigne neste sobrado da Casa de Galiza o día 15 de novembro de 1944. Montevideo, Outono de 1962'. Ao rematar o acto, as autoridades da Casa de Galicia, organizaron un xantar onde participaron 500 persoas. Á sobremesa, falou o Presidente desta institución, Ánxel Martínez Barros, e a seguir Ramón Suárez Picallo.

Ao voltar no "Barco de la Carreta", que cruzaba durante toda a noite o Río da Plata, Picallo lembrará a súa etapa de mariño mercante. Chamábanlle o "reposteiro poeta". Pola súa mente pasaban os seus compañeiros de travesía, os portos do interior da Arxentina, nos que cando pisaba terra aproveitaba para fundar algún que outro sindicato. ¡Que tempos aqueles! Agora víase un Picallo cada vez máis melancólico, que sabía que a súa vida ía esmorecendo.

Malia a soidade interior Picallo disfrutaba coa elaboración dos seus artigos e conferencias. Gustáballo difundir as cousas de Galiza, encantáballo



formar os máis novos e abraiar o público máis esixente. A súa voz, a pesar dos anos, seguía coa mesma forza que nos seus anos mozos.

En setembro de 1963, dá unha conferencia sobre "Os paxaros de Galiza", na cal explica ue en Galiza hai paxaros con lenda, como o chacos e o pinpín, que hai paxaros de namorar como o reiseñor e a calandra, paxaros con agoiro como a pega e curuxa, paxaros cantores como o pintasilgo e o pardal e paxaros fuxitivos como o paspallás. Para cada estado da alma, segundo Picallo, Galiza ten un paxaro.

Ese mesmo ano, o 14 de decembro, foi un dos oradores centrais do acto en que a emigración conmemorou o centenario da publicación do libro de Rosalía de Castro, Cantares Gallegos. Durante a homenaxe realizada no Centro Ourenán á poeta de Padrón, falará tamén Juan Cuatrecasas, delegado xeral da Presidencia da Generalitat de Catalunya, e Pedro de Basaldua, delegado do Goberno Vasco.

Picallo non paraba. Parecía que a actividade non lle facía lembrar tanta incompreensión e esquecemento. Mentres tanto, percorría as institucións galegas de Bos Aires, Mar de Plata, Montevideo e onde o chamasen.

Cando estaba só no seu cuarto, e antes de mirar cara a un infinito de lembranzas, facía un balance do seu traballo como escritor, que en definitiva foi a súa verdadeira profesión, a que máis quixo. É importante sinalar que Ramón escribiu nos xornais máis destacados da súa época, combinando este labor con outros xéneros, como o teatro, coa súa obra Marola. Tamén escribiu *Brétema*, *Armenteiro* e *Eisiliados*, ensaio de 1927; posteriormente editou un folleto sobre o Mariscal Pardo de Cela. No plano sindical escribiu un pequeno libro chamado *Cartas a un Obreiro*, do cal se editaron 10.000 exemplares.

Despedida

A saúde de Picallo comeza a deteriorarse durante os seus últimos anos pola enfermidade do esquecemento e a soidade. En distintas ocasións foi internado debido á súa doenza e ao abandono físico. Nunha de tantas destas ocasións en que ficou internado, operouno da vista o prestixioso oculista García Nocito. Poucos días antes da morte de Picallo relata Arturo Cuadrado:

"Funo visitar con Seoane, estaba na máis pobre habitación do último piso do Centro Galego. Falamos, recordamos, saíu o nome de seu irmán, quen fora un gran amigo meu e un gran patriota galeguista. Ao rematar a visita, Seoane preguntoulle: ¿Queres que che traíamos algo?. E el contestou. ¡Libros! , ¡traédeme libros! Que exemplo de home, deste gran amigo que se deixou morrer lembrando Galiza".



Na derradeira etapa de Picallo, un dos seus alumnos máis sobranceiros, Carlos Rodríguez Loyola, converteuse no seu secretario persoal. O propio Loyola foi quen o asistiu durante meses, acompañándoo día e noite, na sala que tiña destinada no Centro Gallego. Loyola conta aspectos da vida de Picallo:

"Non deixou bens materiais. Non tivo conta bancaria. E, como el mesmo repetía cada vez que se sentía alcanzado por alusións dos que pensan que o que importa é o vil metal, o departamento coqueto, e o bote insolente, tiña sempre a man esta fermosa e santa sentenza, chea de sabedoría: O que tiven perdino. O que perdín non o teño. Só teño o que dei".

Segundo manifesta Maximino Brocos (Luís Seoane) en A Nosa Terra, de marzo de 1965:

"Todo canto tiña Picallo, logo de ter sido un brillante deputado das Constituíntes, collía na bolsa de viaxe que a usanza mariñeira traía e levaba consigo de Madrid á Coruña, a Santiago, onde quixera que as obrigas políticas o reclamaban".

Nunha carta ó Centro Galego pouco antes da súa morte, Picallo relatará a súa tremenda soidade:

"Comprenderá Vd., señor presidente, canto significan para min estas atencións. Eu non teño fogar nin familia propia, e a miña vida, que está a chegar á súa fin, desenvólvese na máis tristeza e soidade (...) eu non estou en condicións de retribuír nada, pero se algo aínda pode facer será sempre para seguir a liña que orientou toda a miña vida: servir a Galiza, a nosa patria; e ás institucións que a representan no mundo, coa máis alta xerarquía; entre as cales está, en primeirísimo lugar, ese benemérito Centro Galego de Bos Aires, a nosa sede, o noso refuxio para achar intres de paz e sosego mentres chega a hora de dicir: 'O meu traballo rematou'".

O derradeiro adeus

Ramón Suárez Picallo falecía no Sanatorio do Centro Galego, por mor dun paro cardíaco, o 14 de outubro de 1964, ás 13 horas e 7 minutos. O seu corpo foi velado no Centro Coruñés e o enterro realizouse no pavillón do Centro Galego. Durante a despedida dos seus restos, falárono Valentín Fernández, polos catro centros provinciais; o Juan Rocamora, pola delegación da Generalitat de Catalunya; Pedro Balsaldúa, polo goberno vasco; Ramón de Valenzuela, pola Federación de Sociedades Galegas; Jesús Canabal, polos galegos de Uruguai e finalmente Antón Alonso Ríos, polo Consello de Galiza:



"A grande vocación de Suárez Picallo foi a oratoria, sentía a emoción da frase expresiva e harmónica, dita por el con persoal cadencia, e nun ton resoante e baril. Frases e periodos xurdían dos seus beizos, quentes, ategados de paixón; mais non por iso, fallos de orde e de ritmo; senón, pola contra, respondendo a un plan metódico e axeitadamente acordado ao tema e á tónica requirida polo intre". (A Nosa Terra, marzo de 1965)

Blanco Amor escribiu na revista Galicia, do Centro Galego:

"Poucas figuras entre a inmensa expatriada en todos os tempos e países, simbolizaron de xeito tan enternecedor e consecuente a súa activa fidelidade á terra natal como a do gran loitador e entrañábel amigo – amigo de todos – que acaba de deixarnos. Dende a impetuosi-dade do seu espíritu esclarecedor e reivindicativo, ata a súa mesma envoltura física, Suárez Picallo reflectía a figura e o xenio do emigrante arrincado do terrón e, porén, unido a el polos lazos esenciais, case consanguíneos, de continuidade, de lucidez e de amor. Tras a aparente tosquidade do antigo labrego de Veloi e do rapaz de a bordo das heroicas traíñas de Sada, Ramón Suárez Picallo acobillaba unha alma transida de tenrura e de enerxía, identificada ao ser mesmo de Galiza polas máis delicadas e vibrantes fibras do sentimento poético e da emoción persoal. En milleiros de artigos e de discursos de oratoria única, na que se meseturaba, coa naturalidade máis directa e entusiasta, os elementos do saber e do sentir galegos, queda acuñado na letra ou tremendo na memoria das xentes, o rastro dunha existencia, quizais sen paralelo, nesa historia da confianza e da dor, que é a vida dos quen, lonxe do medio natural, logran compensar e transmutar no seu corazón o negativo e postrador do sentimento saudoso e convertelo na fonte inesgotábel de incitación e dinamismo en ben dunha patria cuxo contacto e desfrute lles foron negados e cuxa lonxanía foi, día a día, sentida como unha desesperada e sangrante amputación".

Luis Seoane, que formou parte con Picallo da á de esquerda do nacionalismo galego, escribiu un artigo para o programa de radio "Galicia Emigrante":

"Os mozos sabíamos o que significaban para Galiza esta xente de máis idade, e, no caso de Picallo, atopábamnos nel o guieiro capaz de xunguir aos intereses políticos de Galiza unha inquietude social que nos intereba parellamente. Picallo non recudía ao pasado para atopar os fundamentos da personalidade de Galiza, para el o problema galego non era un problema que tivese necesidade de encetarse na historia, o seu único apoio firme era a actualidade galega, a súa diferenciación actual, e o problema máis urxente o da reivindicación económica e social de seu pobo. Por iso a súa linguaxe ten sido a mellor comprendida dos



labregos, obreiros e mariñeiros galegos nos actos que se organizaban nos que participaban as máis ilustres personalidades intelectuais de Galiza. A súa vantaxe sobre os outros oradores foi sempre a súa longa militancia sindical en Bos Aires, o seu "extremismo" militante dos anos mozos.

Tan exelente xornalista coma orador, non esqueceu endexamais nas súas intervencións públicas, na prensa, no Congreso ou no mitin, a súa orixe traballadora, e os problemas que plantexaban os labregos e pescadores tiñan de ser na súa solución a pedra fundamental sobre da que se erguese a Galiza futura. A saudade arqueolóxica e fidalga duns poucos opoñíase á realidade da Galiza viva, da Galiza que se debate na semimiseria e en dificultades económicas producidas, en grande parte, por un centralismo anacrónico, e noutra, non menos importante, por unha herdanza de costumes seculares paralisantes para o desenvolvemento social e que obriga, tradicionalmente, a emigrar en masa. Suárez Picallo coñecía pola súa vida, os problemas do noso pobo galego e a súa linguaxe resultaba unha das poucas intelixíbeis para a maioría. Nado nun fogar de labregos e pescadores, o porvir de Galiza non tiña para el senso se non atacase os males sociais que apodrecen, xunto con problemas culturais e políticos que plantexa a súa diferenza (...) Suárez Picallo, que viviu decote coma un mariñeiro, sen máis propiedades que unha bolsa de viaxe na que levou a Galiza e o seu pobo para sempre no corazón. Para moitos de nós terá de ser sempre, Picallo, desaxeitado, bohemio, unha das máis grandes e xenerosas figuras da Galiza do noso tempo".



DATAS CRONOLÓXICAS

- 1894** 4 de novembro. Nace en Sada Ramón Suárez Picallo.
- 1912** Emigra a Bos Aires.
- 1916** 1 de maio. Primeiro artigo en Adiante, xornal vencellado ao socialismo.
- 1917** Estoupa a Revolución Rusa. Participa no III Congreso Extraordinario do Partido Socialista. Funda o Sindicato de Comercio.
- 1918** 5-6 xaneiro. Participa na Fundación do Partido Socialista Internacional. Foi candidato a concelleiro pola Capital Federal.
- 1920** O Partido Socialista Internacional pásase a chamar Partido Comunista Arxentino.
- 1921** 24 de setembro. Fundación da Federación das Sociedades Galegas.
- 1924** Foi un dos oradores principais do funeral civil na memoria de Lenin. Participou como orador do acto do 1 de Maio organizado por Unión Sindical Arxentina. 30 setembro, sae o primeiro número da revista Céltiga, da que foi co-director.
- 1925** 18 agosto. Estrea en Bos Aires a súa obra teatral Marola.
- 1926** Viaxa a Europa. É nomeado secretario de redacción do Correo de Galicia. 21 de agosto. Conferencia no Círculo de Artesáns da Coruña. 22 de setembro. Retorna a Bos Aires.
- 1927** 23 de novembro. Reconstrución da Federación Obreira Marítima.
- 1928** 28 de febreiro. Expulsión de Suárez Picallo e Blanco Amor da Federación de Sociedades Galegas. Visita de Francesc Macià a Bos Aires.
- 1929** Ruptura en dúas organizacións da Federación de Sociedades Galegas. Nace a Agrupación Artística Céltiga.
- 1930** En xuño participa da fundación en Bos Aires da Organización Republicana Galega Autónoma (ORGA). Traballa de bibliotecario no Clube Español.



1931 17 de maio. Parte de novo cara a Galiza. 5 xuño, asemblea republicana convocada pola Federación Republicana Galega na Coruña. 28 de xuño. É elixido deputado pola súa provincia. 14 de xullo, acredítase como deputado. 31 de xullo, homenaxe aos deputados galegos no Centro Galego de Madrid. 5 e 6 de decembro, fundación do Partido Galeguista.

1932 Edición en Bos Aires dun libro con discursos de Picallo. 11 de marzo. Inauguración do local do Centro Galego en Madrid.

1933 27 de maio. Autorízase a celebración do plebiscito en Galiza polo Estatuto de Autonomía. 25 Xullo. Fundación de "Galeuzca" en Compostela.

1934 Picallo detido e encarcerado en Santiago. IV Asemblea do Partido Galeguista. Obtén a licenciatura en dereito.

1935 Funda a revista Ser. É nomeado director de A Nosa Terra.

1936 25 de xaneiro. II Asemblea Extraordinaria do Partido Galeguista. 16 de febreiro. Gaña as eleccións a Frente Popular. 19 de febreiro. Manifestacións polas irregularidades detectadas nas eleccións. 28 de xuño. Celébrase o plebiscito polo Estatuto. 15 de xullo. Leva a Madrid o Estatuto para ser aprobado na Cortes. 18 de xullo. Comeza a Guerra Civil. 1 de outubro. Apróbase o Estatuto de Euscadi. Morte de Antón Vilar Ponte.

1937 5 de abril. Sae o primeiro boletín de Nova Galicia. 1 de outubro. Convócanse por primeira vez as Cortes fóra de Madrid.

1938 1 de febreiro. Debate do Estatuto de Autonomía nas Cortes. É elixido Secretario xeral do Partido Galeguista. Participa nas Cortes do Mosteiro.

1939 En xaneiro Picallo parte a Francia en condición de refuxiado. En marzo chega a Nova York. Remata a Guerra Civil. En xullo vai á República Dominicana.

1940 Director do xornal La Nación. En setembro foxe de Santo Domingo a Chile.

1942 Escribe un libro, non editado, sobre a situación dos refuxiados españois na República Dominicana.

1944 17 de outubro. Reaparece Galeuzca no exilio. 15 de novembro.



Fúndase en Montevideo o Consello de Galiza. 31 de novembro, homenaxe de Galeuzca a Suárez Picallo en Chile.

1945 25 de outubro. Realízase en Catalunya unha reunión clandestina de Galeuzca. En agosto nace a revista Galeuzca. 3 de xuño. Picallo xunto con Serra Monet preside un acto de Galeuzca en Santiago de Chile. 7 de novembro. Participa das Cortes no exilio en México.

1946 28 de xuño, celébrase en Bos Aires o 10º Aniversario do Estatuto de Autonomía de Galiza.

1948 Reencontro con Blanco Amor en Chile.

1956 25 xullo, homenaxe a Castelao no Panteón do Centro Galego. 28 xullo, xantar no Pazo Galicia do Centro Lucense en conmemoración do Banquete do Conxo. 24-31 xullo, I Congreso da Emigración Galega en Bos Aires.

1957 María Casares é recibida polo Consello de Galiza en Bos Aires.

1959 Faise cargo da Cátedra de Cultura Galega do Centro Lucense de Bos Aires. Visita de Otero Pedrayo a Bos Aires.

1960 11 xullo, participa da renovación do Consello de Galiza.

1961 Comeza un curso de xornalismo organizado polo Centro Lucense.

1962 Viaxa a Montevideo en representación do Consello de Galiza nunha homenaxe a Castelao.

1964 14 de outubro, pasamento de Suárez Picallo no sanatorio do Centro Galego.



BIBLIOGRAFÍA

AABAD DE SANTILLÁN, DIEGO; *La Fora*, Ediciones Nervio, Bos Aires, 1933.

ABAD DE SANTILLÁN, DIEGO; *Memorias (1897-1936)*, Editorial Planeta, Barcelona, 1977.

ALONSO RIOS, ANTÓN; *O Señor Afranio*, Edicións A Nosa Terra, Vigo, 1996.

ÁLVAREZ, SANTIAGO; *Castelao y Nosotros los Comunistas*, Edicións do Castro, Sada, 1993.

ÁLVAREZ, SANTIAGO; *Osorio-Tafall*. Edicións do Castro, Sada, 1992.

ARMESTO, VICTORIA; *Los Hijos Cautivos de Breogán*. Edicións do Castro, Sada, 1986.

BAYER, OSVALDO; *La Patagonia Rebelde, Tomos I, II, III e IV*, Editorial Planeta, Bos Aires, 1992.

BAYER, OSVALDO; *Los Vengadores de la Patagonia Trágica, Tomos I, II, III e IV*, Editorial Galerna, Bos Aires, 1972.

BOTANA, NATALIO; *El Orden Conservador*, Editorial Hyspamérica, Bos Aires, 1986.

CORES TRANSMONTES, BALDOMERO; *Ramón Suárez Picallo, Socialismo, Galleguismo e Acción de Masas en Galicia*, Edicións do Castro, Sada, 1983.

CUPEIRO VÁZQUEZ, BIEITO; *A Galiza de Alén de Mar*, Edicións do Castro, Sada, 1989.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F.; *Ánxel Casal e o Libro Galego*, Edicións do Castro, Sada, 1983.

GODIO, JULIO; *El Movimiento Obrero Argentino* (Tomo I, II, e III), Editorial Legasa

GODIO, JULIO; *La Semana trágica*, Editorial Hyspamérica, Bos Aires, 1985.

GÓMEZ TOVAR, LUIS; *Utopías Libertarias Americanas*, Ediciones Tuerco, Madrid, 1991.

GÓMEZ, ALFREDO; *Anarquismo y Anarcosindicalismo en América Latina*, Editorial Ruedo Ibérico, Barcelona, 1980.



- GÓMEZ, ALFREDO; *Historia del Movimiento Social y la Clase Obrera Argentina*, Editorial A. Peña Lillo, Bos Aires, 1974.
- GONZÁLEZ LÓPEZ, EMILIO; *Castelao, Propagandista da República en Norteamérica*, Edición do Castro, Sada, 2000.
- GONZÁLEZ SANTIAGO, SENÉN; *Breve Historia del Sindicalismo Argentino*, Alzamor Editores, Bos Aires, 1974
- GRAN ENCICLOPEDIA GALEGA; *Editor Silveiro Cañada*, Santiago, 1974.
- ISCARO, RUBENS; *Historia del Movimiento Sindical, Tomo I e II*, Editorial Fundamentos, Bos Aires, 1973.
- LENCE, JOSÉ R.; *Memorias de un Periodista*, Centro Difusor del Libro, Bos Aires, 1940.
- LISTER, ENRIQUE; *Memorias de un Luchador*, G. del Toro Editor, Madrid, 1977.
- LÓPEZ TABOADA, XOSÉ ANTÓN; *Argentina: Destino da Emigración Española e Galega no Século XIX e primeira década do XX*, Unipro editorial, Vigo, 1993.
- LÓPEZ, ALFREDO; *Historia del Movimiento social y la Clase Obrera Argentina*, Editorial A. Peña Lillo, Bos Aires, 1974.
- LUNA, FÉLIX; Yrigoyen, Editorial Hyspamérica, Bos Aires, 1986.
- MAFUD, JULIO; *La Vida Obrera en la Argentina*, Editorial Proyección, Bos Aires, 1976.
- MAROTTA, SEBASTIÁN; *El movimiento Sindical Argentino*, Editorial Libera, Bos Aires, 1975.
- MARQUEQUI, DEDIER NORBERTO; *La Inmigración Española de Bases en Buenos Aires*, Centro Editor de América Latina, Bos Aires, 1993.
- NEIRA VILAS, XOSÉ; *Memorias da Emigración, Tomos I, II e III*, Edicións do Castro.
- ODDONE, JACINTO; *Gremialismo Proletario Argentino*, Editorial Libera, Bos Aires, 1975.
- OSPITAL, MARIA SILVIA; *Inmigración y Nacionalismo: la Liga Patriótica y la Asociación del Trabajo (1910 -1930)*, Editorial Centro Editor de América Latina, 1994.
- PALMAS, RICARDO; *A Emigración Galega na Arxentina*, Edicións do Castro, Sada, 1978.



PALMAS, RICARDO; *Castelao: Prosa do Exilio*. Patronato da Cultura Galega, Montevideo, 1976.

PAZ ANDRADE, VALENTÍN; *Castelao na Luz e na Sombra*. Edicións do Castro, Sada, 1982.

PÉREZ PRADO, ANTONIO; *Los Gallegos y Buenos Aires*, Ediciones La Bastilla, Bos Aires, 1973.

PUIGRÓS, RODOLFO; *Historia Crítica de los Partidos Políticos Argentinos*, Editorial Hypanamérica, Bos Aires, 1986.

RODRÍGUEZ CASTELAO, DANIEL; *Sempre en Galiza*, Edición As Burgas, Bos Aires, 1961.

RODRÍGUEZ DÍAZ, ROGELIO; *Historia del Centro Gallego*, Bos Aires, 1940.

RODRÍGUEZ, ELIXIO; *Matádeo Mañá*, Edicións Xerais, Vigo, 1994.

SAMUELLE, CRISTINA; *Conversas con Manuel Meilán*, Edicións Xerais, Vigo, 1993.

SIXIREI, CARLOS; *Alfredo Somoza*, Edicións do Castro, Sada, 1987.

TRONCOSO, OSCAR; *Fundadores del Gremialismo Obrero, Tomo I e II*. Centro Editor Américo Latina, Bos Aires, 1983.

VALLE DEL, JOSÉ MARÍA; *República Española en Exilio*, Ruedo Ibérico, Francia, 1976.

VILANOVA RODRÍGUEZ, ALBERTO; *Los Gallegos en la Argentina*. Ediciones Galicia, Bos Aires, 1966.



TESTEMUÑOS ORAIS RECOLLIDOS POLO AUTOR

- Cuadrado Moure, Arturo
- Grunfel, José
- Laxeiro
- López García, Carlos
- Martínez Castro, Xuan
- Moreda, Antón
- Palmás, Ricardo
- Rodríguez, Elixio
- Souto, Bernardo
- Villaverde, María Vitoria

CORRESPONDENCIA UTILIZADA

- Correspondencia Arquivo Alvajar (Consello de Galiza en París).
- Correspondencia do Arquivo da Federación de Sociedades Galegas (Arxentina).
- Cartas de Ramón Suárez Picallo a Blanco Amor (arquivo Blanco Amor).
- Cartas de Ramón Suárez Picallo a Francisco Regueira.

FONTES IMPRESAS PERIÓDICAS

- A Fouce*, Bos Aires, 1926-1936.
- A Nosa Terra*, 1907-1999.
- A Terra*, Revista do Centro Gallego de Avellaneda, 1931.
- Céltiga*, Bos Aires, 1924-1932.
- Correo de Galicia*, Bos Aires, 1909.
- El Pueblo Gallego*, Vigo, 1924-1936.
- Galicia Emigrante*, Bos Aires, 1954-1959.



Galicia, Federación de Sociedades Gallegas, Bos Aires, 1931-1987.

Galicia, Revista do Centro Gallego, Montevideo, 1927.

Galicia, Revista do Centro Galego, Bos Aires 1920-1999.

La Vanguardia, Voceiro do Socialismo Arxentino (Bos Aires).

Nova Galiza, Barcelona, 1937-1938.

O Irmandiño, Montevideo, 1934.

Opinión Gallega, Bos Aires.

Orientación Galega

Lugo, Órgano Centro Galego en Bos Aires.

Vida Gallega, Vigo, 1909-1936.

Vieiros, México 1959-1968.

BIBLIOTECAS E ARQUIVOS CONSULTADOS

- Arquivo familiar de Ramón Suárez Picallo.
- Arquivo da Emigración, Consello da Cultura Galega.
- Arquivo da Federación de Sociedades Galegas.
- Biblioteca do Concello de Betanzos.
- Biblioteca da Deputación de Pontevedra.
- Centro de Documentación da Emigración Galega da Confederación Intersindical Galega.
- Fundación Manuel Puente.
- Fundación Pablo Iglesias.
- Fundación Penzol.
- Real Academia Galega.





MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ASUNTOS SOCIALES

SECRETARÍA DE ESTADO DE
INMIGRACIÓN Y EMIGRACIÓN
DIRECCIÓN GENERAL DE
EMIGRACIÓN

Esta publicación se desarrolla dentro del Programa de ayudas para Proyectos e Investigación promovido por la Dirección General de Emigración, en aplicación de la Orden del Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales de 28 de marzo de 2007, BOE de 5 de abril.